

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 20 de marzo de 2006

SEÑORES/AS ASISTENTES:

D^a. Corina Porro Martínez
D. José Manuel Figueroa Vila
D^a. Lucia Molares Pérez
D. José Manuel Iglesias Carrera
D. Ignacio López-Chaves Castro.
D. Javier Jorge Guerra Fernández
D^a. Soledad Polo Lima
D. Carlos Comesaña Abalde
D. Antonio Coello Bufill
D^a. Marta Iglesias Bueno

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e dez minutos do día vinte de marzo de dous mil seis e baixo a presidencia da Excm. Alcaldesa, Sra. Porro Martínez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Molares Pérez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están presentes por invitación, o concelleiro Sr. Couto Pérez, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sr. Lorenzo Penela, e o interventor xeral, Sr. González Carnero.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(194).- PADRÓN FISCAL DO IMPOSTO SOBRE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA DO ANO 2006. EXPTE. 23807/511.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe do Servizo de Admón. de Tributos, do 15.03.06, conformado pola directora de Ingresos, o interventor xeral e a Excm. Alcaldesa, a Xunta de Goberno local acorda:

Aprobar o Padrón fiscal do imposto sobre vehículos de tracción mecánica do ano 2006, que comeza coa inscrición do vehículo matricula 0554-BBB e remata coa inscrición do vehículo matricula ZA-39752-VE, polo importe total de 12.761.263,14 euros (doce millóns setecentos sesenta e un mil douscentos sesenta e tres euros con vintedous céntimos), correspondentes a un total de 159.026 vehículos.

2(195).- PROPOSTA PARA O NOMEAMENTO DE VIGUESES/AS DISTINGUIDOS/AS 2006. EXPTE. 1150/103.

Visto o informe-proposta do xefe de Relacións Públicas e Protocolo, do 15.03.06, conformado pola Excm. Alcaldesa, a Xunta de Goberno local acorda conceder o galardón de VigueSES distinguidos do ano 2006 ás persoas e institucións que de seguido se relacionan:

1.-ASOCIACIÓN DE PERSOAS SORDAS DE VIGO

Entidade sen ánimo de lucro fundada en 1972 e rexida pola vontade dos seus afiliados. Adícase a prestar o seu apoio e medios á comunicación de persoas sordas con discapacidade auditora ou xordocegas e asemade a reivindicar o recoñecemento da lingua de signos española, evitando así a exclusión social. Actualmente conta con 243 socios e desenvolve as súas actividades principalmente na parroquia Pontevedra.

A AXV está domiciliada en Vigo na rúa Gregorio Espino, 38- Entrechán, e está rexistrada no Concello con número 11408.

A súa traxectoria permitiu a un importante número de persoas con esta capacidade traballar e integrarse na vida laboral, nun plano de igualdade, mediante o fomento da autonomía e independencia.

2.- ASOCIACIÓN ROSA DOS VENTOS.-

Creada no 1984 promovida polo apostolado do mar, adicouse a un traballo de defensa e respecto á dignidade da persoa do traballador do mar e a súa familia.

Orixinada nos portos de Baiona, La Guardia e Vigo, exténdese a un bó número de portos de Galicia, especialmente a partir da creación de Comisión de Mulleres de pescadores galegos, amosándose como importante temas como o peche do caladero de Namibia.

Na primeira convocatoria sobre seguridade e salvamento marítimo celebrada no ano 1990, deuse lectura ó seu máis importante documento que recollía os feitos, denuncias e reclamacións de todos os temas.

Entre os seus obxectivos cóntase o fomento e apoio e promoción dos traballadores do mar, organización e participación de accións encaminadas a esixir o respecto para os traballadores do mar, o incremento de relacións internacionais e o fomento da solidariedade en torno a defensa ae respecto das dignidade ó traballador do mar e a súa familia.

3.- CONSERVATORIO SUPERIOR DE MÚSECA DE VIGO.-

Foi creado por iniciativa do concelleiro e delegado de Cultura D. Manuel Dardo Estrada sendo Alcalde do Excmo. Concello de Vigo, D. Tomás Pérez Llorente, e foi inaugurado oficialmente o 26 de outubro de 1956; celebra por tanto, o seu 50 aniversario, acadando a validez académica oficial o 14 de xuño de 1957, como conservatorio a nivel elemental. Foi recoñecido como conservatorio de grao profesional o 6 de febreiro de 1975, chegando a Conservatorio Superior de música o 23 de marzo de 1984. Neste 50 anos de longa andadura convertiuse no principal referente musical da cidade, sendo considerado como o máis dinámico de Galicia, integrando no seu que facer un amplísimo abanico de disciplinas, e convertíndose, especialmente dende a súa ubicación no edificio da rúa Manuel Olivié, 23 na institución difusora da música por excelencia, contando, na súa traxectoria coa visita de personalidades, Teresa Berganza, Tomás Marco, Cristobal Halfter, Luis de Pablo, Orquesta Sinfónica de Galicia e un longísimo etc, que sería imposible de mentar axeitadamente.

4.- ESCOLA TÉCNICA SUPERIOR DE ENXEÑEIROS INDUSTRIAIS.-

Recollendo unha tradición da cidade de Vigo, xa que non podemos esquecer no ano 1886, a Escola de artes e oficios pode considerarse o primeiro antecedente, chamada posteriormente (1901) Escola de Artes e Industriais, esta institución, fundada en 1976, cumprindo polo tanto 30 anos na súa andaina e, o abeiro da Lei de reforma universitaria de 1983, que lle permitiu establecer as directrices dos seus plans de estudo, cobrou recoñecida fama por todo o estado español pola súa grande capacidade investigadora.

Nestes trinta anos a Escola técnica superior de enxeñeiros industriais da Universidade de Vigo veu pasar polas súas aulas varias xeracións de vigueses e galegos e tamén doutras rexións, atraídos sen dúbida pola boa traxectoria desta escola.

Actualmente estruturada en cinco anos, que pasarán a ser tres segundo os novos plans, conta con 2000 alumnos, coma unha das escolas máis solicitadas.

5.-INSTITUTO DE INVESTIGACIÓNS MARINAS.-

Pertencente ó Consello Superior de Investigacións Científicas creouse en 1951 como laboratorio costero dependente do Instituto de investigacións pesqueiras de Barcelona. Independiente desta institución dende 1978 toma o nome de Investigacións Pesqueiras dende 1986. Na súa historia máis recente, concretamente dende a inauguración da súa sede no edificio de Bouzas, destaca a experimentación en temas marinos e a investigación que realiza en torno a zooloxía, pesquerías, cultivos marinos, transformación e conservación de produtos marinos e impacto medio ambiental tratando de acadar a resposta máis axeitada á demanda de todos estes sectores.

Por medio dos departamentos de oceanografía, biotecnoloxía e acuicultura, tecnoloxía de alimentos, recursos e ecoloxía marina, desenvolveu ó longo dos máis de 50 anos as investigacións máis completas encaminadas a cubrir a demanda existente e a levar o nome de Vigo polo vieiro do mar.

6.- TALLER DE XOIEROS E ESMALTISTAS IRMÁNS HERNÁNDEZ,-

Osmundo e Eloy Hernández Calzada abriron o seu primeiro taller en Vigo, en 1922 na Porta de Sol. Foron coñecidos polos seus delicados traballos en esmalte, chegando a figurar na exposición internacional de Filadelfia de 1926 onde obtiveron a medalla de honor. Fillos Adoptivos de Vigo de 1927 incorporaron en 1956 a segunda xeración formada por Julián e Eloy que continuaron con esta tradición expoñendo na Universal de Bruselas na Rexional de Artesanía e outros galardóns o que acompaña a súa presenza en diversos museos.

En 1991 incorpórase a terceira xeración na persoa de Eloy Hernández Rollán mantendo a fermosura dos seu traballo nestes 85 anos de existencia no que produciron, trofeos, cuadros e xoias non só en esmalte senón en, metais preciosos figurando en coleccións de todo o mundo.

O actual director do taller, Eloy Hernández é membro do Padroado de Castrelos.

7.- SEGUNDO TRONCOSO.-

Nacido o 22 de xaneiro de 1922, exerceu inicialmente coma médico en marzo de 1946. Desenvolveu a súa actividade coma cirurxián no antigo Hospital Almirante Vierna , hoxe Hospital Xeral de Vigo.

Persoa de enorme adicación e moi emprendedor fundou a Clínica da Nosa Señora de Fátima inaugurada en 1963 e proxectada polo arquitecto Pérez Bellas.

En maio de 1976 constitúe, con varios empresarios e médicos da cidade a Sociedade Anónima "Centro Médico Galego S.A.", que continuará coa xestión da Clínica Fátima baixo á dirección de Julio González-Babé.

Persoa moi querida na cidade e verdadeiro exemplo para a profesión, foi proposto polo Colexio oficial de médicos para vigués distinguido para o 2002, si ben no foi elixido. Xeracións de vigueses pasaron pola súa experta consulta ata 1995 ano no que con 73 anos cumpridos cesou a súa actividade profesional coma cirurxián.

8.- ANTÓN PULIDO NOVOA.-

Nacido en Bóveda de Amoeiro en 1934, iniciou a súa traxectoria profesional combinando a súa traxectoria docente co artística que desenvolveu máis amplamente en Barcelona onde especializouse en pintura e grabado na facultade de Belas Artes de San Jordi. Pintor de paleta ampla iniciouse con representación de esceas rurais para evolucionar cara a un estilo expresionista de multiplicidade cromática.

Pintor de un realismo intimista chega a unha abstracción próxima a un informalismo. Home inqueda e influido polas humanidades, a filosofía e a música editou diversas carpetas de grabados e traballou, asemade, coma asesor da enciclopedia galega universal. Foi director xeral de Cultura da Xunta de Galicia, primeiro director do Centro Galego de Arte Contemporánea e vicepresidente do Instituto Galego de Artes Escénicas e Musicais.

9.- JUAN MANUEL GONZÁLEZ ALONSO.-

Nacido en Vigo, parroquia de San Pedro de Sárdoma iniciouse moi novo na arte da gaita galega a compañado polo seu veciño Enrique Fernández Cerveño e o irmán deste Luis, formando o trío “Airiños da Nogueira” (Vigués Disitinguido 1993). Posteriormente fundaría o coñecido grupo do Parque de Castrelos no que permanecería ata o día de hoxe nunha permanente actividade que o levou a Oriente Medio, Grecia, Italia, Cuba, etc.

Con este grupo “Airiños do Parque de Castrelos” acompañou á Escola Municipal de Danza dende a súa fundación, contribuíndo notablemente á difusión da música e danza tradicionais galegas.

Actualmente segue en activo e, mantendo a súa tradición, o seu neto David González comparte con él esta traxectoria musecal.

Por outro xeito cabe destacar o seu labor como impulsor doutras formacións musicais.

10.- MACAMEN BLANCO GRACIA.-

Nacida en Cariñana (Aragón) estudou farmacia en Madrid, sendo unha verdadeira interesada polas artes, literatura e a sociedade. Casada en Vigo, co coñecido arquitecto José Bar Boó foi farmaceútica do hospital municipal dende 1959 ata 1972. Activa militante na Xunta Democrática de Vigo, ocupou repetidas veces a Secretaría de Estudos e programas do PSdeG-PSOE.

Colaborou co grupo democrático de mulleres e promoveu a organización en 1975 do ano internacional da muller. Muller culta e activa é defensora a ultranza da cidade de Vigo á que considera cidade dinámica e progresista, industrial e intelectual que ela segue a defender. Deste xeito promoveu a 1ª Bienal de artistas galegas, coa intención de dar a coñecer o traballo de artistas esquecidas.

3(196).- CONVENIO MARCO DE COOPERACIÓN ENTRE A XUNTA DE GALIZA E O CONCELLO DE VIGO PARA A CONSTRUCCIÓN DO NOVO HOSPITAL DE VIGO E DOTACIÓN DAS SÚAS INFRAESTRUCTURAS. EXPTE. 1222/110.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o convenio marco de cooperación entre a Xunta de Galiza e o Concello de Vigo para a construción do novo hospital de Vigo e dotación das súas

infraestructuras, asinado pola Alcaldía en data de 7.03. 06, e o informe emitido polo secretario xeral do Pleno en data 9.03.06, a Xunta de Goberno Local acorda:

1º.- Aprobado nos seus propios termos o Convenio asinado que de seguido se transcribe.

2º.- Para o cumprimento do sinalado na cláusula quinta, a Xunta de Goberno Local deste Concello, na data na que se formalice a acta de recepción das obras do novo hospital, acordará o inicio do expediente de modificación da ordenanza fiscal do Imposto de Bens Inmóveis ó obxecto de que, previa a súa aprobación como proxecto por este órgano, sexa sometida á consideración do órgano municipal que a esa data sexa competente.

3º.- Remitir o presente acordo ás Consellerías de Sanidade, Política Territorial, Obras Públicas e Transporte e ó SERGAS.

CONVENIO MARCO DE COOPERACIÓN ENTRE A XUNTA DE GALICIA, A TRAVÉS DAS CONSELLERÍAS DE SANIDADE, A CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTES, O SERGAS E O CONCELLO DE VIGO, PARA A CONSTRUCCIÓN DO NOVO HOSPITAL DE VIGO E DOTACIÓN DAS SÚAS INFRAESTRUCTURAS.

Santiago de Compostela, 7 de marzo de 2006

REUNIDOS

Dunha parte, a Excm. Sra. Dª María José Rubio Vidal, Conselleira de Sanidade e Presidenta do Servizo Galego de Saúde, en virtude das facultades atribuídas polo artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta de Galicia e do seu presidente e no artigo 3 do Decreto 14/2005, do 3 de febreiro, polo que se establece a estrutura orgánica do Servizo Galego de Saúde,

E, a Excm. Sra. Dª Mª José Caride Estévez, Conselleira de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, en virtude das facultades atribuídas polo artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta de Galicia e do seu presidente e no artigo 3 do Decreto 519, do 6 de outubro de 2005 polo que se establece a estrutura orgánica da citada Consellería e de conformidade co establecido no acordo do Consello da Xunta de Galicia do 27 de marzo de 1991, publicado por Resolución da Consellería de Economía e Facenda de data 8 de abril de 1991 (DOG núm. 82, do 30 de abril).

E doutra, a Excm. Sra. Dª Corina Porro Martínez, Alcaldesa do Excmo. Concello de Vigo, coas atribucións que lle confire o artigo 21 da Lei 7/185, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local e no artigo 24 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local.

As partes que interveñen recoñécense capacidade legal para outorgar o presente convenio, e para isto

EXPOÑEN

I.- Que a Consellería de Sanidade, a través do Servizo Galego de Saúde, ten a intención de executar as obras de construción dun novo hospital na cidade de Vigo, que responde a un estudio integral das necesidades asistenciais, dos recursos existentes e das melloras que é preciso introducir a fin de mellorar a cobertura asistencial da poboación de referencia. Todo elo derivado do correspondente Plan funcional redactado pola propia Consellería de Sanidade e o Sergas.

II.- Aínda que tanto este equipamento sanitario, como os viais, terreos e servizos, serán contemplados no planeamento urbanístico do Concello de Vigo, pola súa propia natureza, estas actuacións necesitan ser acometidas ca maior premura posible, polo que, cómpre buscar unha solución que posibilite a súa execución, acudindo a figuras previstas na normativa vixente en materia de ordenación do territorio, que exceden do eido puramente urbanístico, xustificándose pola importancia e especiais características da prestación asistencial no ámbito de atención especializada, que transcende do ámbito municipal no que se localiza.

Polo que as partes asinantes, consideran que no presente caso procede tramitar un Proxecto Sectorial de Incidencia Supramunicipal para a construción do novo Hospital de Vigo e a dotación das correspondentes infraestruturas e servizos.

III.- Que as Consellerías de Sanidade, Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, o Sergas e o Concello de Vigo, consideran de vital importancia este proxecto, pola súa incidencia no interese público, e para isto, todas elas poñerán os medios necesarios para levalo a cabo coa maior urxencia posible.

IV.- As obras contempladas no proxecto sectorial non están suxeitas á licenza municipal tal e como se sinala na cláusula terceira do presente convenio, motivo polo que o Sergas financiará o custo da obtención do solo necesario para a construción do hospital, quedando ademais regulada unha exención a favor dos centros sanitarios públicos en relación ó imposto de bens inmobles, de conformidade co artigo 62.3 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

V.- Conscientes da dita necesidade as partes que interveñen acordan unir os seus esforzos para acadar o obxectivo sinalado. Por iso, e a fin de levar adiante a execución deste proxecto, é necesario establecer as bases que rexerán a cooperación entre os dous departamentos da Xunta de Galicia e o Concello de Vigo.

Á vista do anterior, as partes asinantes acordan outorgar o presente convenio de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- Constitúe o obxecto deste convenio establecer as bases de cooperación entre a Xunta de Galicia a través das Consellerías de Sanidade, de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes o Servizo Galego de Saúde e o Concello de Vigo, para a redacción e execución do Proxecto Sectorial de Incidencia Supramunicipal que fixe as determinacións e posibilite a construción do novo hospital de Vigo e a dotación de infraestruturas e servizos necesarios ou convintes para o seu óptimo funcionamento.

Segunda.- A Consellería de Sanidade, o Servizo Galego de Saúde e a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, comprométese a impulsar a tramitación necesaria para a aprobación dun proxecto sectorial de incidencia supramunicipal de acordo co previsto na Lei 10/1995, do 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia e no Decreto 80/2000, do 23 de marzo, polo que se regulan os plans e proxectos sectoriais de incidencia supramunicipal, así como a executar as obras de construción do novo hospital de Vigo.

En concreto, a Consellería de Sanidade e o Sergas promoverá e redactará o proxecto sectorial de incidencia supramunicipal para o que contará coa colaboración da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes na determinación de criterios xerais de ordenación así como na súa ulterior tramitación.

Terceira.- Segundo o sinalado na disposición adicional primeira da Lei 10/1995 de 23 de novembro, de Ordenación do Territorio as obras promovidas directamente pola Administración Pública ou os seus Organismos Autónomos previstas nun proxecto sectorial e calificadas como de marcado carácter territorial non estarán suxeitas á licenza urbanística municipal, polo que as obras do novo hospital de Vigo non estarán suxeitas a licenza municipal de obras, nin consecuentemente ás taxas urbanísticas nin ó imposto de construcións, instalacións e obras por estar comprendidas nun proxecto sectorial de incidencia supramunicipal de marcado carácter territorial de promoción pública.

Cuarta.- A Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, comprométese a realizar a xestión administrativa para a obtención do solo necesario para a execución do sinalado no Proxecto Sectorial de Incidencia Supramunicipal.

*O Servizo Galego de Saúde financiará o custo da obtención deste solo.
Os terreos serán cedidos ó Sergas libre de cargas e gravámenes.*

Quinta.- Por outra banda, o Concello de Vigo comprométese a regular nas ordenanzas fiscais a exención a favor dos centros sanitarios públicos do pago do imposto sobre bens inmobles, o abeiro do previsto no artigo 62.3 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo.

Sexta.- O ámbito do Proxecto Sectorial de Incidencia Supramunicipal abarcará o grafiado no plano adxunto, sen perxuízo dos reaxustes que poidan resultar necesarios e que se concretarán no propio Proxecto sectorial. Neste ámbito, ademais do espazo necesario para a implantación do hospital propiamente dito incluíranse as reservas de espazo dotacional en previsión de futuras ampliacións de equipamentos que poidan ser necesarios para destinalo a usos sanitarios e a outros servizos complementarios como laboratorios de investigación e docencia, hotéis de pacientes ou familiares, aparcadoiro, gardería infantil, así como calquera outro que sexa considerado necesario ou convinte para o óptimo funcionamento do centro hospitalario.

A xestión de tódolos servizos do complexo corresponderá ó Sergas, para o que recorrerá ás formulas de xestión legalmente establecidas.

Sétima.- O Concello de Vigo levará a cabo a execución das infraestruturas urbanísticas precisas que garantan os servizos necesarios para a construción e funcionamento do hospital, en concreto o abastecemento de auga e o saneamento, así como a dotación de subministracións e servizos de gas cidade, electricidade, canalización de fibra óptica, e calquera outro que sexa imprescindible ou necesario para a construción e funcionamento do Hospital.

A execución destas infraestruturas deberá concluír con anterioridade á finalización da construción do hospital co obxecto de garantir a súa posta en funcionamento.

A Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes comprométese a executar as obras de accesos rodovianos así como aquelas outras consideradas de incidencia supramunicipal contempladas no propio Proxecto Sectorial.

Oitava.- O Concello de Vigo cederá gratuitamente, e libre de cargas e gravámenes, aqueles terreos do ámbito do proxecto sectorial dos que dispoña no momento da sinatura do presente convenio, así como aqueles outros que o Concello opte por adquirir por calquera título.

Novena.- O Concello de Vigo realizará as actuacións necesarias para dotar ao hospital de tódolos servizos públicos relacionados co mesmo tales como liñas de transporte público municipal, recollida de residuos urbanos, ademais de levar a cabo a oportuna sinalización urbana de acordo co SERGAS.

Décima.- Constituirase unha comisión de seguimento que interprete e asegure o bo fin e cumprimento do obxecto deste Convenio así como que resolva as controversias xurdidas como consecuencia da execución deste.

A comisión estará formada por oito representantes, dous de cada unha das partes:

- 1. Pola Consellería de Sanidade a Conselleira e o Secretario Xeral (ou persoas nas que deleguen)*
- 2. Pola Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transporte a Conselleira e o Director Xeral de Urbanismo. (ou persoas nas que deleguen)*
- 3. Polo Servizo Galego de Saúde o Secretario Xeral e a Directora Xeral da División de Recursos Económicos (ou persoas nas que deleguen)*
- 4. Polo Concello de Vigo a Alcaldesa e o Concelleiro de Urbanismo (ou persoas nas que deleguen)*

A comisión reunirse por solicitude dunha das partes asinantes, considerándose constituída se asisten polo menos dous terzos dos membros da comisión ou un representante de cada entidade.

Décimo primeira.- O presente convenio entrará en vigor o día seguinte da súa sinatura, e estará vixente ata o estrito cumprimento de tódolas actuacións previstas nel e nos posibles convenios que o desenvolvan. A estes efectos, o presente convenio será desenvolto por outros convenios ou addendas nos que se irán plasmando as súas concrecións e cuantificando os seus custos.

Décimo segunda.- O incumprimento de calquera das obrigas establecidas neste documento poderá dar lugar a resolución do mesmo e no seu caso, a indemnización dos danos e prexuízos causados.

Décimo terceira.- Este convenio ten carácter administrativo, quedando as partes que subscriben suxeitas á xurisdición contencioso- administrativa para a resolución de calquera conflito que puidese xurdir na aplicación deste.

Así queda redactado o presente convenio que, en proba de conformidade asinan os comparecentes, por cuadruplicado exemplar no lugar e data indicados ó inicio.

4(197).- SENTENZA DO X. DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO NO R.C.A Nº 122/2004, INTERPOSTO POR TURVIGO FERIAS Y CONGRESOS, S.A., CONTRA DESESTIMACIÓN PRESUNTA DO REC. REPOSICIÓN CONTRA ACORDO DE RESOLUCIÓN DO CONTRATO ADMINISTRATIVO (EXPT. 15847/240.) DESESTIMADO.

Dáse conta da sentenza de data 30.12.05, dictada polo Xulgado do Contencioso Administrativo nº 1 de Vigo, no recurso de referencia, que falla o seguinte:

Desestimo o recurso contencioso-administrativo vinterposto pola representación de Turvigo Ferias y Congresos fonte ao Concello de Vigo contra a desestimación presunta do recurso de reposición interposto pola actora fronte á resolución recaída no expediente 15.847/420 no que se acordaba a rescisión do contrato entre o Concello e Turvigo Ferias y Congresos S.A., para a promoción, organización e celebración de feiras patrocinadas pola Administración municipal, que se declara conforme a Dereito, sen pronunciamento en materia de custas.

A Xunta de Goberno local queda enterada do contido da sentenza.

5(198).- SENTENZA DO TSXG NO R.C.A. Nº 2/4755/02 INTERPOSTO POR TURVIGO FERIAS Y CONGRESOS, S.A., CONTRA DESESTIMACIÓN DA PRESUNTA DE REC. ALZADA SOBRE RECLAMACIÓN DE CANTIDADE CORRESPONDENTE OS ANOS 1998, 1999 E 2000. ESTIMADO.

Dáse conta da sentenza de data 13.10.05, dictada pola Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no recurso de referencia, que falla o seguinte:

Estimar o recurso contencioso-administrativo interposto por “Turvigo, Ferias y Congresos S.A.” contra a desestimación por silencio polo Concello de Vigo da reclamación de pagamento formulada pola recorrente en concepto da subvención anual correspondente aos anos 1998, 1999 e 2000 e como adxudicataria do concurso para a promoción, organización e celebración de feiras patrocinadas polo Concello. Anulamos dita resolución por ser contraria a dereito e condeamos ao Concello a que aboe á actora a cantidade de 82.648 € (1.3751.476.-ptas); sen facer especial condena en custas.

A Xunta de Goberno local queda enterada do contido da sentenza.

6(199).- SENTENZA DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO NO R.C.A. Nº 06/2004 INTERPOSTO POR JOSE ANTONIO MARTÍNEZ SERODIO E CANDIDA HERMIDA ALONSO, CONTRA RESOLUCIÓN DESESTIMATORIA DO REC. REPOSICIÓN INTERPOSTO CONTRA A IMPOSICIÓN DE MULTA COERCITIVA PARA A EXECUCIÓN FORZOSA DUN ACORDO DE RECUPERACIÓN DE OFICIO DE CAMIÑO PÚBLICO. ESTIMADO.

Dáse conta da sentenza de data 27.07.05, dictada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo, no recurso de referencia interposto contra a resolución de Alcaldía de 7.10.03 desestimatoria do recurso de reposición interposto poloa agora recorrentes fronte ao Decreto de 3.06.03 polo que se lle impoñía ao Sr. Martínez Merodio unha multa coercitiva, para a execución subsidiaria de acordo en materia de reposición da legalidade urbanística. A sentenza falla o seguinte:

Que, con estimación do recurso contencioso-administrativo formulado pola representación de D. José Antonio Martínez Serodio e Cándida Hermida Alonso contra a resolución arriba indicada, declara dito acto contrario a Dereito, coa súa conseguinte anulación, sen pronunciamento en materia de custas.

A Xunta de Goberno local queda enterada do contido da sentenza.

7(200).- SENTENZA DO TSXG NO R.C.A., Nº 02/4529/2002, INTERPOSTO POR D. VICENTE MOSQUERA DOCAMPO E OUTROS CONTRA DESESTIMACIÓN PRESUNTA DE RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL (EXPTE. 14225/240). ESTIMADO.

Dáse conta da sentenza de data 29.06.05, dictada pola Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no recurso de referencia interposto contra desestimación por silencio administrativo da reclamación de responsabilidade patrimonial da Administración formulada polos recorrentes o día 23 de maio de 2001, derivada do accidente de circulación producido o día 18 de novembro de 2000 no cambio de rasante existente no túnel das avenidas da localidade de Vigo. A Sentenza falla o seguinte:

“Que estimando parcialmente as pretensións deducidas no presente recurso contencioso-administrativo, debemos condenar e condenamos ao Concello de Vigo a pagar a D. Vicente Mosquera Docampo na cantidade de 1.592 € e a D. Jerónimo Mosquera Rodríguez na suma de 293 € en concepto de responsabilidade patrimonial da administración.”

Así mesmo, dáse conta do auto de data 14.10.05, dictado pola mesma Sala para rectificar un erro da devandita sentenxa, que acorda o seguinte:

“Ha lugar á rectificación de erro obrante no falla da sentenza engadindo a D. David Martínez Castro que deberá ser indemnizado na contía de 585,20 €.”

A Xunta de Goberno local queda enterada do contido da sentenza e do auto transcritos.

8(201).- SENTENZA DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO, R.C.A. Nº 334/2005 INTERPOSTO POR PESCAPUERTA, S.A., CONTRA RESOLUCIÓN DO

CONCELLEIRO DE MEDIO AMBIENTE DESESTIMATORIA DE REC.DE REPOSICIÓN CONTRA IMPOSICIÓN DE SANCIÓN POR CONTAMINACIÓN ACÚSTICA (EXPTE. 2815/306). ESTIMADO.

Dáse conta da sentenza do 25.01.06, dictada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo, no recurso de referencia, que falla o seguinte:

Estimo o recurso contencioso-administrativo interposto pola representación de PESCAPUERTA S.A., fronte ao Concello de Vigo contra a Resolución do concelleiro delegado de Medio Ambiente do Concello de Vigo de 15.06.05, desestimatoria do recurso de reposición interposto pola empresa contra a resolución de data 22.02.05 no procedemento sancionador simplificado 2815/306/2005, pola que se lle impuxeron unha sanción e medidas correctoras por infracción leve en materia de protección contra a contaminación acústica, resolución que se declara contraria a Dereito, sen pronunciamento en materia de custas.

A Xunta de Goberno local queda enterada do contido da Sentenza, da que deberá darse conta oa departamento de Medio Ambiente.

9(202).- SENTENZA DO X. DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO, R.C.A. Nº 117/05 P.A., INTERPOSTO POR Dª. MILAGROS FERNÁNDEZ CASTRO CONTRA RESOLUCIÓN DO CONCELLEIRO DELEGADO DE SEGURIDADE DESESTIMATORIA DOUTRA ANTERIOR POLO QUE SE IMPOÑIA UNHA SANCIÓN POR INFRACCIÓN DE TRÁFICO. ESTIMADO.

Dáse conta da sentenza de data 13.09.05, dictada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no recurso de referencia, interposto contra resolución do Concello de vigo recaída no expediente sancionador número 1040893855 de 2.02.05, confirmatoria en reposición da sanción imposta á recorrente como infractora do artigo 38.3 LSV por “estacionar en batería sen sinalizaicón obstaculizando gravemente a circulación”. A sentenza falla o seguinte:

Estimo o recurso contencioso-administrativo interposto por Milagros Fernández Castro, seguido como proceso abreviado número 117/05, contra a resolución arriba indicada, que se declara contraria a Dereito e se deixa sen efecto, sen pronunciamento en materia de custas.

A Xunta de Goberno local queda enterada do contido da sentenza, da que deberá darse conta ao departamento de Seguridade e Circulación.

10(203).-SENTENZA DO TSXG NO R.C.A. 02/4450/2002 INTERPOSTO POR “DEMOS, CONSULTORES DE GESTIÓN S.A.” CONTRA DESESTIMACIÓN PRESUNTA DE

SOLICITUDE DE ABOAMENTO DE XUROS DE MORA NO PAGAMENTO DUNHA FACTURA DERIVADA DO CONTRATO DE CONSULTORÍA E ASISTENCIA. ESTIMADO.

Dáse conta da sentenza de dta 21.07.05, dictada pola Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no recurso de referencia, que falla o seguinte:

Estimar o recurso contencioso-administrativo interposto por “Demos, Consultores de Gestión S.A.” contra a desestimación por silencio, polo Concello de Vigo, da reclamación formulada pola recorrente para o pagamento dos xuros devengados pola demora no aboamento de factura correspondente ao contrato de consultoría e asistencia formalizado o 23 de maio de 1997. Anulamos dita resolución por ser contraria a Dereito, recoñecendo o dereito da recorrente a que se lle aboe a suma de 35.521,83 €, mais os xuros legais dos xuros vencidos dende a dta da reclamación xudicial; sen facer especial condena en custas.

A Xunta de Goberno local queda enterada do contido da sentenza da que se dará contra á Unidade de Persoal e a Intervención Xeral.

11(204).- SENTENZA DO X. DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO, R.C.A. Nº362/05, INTERPOSTO POR D. SANTIAGO VIDAL PIÑÓN CONTRA ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE 6.6.2005, DESESTIMATORIO DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL (EXPTE. 94/243). DESESTIMADO.

Dáse conta da sentenza de data 25.01.06, dictada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no recurso de referencia, interposto contra desestimación municipal por resolución de 6.06.05 da reclamación formulada polo recorrente ante o Concello, en data 5.03.04, en concepto de responsabilidade patrimonial pola que se solicitaba indemnización para cubrir os danos e perdas sufridos polo vehículo do actor o día 31.10.03 por un accidente ao impactar contra el un contedor que se desprazou da súa ubicación habitual golpeándolle na parte frontal. A Sentenza falla o seguinte:

Desestimo o presente recurso contencioso-administrativo interposto pola representación procesual de Santiago Vidal Piñón fronte ao Concello de Vigo contra a resolución arriba indicada, que se declara conforme a Dereito, sen pronunciamento en materia de custas.

A Xunta de Goberno local queda enterada do contido da sentenza, da que deberá darse conta ao Servizo de Patrimonio.

12(205).- SENTENZA DA AUDIENCIA PROVINCIAL DE PONTEVEDRA NO REC. APELACIÓN Nº 134/04, INTERPOSTO POLO CONCELLO DE VIGO CONTRA SENTENZA DO X. DE PRIMEIRA INSTANCIA Nº 1 DE VIGO QUE ESTIMOU AS PRETENSÍONS DE COMUNIDADE DE PROP. DE REP. ARGENTINA 12-14 E CONDEOU Ó CONCELLO DE VIGO

Ó PAGAMENTO DE CUSTAS DE COMUNIDADE DERIVADAS DA PROPIEDAD DE 50 PISOS. DESESTIMADO.

Dáse conta da sentenza de data 15.11.05, dictada pola Sección Quinta da Audiencia Provincial de Pontevedra con sede en Vigo, no recurso de referencia, que falla o seguinte:

Desestimar o recurso de apelación formulado polo Concello de Vigo e así mesmo desestimar a impugnación deducida pola comunidade Propietarios República Argentina nº 12 e 14 de Vigo, contra a sentenza de data 16 de abril de 2004 dictada polo Xulgado de Primeira Instancia nº 1 de Vigo nos autos de xuízo ordinario nº 783/2002 (rolo de apelación nº 134/2004) que se confirma integramente impoñendo ó apelante as custas desta alzada causadas na tramitación do recurso de apelación e á impugnante as custas desta alzada causadas na tramitación da impugnación.

A Xunta de Goberno local queda enterada do contido da sentenza.

13(206).- SENTENZA DO XULGADO DE 1ª INSTANCIA Nº 10 DE VIGO NO XUÍZO ORDINARIO Nº 1040/03 INTERPOSTO POLO CONCELLO DE VIGO E OUTRO CONTRA Dª Mª PILAR RODRÍGUEZ PRADA E OUTR, POR RECUPERACIÓN DE PARCELA Nº 500, PLAN PARCIAL SAMIL. ESTIMADO.

Dáse conta da sentenza de data 18.10.04, dictada polo Xulgado de 1ª Instancia nº 10 de Vigo, no recurso de referencia, que falla o seguinte:

Estimando a demanda deducida polo Concello de Vigo con intervención adherida de D. Armando Gayar Barciela fronte a Dª Pilar Rodríguez Prada e a D. Alfonso Paz-Andrade Rodríguez, débolles condenar e condenao a que entreguen á actora a posesión dos 349 metros cuadrados da finca parcela nº 7 da entidade actora, descrito no feito 1º da demanda que ocupan, sitios na colindancia Oeste daquela coa Leste da parcela nº 23 dos demandados, ambas derivadas do Proxecto de Compensación do Polígono de Actuación nº 2, Solar –A da primeira fase do Plan Parcial de Samil conforme ao alí aprobado. Todo isto con expresa imposición das custas aos demandados.

A Xunta de Goberno local queda enterada do contido da sentenza.

14(207).-SENTENZA DA AUDIENCIA PROVINCIAL DE PONTEVEDRA, NO REC. APELACIÓN 3030/05, INTERPOSTO POR Dª. Mª PILAR RODRÍGUEZ PRADA E OUTRO CONTRA SENTENZA DO XULGADO DE 1ª INSTANCIA Nº 10 DE VIGO, POR RECUPERACIÓN DE PARCELA Nº 500, PLAN PARCIAL SAMIL.

Dáse conta da sentenza de data 9.11.05, dictada pola Seccion Sexta da Audiencia Provincial de Pontevedra con sede en Vigo, no recurso de referencia interposto contra Sentenza do Xulgado de 1ª Instancia nº 10 (da que se dá conta no punto nº 13 desta mesma acta), que falla o seguinte:

Que rexeitamos o recurso de apelación formulado polo procurador D. Emilio Alvarez Buceta en representación de D. Alfonso Paz-Andrade e Dª Pilar Rodríguez Prada contra a sentenza dictada polo Xulgado de 1ª Instancia nº 10 de Vigo o 18.10.04, con expresa imposición das custas procesuais desta alzada á parte apelante.

A Xunta de Goberno local queda enterada do contido da sentenza.

15(208).- AUTO DO TSXG NO R.C.A. Nº 2/5061/00 INTERPOSTO POR Dª. MERCEDES COSTAS RODRÍGUEZ CONTRA DESESTIMACIÓN POR SILENCIO DE RECLAMACIÓN SOBRE RECTIFICACIÓN DO INVENTARIO DE BENS PARA EXCLUIR O CAMIÑO SITO NO LUGAR DA GARITA RAMAL 4 EN ALCABRE. ACLARACIÓN DA SENTENZA.

Dáse conta auto de data 31.01.06, dictado pola sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no recurso de referencia, en aclaración da sentenza dictada por dita sala o 14.10.05 (da que se deu conta na X.Goberno local do 23.01.06), que falla o seguinte:

Ha lugar á rectificación debendo engadirse ao fallo a frase “e todo iso sen expresa imposición de custas”.

A Xunta de Goberno local queda enterada do contido da sentenza e do auto.

16(209).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACIÓN PARA O SÍNDROME DE DOWN DE PONTEVEDRA PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA “ME MUEVO”. EXPTE. 13361/301.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 1.03.06 e o informe-proposta da técnica de Benestar Social, do 15.02.06, conformado polo xefe do Sector de Acción Social, a delegada de Participación Cidadá e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Prestar aprobación ao texto do convenio de colaboración entre o Excmo. Concello de Vigo e a Asociación para o síndrome de Down de Pontevedra, entidade colaboradora do Concello de Vigo, para o desenvolvemento dun Programa de autonomía persoal denominado “*ME MUEVO*”.

2º.- Prestar aprobación á disposición dunha cantidade de 6.010,12 - (SEIS MIL DEZ CON DOCE) EUROS, con cargo á partida de Benestar Social 3130.227.06.09, como contribución municipal ao convenio.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACIÓN DOWN VIGO,
ASOCIACIÓN PARA O SÍNDROME DE DOWN

REUNIDOS

Dunha parte Dna. Marta Iglesias Bueno, Delegada da Área de Participación Cidadá, nomeada por Resolución de Alcaldía de data 21 de febreiro de 2005 e acordo da Xunta de Goberno Local de 21 de febreiro de 2005.

E doutra D. Fernando Molina Magdalena, en calidade de presidente da Asociación Down Vigo, Asociación para o síndrome de Down, con CIF. G-36.697.324, e enderezo en R/ Portela, nº 48, baixo, de Vigo.

Ámbalas partes, en nome e representación que ostentan e coa capacidade legal para este acto,

EXPOÑEN

1.- Un dos aspectos máis importantes na educación dos discapacitados psíquicos e, por conseguinte, da súa integración na sociedade é, ademais de ensinalles os aspectos educativos elementais, conseguir que logren unha autonomía persoal que lles permita alcanza-lo maior grado de independencia posible.

Os prantexamentos no mundo da educación para discapacitados non poden ser radicais, xa que dependen das minusvalías dos afectados. É fundamental a posta en marcha de programas de intervención promovendo, ademais da adquisición de habilidades e coñecementos, aspectos adaptativos que afectan á raíz de tódolos comportamentos, como son as habilidades de competencia social, a adquisición de hábitos de autonomía e independencia persoal, as habilidades de comunicación, etc.

2.- O artigo 49 da Constitución Española dí que os poderes públicos realizarán unha política de previsión, tratamento, rehabilitación e integración dos diminuídos físicos, sensoriais e psíquicos, ós que prestarán a atención especializada que requiran e os ampararán especialmente para o disfrute dos dereitos que este Título (refírese ó Título 1, Dos dereitos e deberes fundamentais) otorga a todos os cidadáns.

3.- Segundo o art. 11 da Lei 4/1993 de 14 de abril de servizos sociais, son servizos sociais de atención especializada os dirixidos a sectores de poboación con problemáticas definidas.

4.- Segundo o art. 13.1 da Lei 4/1993 de 14 de abril de servizos sociais, son servizos sociais de atención especializada na área de actuación das minusvalías aqueles que procuran o tratamento, rehabilitación e integración social dos discapacitados físicos, psíquicos e sensoriais, así como a prevención das minusvalías.

5.- segundo o art. 13.3 da mesma Lei, son programas propios destes servizos os de valoración, diagnóstico e calificación das minusvalías, atención temprana, formación ocupacional, integración laboral, supresión de barreiras arquitectónicas, urbanísticas e do transporte, axudas técnicas e cantos outros sexan favorecedores da súa autonomía persoal e integración social.

6.- Que os Concellos como entes locais, en virtude do disposto nos artigos 25 e 26 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora de Bases do Réxime Local, o no artigo 21 da lei Galega de Servizos Sociais, teñen competencias e por conseguinte iniciativa propia, no campo dos servizos sociais.

7.- Que con base legal na precitada normativa, o Concello de Vigo pretende realizar un programa encamiñado á integración social dos/as nenos/as e xoves con síndrome de Down e discapacidade intelectual.

E segundo o manifestado con anterioridade, recoñecéndose expresamente ámbalas dúas partes capacidade de obrar para afrontar as accións motivo deste convenio, acordan suscribi-lo presente de acordo coas seguintes

CLAÚSULAS

Condições básicas:

Primeira: Obxecto - O obxecto do presente convenio é establecer un marco de colaboración para a realización de actividades que faciliten a integración social de nenos/as e xoves con síndrome de Down e discapacidade intelectual a través dun programa de autonomía persoal, habilidades sociais e coñecemento do entorno. O programa denomínase “ME MUEVO”.

Segunda: Finalidade - A finalidade do convenio é conseguir que os nenos/as e xoves con síndrome de Down e discapacidade intelectual desenvolvan a máxima autonomía na súa vida cotiá, e que poidan realiza-las súas actividades de ocio da mesma forma que o veñen facendo os nenos/as e xoves sen discapacidade, reforzando, deste xeito, o seu proceso de aprendizaxe intelectual e persoal. Tentarase concienciar a toda a comunidade das posibilidades destas persoas como membros que participan na sociedade.

Terceira: Funcións - A Asociación DownVigo será a encargada de organizar, planificar, avalia-las actividades e cantas outras accións sexan necesarias para a realización deste programa.

Será función do Concello facer fronte os gastos polo importe conveniado. Así mesmo, o seguimento, control e avaliación última da realización dos mesmos.

Cuarta: Destinatarios - Serán destinatarios deste programa de actividades os/as nenos/as e xoves e adultos con síndrome de Down a partires dos oito anos de idade.

Quinta: Custo - O custo da execución do convenio será de 6.010,12 €.- (SEIS MIL DEZ CON DOCE CÉNTIMOS) EUROS con cargo á partida 3130.227.06.09 de Benestar Social.

Sexta: Seguimento e avaliación - Para o seguimento do convenio, aplicación do mesmo e resolución das controversias que poidan xurdir no desenvolvemento do mesmo, constitúese unha Comisión de Seguimento, composta por dous representantes por cada parte asinante, que serán:

- Pola Asociación Down Vigo: Asociación para o síndrome de Down:

* Fernando Molina Magdalena
Presidente da Asociación DownVigo

* Ana Tejada Vidal
Directora da Asociación DownVigo

- Polo Concello de Vigo:

* *Marta Iglesias Bueno*
Delegada da Área de Participación Cidadá

* *María Sierra Abraín*
Técnica do departamento de Benestar Social

Sétima: Difusión do proxecto - A difusión do proxecto será por conta exclusiva da Asociación Down Vigo e, no relativo a súa divulgación nos medios de comunicación, será realizada a iniciativa do concello de Vigo.

Oitava: Obrigas da Asociación para o Síndrome de Down de Pontevedra - Polo presente convenio, a Asociación DownVigo comprométese a:

a - Desenvolve-las actividades acordadas previamente, atendendo ás orientacións e/ou variacións que se poidan acordar por ámbalas dúas partes, a través da Comisión de Seguimento e segundo as prioridades marcadas.

b - Encargarse de face-los pagos das cantidades correspondentes a terceiros, no que respecta a publicidade, material, etc, motivadas polas accións emprendidas neste convenio.

c - Facilita-la inspección, control, etc, de persoal técnico do departamento de Benestar Social do Concello de Vigo.

d.- Presentar ó Concello informes de desenvolvemento da actividade e un informe de avaliación final completo.

e.- Participar nas xuntanzas de coordinación marcadas e a petición do persoal da Consellería de Benestar Social.

Novena: Outras obrigas do Concello de Vigo - O Concello de Vigo obrígase ademais a:

a - Artella-los medios técnicos para a orientación, supervisión e avaliación das actividades.

b - Dispoñe-los medios económicos precisos para cubri-los gastos do proxecto presentado, polo importe máximo marcado no presente convenio (SEIS MIL DEZ CON DOCE CÉNTIMOS EUROS).

Acordos para resolucións, cancelamento ou renovación:

Décima - Como norma última, será o Concello, o que teña a capacidade de decisión definitiva no referido ó presente convenio ou accións nel incluídas, caso de non existir acordo entre as partes.

Undécima - O incumprimento do especificado no clausulado, poderá ser motivo de cancelamento da execución deste convenio, unha vez oída a Comisión de Seguimento.

De ser a Asociación Down Vigo a que non cumprira o acordado, suporá o cancelamento dos pagamentos pendentes. No caso de non executarse actividades e terse librado de xeito adiantado algunha cantidade, motivará o reintegro da mesma no momento do cancelamento.

Presuposto, pago e xustificación:

Duodécima - O Concello de Vigo afrontará os gastos por un importe de 6.010,12 EUROS (SEIS MIL DEZ CON DOCE CÉNTIMOS) do xeito que se indica na cláusula quinta do presente convenio.

Décimo terceira - O prezo máximo conveniado ó que se fai referencia no apartado anterior, non poderá ser obxecto de incremento algún.

Décimo cuarta - O Concello de Vigo aboará unha cantidade inicial de 3.005,06 EUROS, que supón o 50% do total, ó inicio do programa, para facer fronte ós gastos xerados polo comenzo das actividades. Para iso, o funcionario responsable certificará, coa conformidade do Presidente da Asociación Down Vigo, que tales actividades se ten iniciadas.

O segundo e derradeiro pago por importe do 50% restante efectuarase unha vez sexa xustificada a realización da totalidade do proxecto polo funcionario referido e coa conformidade do Presidente da Asociación DownVigo e informe favorable da Comisión de seguimento, e previa certificación pola Unidade Administrativa correspondente desta realización.

Décimo quinta - A xustificación do gasto farase a través do persoal técnico do departamento de Benestar Social que forme parte da Comisión de Seguimento, e o funcionario que se acorde como responsable do seguimento deste convenio será o encargado de da-lo visto e prace á xustificación da realización da actividade, para o posterior abono, previa presentación das facturas e/ou xustificantes.

Vixencia

Décimo sexta - O presente convenio entrará en vigor na data da súa asinatura, e estará vixente ata o 31 de decembro de 2006

Estando de acordo ámbalas dúas partes co anteriormente manifestado, asinan o presente convenio en

Vigo, de de 2006.

17(210).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACIÓN HOY POR MAÑANA PARA DISPOR DE PRAZAS DE GARDERÍA ESPECIALIZADA PARA MENORES CON DISCAPACIDADE. EXPTE. 13362/301.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 1.03.06 e o informe-proposta da técnica de Benestar Social, do 13.02.06, conformado polo xefe do Sector de Acción Social, a delegada de Participación Cidadá e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Prestar aprobación ao texto do convenio entre o Excmo. Concello de Vigo e a Asociación Hoy Por Mañana, para dispor de prazas de guardería especializada para menores con discapacidade.

2º.- Prestar aprobación á disposición dunha cantidade de 6.000 € (SEIS MIL) EUROS, con cargo á partida 3130.227.06.09 de Benestar Social, como aportación municipal a este convenio.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACION HOY POR MAÑANA

En Vigo a de de 2006

REUNIDOS

Dunha parte:

D^a Marta Iglesias Bueno, Delegada da Área de Participación Cidadá do Concello de Vigo, nomeada por Resolución de Alcaldía de 21 de febreiro de 2005 e acordo de Xunta de Goberno Local de 21 de febreiro de 2005.

doutra

D^a. Elena Piñeiro García, Presidenta da Asociación Hoy por mañana, inscrita no Rexistro Provincial de Entidades do Goberno Civil de Pontevedra co número 3832, con CIF : G-36806917; con capacidade para asina-lo presente convenio segundo di no artigo 40 dos estatutos da mesma.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das facultades que, para conveniar en nome das entidades que representan, teñen conferidas

EXPOÑEN

1.- Que as accións desenvolvidas para a atención dos menores discapacitados, petentes a unidades familiares en situación de desvantaxe social dende equipos multidisciplinares, relacionando institucións como a escola, os servizos sociais, e a propia familia, estanse a amosar como o xeito máis adecuado de traballo.

O Concello de Vigo, diante das necesidades, relacionadas coa problemática que se amosa nas unidades familiares que está a atender dende o seus servizos sociais de atención primaria, ten iniciado accións para atender aquelas.

Artellar unha estrutura que atenda a problemática dos menores e a súas familias , tanto a vivida ou sentida como a provocada en terceiros, é unha prioridade a considerar na acción social a desenvolver dende a estrutura municipal

2.- As accións de carácter preventivo centradas na inadaptación social, téñense amosado como eficaces, polo que ese feito fai pensar na necesidade de continuar con elas.

3.- A Constitución, no seu artigo 39, impón a obriga dos poderes públicos de dispensar unha protección xurídica, económica e social ás familias, os nenos e as nenas e os adolescentes e as adolescentes, no canto ós

dereitos que lles son recoñecidos polas normas convencionais e acordos internacionais. Destácase aquí a Convención dos Dereitos do Neno e a Nena da ONU, do 20 de novembro de 1989, ratificado polo Reino de España.

4.- O Estatuto de Autonomía de Galicia lexitima a actuación lexislativa da Comunidade Autónoma de Galicia no eido da protección da familia, da infancia e a adolescencia, no seu artigo 27, apartados 23 e 24, nos seus títulos competenciais xenéricos de asistencia social e de promoción do desenvolvemento comunitario.

5.- A Lei 7/85, do 2 de abril, Reguladora de Bases de Réxime Local, no seu artigo 25.1, di que os municipios no ámbito das súas competencias poden promover toda clase de actividades e prestar cantos servizos públicos contribúan a satisfacer-las necesidades e aspiracións da comunidade.

6.- A Lei 4/1993, de 14 de abril, Galega Servizos Sociais, di no seu artigo 4º que os servizos sociais configúranse como un sistema intergado de protección social orientado á prestación programada de atencións e servizos que possibiliten a mellora da calidade devida e a participación das persoas ou grupos, especialmente daqueles que sofren algún tipo de carencia, marxinación ou desatención selectiva, así como á prevención e eliminación das causas que están na orixe daquelas situacións ,

7.- A Asociación Hoy por Mañana é unha entidade con personalidade xurídica propia e capacidade de obrar de conformidade co establecido no ordeamento xurídico.

Segundo consta nos estatutos de dita Asociación, no seu artigo 3 di que as fins da asociación son “ promover el desarrollo integral de los niños afectados por parálisis cerebral y patologías afines, y remover los obstáculos que impiden su integración, así como apoyar a los padres y familiares afectados por este problema”

No artigo 4 se di que a asociación poderá organizar “todo tipo de actividades para conseguir la promoción e integración de estos niños, y pondrá en conocimiento de la opinión y de los poderes públicos, de las dificultades y carencias en su rehabilitación y educación”

8.- O Concello de Vigo recoñece á Asociación Hoy por Mañana, a súa capacidade para a realización das accións do proxecto, presentado ó Concello de Vigo e valoradas técnicaamente polo persoal municipal.

9.- Este Convenio queda excluído do ámbito do Real Decreto Lexislativo 2/2000 polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas.

e segundo o manifestado con anterioridade, recoñecéndose expresamente as partes capacidade de obrar para afrontar-las accións motivo de convenio, acordan suscribi-lo presente de acordo coas seguintes

CLAÚSULAS

Primeira : Obxecto - O Obxecto principal do presente convenio é a colaboración para a atención ós máis cativos con dificultades especiais, na guardería da citada idade, sendo beneficiarios do mesmo, os nenos e nenas da cidade de Vigo en xeral que o precisen segundo valoración do Departamento de Benestar Social. Como obxecto secundario preténdese o apoio ós pais/nais destes nenos para o desenvolvemento dunha vida o mais normalizada posible, tendo en conta que esta atención non se atopa cuberta polo sistema socio-educativo público.

A guardería atópase ubicada na rúa Sagunto 86 desta cidade, e conta con dúas unidades: una de 0 a 3 anos e outra de 3 a 6 anos, con seis nenos cada unha delas

Segunda : Finalidade - A finalidade do convenio é contar por un período de tempo que non exceda do 31 de decembro de 2006, dunha serie de plazas na citada guardería da Asociación Hoy por Mañana, que non excederán de catro, nas que quedarán cubertos todos os servizos habituais neste tipo de servizo, que xa ven prestando a Asociación.

Terceira : Funcións - As entidades velarán pola correcta e profesional actuación no eido da integración social, e a atención ós máis desfavorecidos no ámbito de accións da guardería, dispoñendo os recursos materiais e humanos necesarios, sendo as encargadas de desenvolver as accións motivo do convenio.

A Asociación Hoy por Mañana, será a encargada de xestionar as accións que sexan necesarias para o funcionamento do centro motivo do convenio.

Será función do Concello de Vigo aporta-los recursos financeiros, supervisa-lo cumprimento das fins, e facilita-las accións motivo de convenio. Así mesmo, o seguimento, control e avaliación última da realización dos mesmos, a través da Comisión de Seguimento que se contempla na cláusula oitava.

Cuarta : Destinatarios - Serán destinatarios do proxecto os menores derivados polos profesionais dos Servizos Sociais Municipais, cando reúnan os requisitos acordados entre as partes.

Quinta : Duración - Terá vixencia durante o tempo que resta do presente ano, a contar dende a data da súa sinatura.

Sexta : Condicións económicas - As condicións económicas que se asumen para a posta en marcha do presente proxecto serán por un importe total de 6.000 (seis mil) euros, con cargo á partida 313.0.227.06.09. de Benestar Social.

O precio máximo conveniado non poderá ser obxecto de incremento algún.

Sétima : Relación contractual - A sinatura do presente convenio non suporá relación contractual algunha do persoal encargado da organización, desenvolvemento ou calquera outra tarefa do proxecto, coa administración municipal.

Oitava : Seguimento e avaliación - Para o seguimento do convenio, para a determinación dos criterios non previstos no funcionamento do mesmo e para a resolución de controversias, nomearase unha Comisión de Seguimento, composta por dous representantes por cada parte asinante.

Novena : Difusión do proxecto - A difusión do proxecto será por conta exclusiva da Asociación Hoy por Mañana, excepto o que se indica na cláusula decimoterceira.

Décima : Avaliación e control do proxecto - A entidade que desenvolve o proxecto, facilitará o acceso dos profesionais do Concello de Vigo ás mesmas, para un meirande control do proceso.

Undécima : - Polo presente Convenio, a Asociación Hoy por Mañana, comprométese a:

a – Desenvolve-las actividades, proxectos, ou accións nestas plazas de guardería que sexan discutidos previamente por persoal técnico das entidades, atendendo ás orientacións e/ou variacións que se podan acordar polas partes, mediante a Comisión de Seguimento e segundo as prioridades marcadas dende o Concello de Vigo.

b – Dispoñe-los medios técnicos, materiais e humanos para o correcto desenvolvemento de aquelas.

c - Encargarse de face-los pagos das cantidades correspondentes a terceiros no que respecta a persoal, publicidade, seguros, alugueres, etc., motivados polas accións emprendidas neste convenio.

d - Presentar ó Concello un informe de avaliación final completo.

e - Introducir calquera outra acción tendente ó correcto desenvolvemento do proxecto, sempre de acordo coas orientacións xerais da Comisión de Seguimento.

f – Dispo-los medios para que tódalas actividades desenvolvidas contén cos seguros, persoal titulado, etc. cara á súa correcta execución.

g - A redacción de textos, material gráfico e outro material escrito, así como dos contidos das actividades concretas que o compoñen.

h – Atende-las indicacións técnicas do persoal técnico municipal, cando sexan precisas para o correcto desenvolvemento das actividades.

i - Participar nas reunións de coordinación marcadas, e a petición do persoal técnico do Concello.

Duodécima: - O Concello de Vigo, pola súa banda, comprométese a:

a – Garanti-la prestación adecuada das actividades e servicios motivo de convenio, como responsable último de todo o proxecto.

b – Articula-los medios técnicos para a supervisión da axeitada cobertura das plazas conveniadas

Normas Complementarias:

Decimoterceira: - A pesares de que toda a difusión das actividades deberá ser realizada pola Asociación Hoy por Mañana, poderá ser exceptuada aquela que, de xeito puntual, sexa decidida pola Comisión de Seguimento.

Decimocuarta: - Tódolos materiais e instrumentos necesarios para o correcto desenvolvemento da actividade serán aportados pola entidade que desenvolve a acción, a Asociación Hoy por Mañana.

Decimoquinta: - O Concello de Vigo será o interlocutor con calquera asociación, institución, administración ou entidade nos contactos que resulten do proxecto. Así mesmo, calquera realización conxunta de actividades ou colaboracións con terceiros, deberá contar co visto e prace da Comisión de Seguimento.

Acordos para resolucións, cancelación ou renovación:

Decimosexta - Como norma última, será o Concello quen teña a capacidade de decisión definitiva no referido ó presente Convenio ou accións nel incluídas, caso de non existir acordo entre as partes.

Decimosétima - O incumprimento do especificado nas cláusulas, poderá ser motivo de cancelamento da execución deste convenio, previa resolución da Comisión de Seguimento.

De se-la Asociación Hoy por Mañana a que non cumprira o acordado, suporá o cancelamento dos pagos pendentes. No caso de non executarse actividades e terse librado por adiantado algunha cantidade, motivará o reintegro da mesma á entidade financiadora, no momento do cancelamento.

Presuposto, pago e xustificación:

Decimoitava – O Concello de Vigo afrontará os gastos que lle corresponden, por un importe total de 6.000 (seis mil) euros.

Decimonovena - O prezo máximo conveniado non poderá ser obxecto de incremento algún.

Vixésima- Pagamento: o Concello de Vigo aboará unha cantidade inicial de 3.000 (tres mil) euros que supón o 50% do total, para facer fronte ós gastos xerados o comezo do convenio. Para elo o funcionario responsable municipal do Servizo de Benestar Social, encargado do seguimento da actividade, deberá certifica-la data de comezo de programa. O segundo pago por un importe de 3.000 (tres mil) euros, que supón o segundo 50% do total do convenio, realizaráse previa presentación pola unidade administrativa responsable do seu seguimento, da certificación do cumprimento do convenio.

Vixencia:

Vixésimoprimeira- O presente convenio entrará en vigor no momento da súa sinatura e estará vixente ata o 31 de decembro de 2006.

Estando de acordo as partes co anteriormente manifestado, asinan o presente convenio en Vigo a de de dous mil seis.

18(211).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACIÓN DE AXUDA AO ENFERMO MENTAL DOA PARA DISPOR DE PRAZAS NO CENTRO DE REHABILITACIÓN PSICOSOCIAL E LABORAL PARA ENFERMOS MENTAIS. EXPTE. 13391/301.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 10.03.06 e o informe-proposta da técnica de Benestar Social, do 7.03.06, conformado polo xefe do Sector de Acción Social, a delegada de Participación Cidadá e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Prestar aprobación ao texto do convenio entre o Excmo. Concello de Vigo e a Asociación de Axuda ao Enfermo Mental, DOA, para dispor de prazas no Centro de Rehabilitación Psicosocial e Laboral para enfermos mentais.

2º.- Prestar aprobación á disposición dunha cantidade de 6.000 € (SEIS MIL) EUROS, con cargo á partida 3130.227.06.14 de Benestar Social, como aportación municipal a este convenio.

*CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACION DE AXUDA Ó
ENFERMO MENTAL, DOA*

En Vigo, de de 2006

REUNIDOS

Dunha parte:

Dna. Marta Iglesias Bueno, Delegada da Área de Participación Cidadá, nomeada por Resolución de Alcaldía de 21 de febreiro de 2005, ó amparo do previsto no artigo 126.2, parágrafo segundo da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

doutra

D. Jean Ovide Claude Desclos, Presidente da Asociación de Axuda ao Enfermo Mental, Doa, inscrita no Rexistro Provincial de Entidades do Goberno Civil de Pontevedra co número 1524, con CIF: G-36044295; con capacidade para asina-lo presente convenio segundo di no artigo 40 dos estatutos da mesma.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das facultades que, para conveniar en nome das entidades que representan, teñen conferidas

EXPOÑEN

1.- Que a Asociación de Axuda ao Enfermo Mental DOA se constituíu legalmente no ano 1987 coa iniciativa de familiares e persoas sensibilizadas coa problemática dos enfermos psíquicos, especialmente aqueles que padecen psicosis esquizofrénica. Trátase dunha entidade, eminentemente social e sen ánimo de lucro.

Con esta Asociación téntase acabar coa discriminación e aislamiento que sufren estes enfermos e os seus familiares, case sempre debido ao descoñecemento e a falta de información por parte da sociedade. O Concello de Vigo, diante destas necesidades, relacionadas coa problemática que amosan estas persoas e as súas familias que, en moitos casos, acuden aos Servizos Sociais de atención primaria, ten iniciado accións para atender aquelas.

2.- As accións desenvolvidas por esta Asociación son entre outras; a) actividades de rehabilitación psicosocial, laboral e familiar de enfermos mentais; b) xestión de pisos tutelados; c) apoio psicosocial a enfermos mentais; d) apoio ás familias destes enfermos e calquera outra actividade prevista dentro dos fins Asociación. Estas actividades téñense amosado como eficaces, polo que ese feito fai pensar na necesidade de continuar con elas.

3.- A Constitución, no seu artigo 49, impón a obriga dos poderes públicos de realizar unha política de previsión, tratamento, rehabilitación e integración dos diminuídos físicos, sensoriais e psíquicos, aos que

“...prestarán a atención especializada que requiran e os ampararán especialmente para o disfrute dos dereitos que este Título otorga a todos os cidadáns...”

4.- O Estatuto de Autonomía de Galicia lexítima a actuación legislativa da Comunidade Autónoma de Galicia no eido da asistencia social, no seu artigo 27, apartados 23 e no seu artigo 33 o desenvolvemento legislativo e a execución da lexislación básica do estado en materia de sanidade interior.

5.- A Lei 7/85, do 2 de abril, Reguladora de Bases de Réxime Local, no seu artigo 25.1, di que os municipios no ámbito das súas competencias poden promover toda clase de actividades e prestar cantos servizos públicos contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade.

6.- A Lei 4/1993, de 14 de abril, Galega Servizos Sociais, di no seu artigo 4º que os servizos sociais configúranse como un sistema intergado de protección social orientado á prestación programada de atencións e servizos que possibiliten a mellora da calidade devida e a participación das persoas ou grupos, especialmente daqueles que sofren algún tipo de carencia, marxinación ou desatención selectiva, así como á prevención e eliminación das causas que están na orixe daquelas situacións.

7.- A Asociación DOA, de Axuda ao Enfermo Mental é unha entidade con personalidade xurídica propia e capacidade de obrar de conformidade co establecido no ordeamento xurídico. O seu funcionamento régulase segundo a Orde 23 de outubro do 1998, da Consellería de Sanidade que regula os Centros de Rehabilitación Psicosocial e laboral para enfermos mentais. Encádrase na Subdirección Xeral do Programa de Atención Sociosanitaria.

Segundo consta nos estatutos de dita Asociación, no seu artigo 4º di que os obxectivos da asociación son “promover aquelas intervencións en el área de salud mental no cubertas por las Instituciones existentes, buscando una mejor relación entre el enfermo mental, el medio familiar, social y, a ser posible laboral; información, educación y concienciación sobre el enfermo mental; toma de contacto y apoyo solidario entre familiares de enfermos mentales; estimular aquellas iniciativas propias y ajenas dirigidas a facilitar la formación y posible reinserción psicosocial de dichos enfermos, entendiéndose por tales, aquellas personas con neurosis graves o psicosis y cuyo estado no es incompatible con su reinserción psicosocial; la creación y permanencia de servizos de rehabilitación y laborales”

No artigo 4 sigue dicindo que a asociación poderá organizar “todo tipo de actividades de rehabilitación psicosocial, laboral y familiares de enfermos mentales”.

8.- O Concello de Vigo reconece á Asociación DOA de axuda ao enfermo mental , a súa capacidade para a realización das accións do proxecto, presentado ó Concello de Vigo e valoradas técnicamente polo persoal municipal.

9.- Este Convenio queda excluído do ámbito do Real Decreto Lexislativo 2/2000 polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas.

e segundo o manifestado con anterioridade, recoñecéndose expresamente as partes capacidade de obrar para afrontar as accións motivo de convenio, acordan suscribi-lo presente de acordo coas seguintes

CLAÚSULAS

Primeira : Obxecto - O obxecto principal do presente convenio é a colaboración para a atención das persoas con enfermidade mental e as súas familias no centro de rehabilitación psicosocial y laboral que a citada entidade ten na nosa cidade, sendo beneficiarios do mesmo, persoas con neurosis graves ou psicosis cuxo estado non sexa incompatible coa súa posible reinserción psicosocial.

O centro atópase ubicado na rúa Romil, nº 84 desta cidade, e conta con seis obradoiros ocupacionais. Ademais destes talleres realízase terapia individual e grupal, asesoramento e orientación psicolóxica, actividades prelaborais, ocio e tempo libre, psicomotricidade, psicoducación a familias e usuarios, así como adestramento de habilidades sociais e da vida diaria.

Segunda : Finalidade - A finalidade do convenio é contar por un período de tempo, ata o 31 de decembro de 2006, dunha serie de plazas no citado centro da Asociación DOA, que non excederán de catro, nas que quedarán cubertos todos os servizos habituais neste tipo de servizo, que xa ven prestando a Asociación.

Terceira : Funcións - As entidades velarán pola correcta e profesional actuación no eido da integración social e a atención ós máis desfavorecidos no ámbito de accións do citado Centro, dispoñendo os recursos materiais e humanos necesarios, sendo as encargadas de desenvolver as accións motivo do convenio.

A Asociación DOA será a encargada de xestionar as accións que sexan necesarias para o funcionamento do centro motivo do convenio.

Será función do Concello de Vigo aporta-los recursos financeiros, supervisa-lo cumprimento das fins, e facilita-las accións motivo de convenio. Así mesmo, o seguimento, control e avaliación última da realización dos mesmos, a través da Comisión de Seguimento que se contempla na cláusula oitava.

Cuarta : Destinatarios - Serán destinatarios do proxecto as persoas con enfermidade mental de idades comprendidas entre 17 e 55 anos derivados polos profesionais dos Servizos Sociais Municipais, cando reúnan os requisitos acordados entre as partes.

Quinta : Duración - Terá vixencia durante o tempo que resta do presente ano, a contar dende a data da súa sinatura.

Sexta : Condicións económicas - As condicións económicas que se asumen para a posta en marcha do presente proxecto serán por un importe total de 6.000 (seis mil) euros, con cargo á partida 3130.227.06.14 de Benestar Social.

O precio máximo conveniado non poderá ser obxecto de incremento algún.

Sétima : Relación contractual - A sinatura do presente convenio non suporá relación contractual algunha do persoal encargado da organización, desenvolvemento ou calquera outra tarefa do proxecto, coa administración municipal.

Oitava : Seguimento e avaliación - Para o seguimento do convenio, para a determinación dos criterios non previstos no funcionamento do mesmo e para a resolución de controversias, nomearase unha Comisión de Seguimento, composta por dous representantes por cada parte asinante.

Novena : Difusión do proxecto - A difusión do proxecto será por conta exclusiva da Asociación DOA, excepto o que se indica na cláusula decimoterceira.

Décima : Avaliación e control do proxecto - A entidade que desenvolve o proxecto, facilitará o acceso dos profesionais do Concello de Vigo ás mesmas, para un meirande control do proceso.

Undécima : - Polo presente Convenio, a Asociación DOA, comprométese a:

a – Desenvolve-las actividades e accións do Centro de Rehabilitación Psicosocial que sexan discutidos previamente por persoal técnico das entidades, atendendo ás orientacións e/ou variacións que se podan acordar polas partes, mediante a Comisión de Seguimento e segundo as prioridades marcadas dende o Concello de Vigo.

b – Dispoñe-los medios técnicos, materiais e humanos para o correcto desenvolvemento de aquelas.

c - Encargarse de face-los pagos das cantidades correspondentes a terceiros no que respecta a persoal, publicidade, seguros, alugueres, etc., motivados polas accións emprendidas neste convenio.

d - Presentar ó Concello un informe de avaliación final completo.

e - Introducir calquera outra acción tendente ó correcto desenvolvemento do proxecto, sempre de acordo coas orientacións xerais da Comisión de Seguimento.

f – Dispo-los medios para que tódalas actividades desenvolvidas contén cos seguros, persoal titulado, etc. cara á súa correcta execución.

g - A redacción de textos, material gráfico e outro material escrito, así como dos contidos das actividades concretas que o compoñen.

h – Atende-las indicacións técnicas do persoal técnico municipal, cando sexan precisas para o correcto desenvolvemento das actividades.

i - Participar nas reunións de coordinación marcadas, e a petición do persoal técnico do Concello.

Duodécima: - O Concello de Vigo, pola súa banda, comprométese a:

a – *Garanti-la prestación adecuada das actividades e servicios motivo de convenio, como responsable último de todo o proxecto.*

b – *Articula-los medios técnicos para a supervisión da axeitada cobertura das plazas conveniadas*

Normas Complementarias:

Decimoterceira: - A pesares de que toda a difusión das actividades deberá ser realizada pola Asociación DOA, poderá ser exceptuada aquela que, de xeito puntual, sexa decidida pola Comisión de Seguimento.

Decimocuarta: - Tódolos materiais e instrumentos necesarios para o correcto desenvolvemento da actividade serán aportados pola entidade que desenvolve a acción, a Asociación DOA.

Decimoquinta: - O Concello de Vigo será o interlocutor con calquera asociación, institución, administración ou entidade nos contactos que resulten do proxecto. Así mesmo, calquera realización conxunta de actividades ou colaboracións con terceiros, deberá contar co visto e prace da Comisión de Seguimento.

Acordos para resolucións, cancelación ou renovación:

Decimosexta - Como norma última, será o Concello quen teña a capacidade de decisión definitiva no referido ó presente Convenio ou accións nel incluídas, caso de non existir acordo entre as partes.

Decimosétima - O incumprimento do especificado nas cláusulas, poderá ser motivo de cancelamento da execución deste convenio, previa resolución da Comisión de Seguimento.

De se-la Asociación DOA a que non cumprira o acordado, suporá o cancelamento dos pagos pendentes. No caso de non executarse actividades e terse librado por adiantado algunha cantidade, motivará o reintegro da mesma á entidade financiadora, no momento do cancelamento.

Presuposto, pago e xustificación:

Decimoitava – O Concello de Vigo afrontará os gastos que lle corresponden, por un importe total de 6.000 (seis mil) euros.

Decimonovena - O prezo máximo conveniado non poderá ser obxecto de incremento algún.

Vixésima- Pagamento: o Concello de Vigo aboará unha cantidade inicial de 3.000 (tres mil) euros que supón o 50% do total, para facer fronte ós gastos xerados o comezo do convenio. Para elo o funcionario responsable municipal do Servizo de Benestar Social, encargado do seguimento da actividade, deberá certifica-la data de comezo de programa. O segundo pago por un importe de 3.000 (tres mil) euros, que supón o segundo 50% do total do convenio, realizaráse previa presentación pola unidade administrativa responsable do seu seguimento, da certificación do cumprimento do convenio.

Vixencia:

Vixésimoprimeira- O presente convenio entrará en vigor no momento da súa sinatura e estará vixente ata o 31 de decembro de 2006.

Estando de acordo as partes co anteriormente manifestado, asinan o presente convenio en Vigo de de dous mil seis.

19(212).-PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR: ALTA EXPTE. 1/1518, 1/1528, 1/935, 2/1084, 23/423, 23/071.

Examinadas as actuacións do expediente, vistos os informes-proposta do xefe de Sector de Acción Social, conformados pola delegada da Área de participación Cidadá, a Xunta de Goberno local acorda conceder a prestación do Servizo de axuda no fogar ás seguintes persoas:

- D^a. Josefa Merino Carnero. Expte. 1/1518.
- D. Manuel Pérez Suárez. Expte. 1/1528.
- D^a. María Martínez Suárez. Expte. 1/935.
- D^a. Gumersinda Pregal Sotelo. Expte. 2/1084.
- D. Manuel Fernández Garvin. Expte. 23/423.
- D^a. Amelia Alonso Lorenzo. Expte. 23/071.

20(213).-SOLICITUDE DO CLUB DE CORREDORES DE VIG-BAY DE AUTORIZACIÓN PARA A REALIZACIÓN DO “MEDIO MARATÓN GRAN BAHÍA VIG-BAY 2006” O DÍA 26.03.06. EXPTE. 6050/333.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 13.03.06, conformado pola concelleira da Área de Promoción Economía e Desenvolvemento Local, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar o Club de Corredores de Vig-Bay a organizar o vindeiro día 26 de marzo de 2006 a proba deportiva denominada “Medio Maratón Gran Bahía Vig-Bay 2006”, que está previsto que se realice entre Vigo e Baiona, con saída na avda. de Samil (diante do hotel Samil) e percorrido polas rúas: avda. de Samil en dirección a Canido, Cesáreo Vázquez e avda. Ricardo Mella a partir das 11:00 h.

21(214).-SOLICITUDE DA AGRUPACIÓN DEPORTIVA CASTRO SAN MIGUEL DE AUTORIZACIÓN PARA A REALIZACIÓN DO “CROSS ESCOLAR CASTRO SAN MIGUEL-TROFEO FARO DE VIGO” O DÍA 2.04.06 NO PARQUE DE CASTRELOS. EXPTE. 6051/333.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 13.03.06, conformado pola concelleira da Área de Promoción Económica e Desenvolvemento Local, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar a Agrupación Deportiva Castro San Miguel a organizar o vindeiro día 2 de abril de 2006 a proba deportiva denominada “Cross Escolar Castro San Miguel-Trofeo Faro de Vigo”, que está previsto que se realice no Parque de Castrelos entre as 09:00 e as 14:00 h.

22(215).-CESIÓN DE USO Á CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA DO BAIXO DE TITULARIDADE MUNICIPAL SITO NA RÚA ARAGÓN 106. EXPTE. 7337/332.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da xefa do Servizo de Educación, do 19.12.05, conformado polo concelleiro delegado da Área de Asuntos Sociais, que di o seguinte:

Por petición da escola de Educación Infantil “Carme Giraldez” tramitouse no seu día a adquisición da planta baixa do edificio sito na rúa Aragón nº 106, lindante coa escola, para o seu uso educativo.

Mediante contrato de permuta consumada por escritura de entrega de bens outorgada o 9 de xaneiro de 2002 por CONSTRUCCIONES J.PAZ, S.L. o dito inmovible pasa a ser de titularidade municipal.

Con data 1 de setembro de 2002, e en cumprimento do acordo plenario da Corporación na súa sesión de data 1 de marzo de 1999, ocúpase para o seu uso educativo, entre outros para comedor escolar, que acada autorización da Delegación Provincial de Educación a tal fin.

Por diversas circunstancias non se realizou a posta a disposición da Xunta de Galicia deste novo Local do recinto escolar, aínda que é preceptiva, polo que, consonte co informe do Xefe de de Patrimonio, proponse á Xunta de Goberno Local:

PROPOSTA:

“Aprobar a posta a disposición da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria do baixo de titularidade municipal sito na rúa Aragón, 106 lindante coa Escola de Educación Infantil “Carme Giraldez”, e adscrito ao uso educativo da mesma por acordo plenario da Corporación Municipal na súa sesión do día 01.03.1999”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

23(216).-SOLICITUDE Á CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA DE DESAFECTACIÓN AO USO EDUCATIVO DAS VIVENDAS DE PROFESORES SITAS NO RECINTO ESCOLAR “CEIP RÍA DE VIGO” DE CANIDO. EXPTE. 7579/332.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da xefa do Servizo de Educación, do 3.03.06, conformado polo concelleiro delegado da Área de Asuntos Sociais, que di o seguinte:

As vivendas para profesores sitas no recinto escolar do CEIP Ría de Vigo de Canido atópanse en moi mal estado de conservación pola persistente falla de mantemento realizada polos seus inquilinos/as, o que as ten deteriorado notablemente, ata o punto de que para que non resultaran perigosas para os escolares o Concello tivo que instalar unha protección contra desprendementos da fachada, no ano 2002, para reducir o risco de accidentes. Iste feito comunicouse reiteradamente á Xunta de Galicia, sen que ata hoxe se teñan feito cargo do mantemento e reparación do devandito inmovible, pese a que lle compete (Sentencia da Sala 4ª do TS, de 12 de xullo de 1985 e setencia 586/1991 do TSXG).

Como quera que é previsible que o actual estado de deterioro se incrementa co tempo e como non están ocupadas por docentes que exerzan o seu maxisterio no centro e non vive nelas ninguén no día da data, esta Concellería entende que debe reclamarse á Xunta de Galicia a desafectación ao uso educativo, para dar a este espazo un uso máis acorde co interese xeral e os tempos. O Concello adquiriu co Delegado Provincial de Educación da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia o compromiso de derrubar este edificio ruinoso en canto se proceda á súa desafectación, para evitar accidentes e poder poñelo ao servizo da comunidade educativa, determinándose un novo uso deste espazo escolar do xeito que mellor proceda.

Polo devandito fórmulase á Xunta de Goberno Local a seguinte

PROPOSTA:

“Solicitar á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia a desafectación ao uso educativo das vivendas de profesores sitas no recinto escolar do “CEIP Ría de Vigo” de Canido, co obxecto de que o Concello de Vigo poida derrubalas a causa do seu mal estado de conservación e co obxecto de por á disposición da comunidade educativa do centro este espazo.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

24(217).-BASES PARA O PROCEDIMENTO DE CAPTACIÓN E SELECCIÓN DE BENEFICIARIOS/AS DO PROXECTO ACTÍVATE. EXPTE. 3659/77.

Examinadas as actuacións do expediente, e de acordo co informe-proposta do xefe do Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, do 6.03.06, conformado pola concelleira de Promoción Económica e Desenvolvemento Local, a Xunta de Goberno local acorda:

Aprobar as bases para o procedemento de captación e selección de beneficiarios/as do Proxecto Actívate que de seguido se transcriben, e os anexos que obran no expediente, para a súa aplicación a partir da data de aprobación.

BASES PARA O PROCEDIMENTO DE CAPTACIÓN E SELECCIÓN DE BENEFICIARIOS/AS DO PROXECTO ACTÍVATE

O PROXECTO ACTÍVATE é, dentro do Plan municipal de emprego 2004-2007, unha iniciativa máis da Concellaría de Desenvolvemento Local e Emprego do Concello de Vigo, posta en marcha no marco do Programa Operativo de Fomento de Emprego a través da Subvención Global do Fondo Social Europeo. O seu obxectivo é ofrecer ás persoas demandantes de emprego da cidade de Vigo, a través de diferentes itinerarios de inserción, unha oportunidade de práctica laboral acompañada da formación adecuada. Este obxectivo materialízase en seis posibles itinerarios de inserción laboral aos que os/as beneficiarios/as poden acceder:

- *ITINERARIOS DE INSERCIÓN LABORAL RELACIONADOS CO SECTOR DE ATENCIÓN A PERSOAS, PARA DEMANDANTES DE EMPREGO:*

BENEFICIARIOS/AS: persoas desempregadas de Vigo, inscritas no Servizo Público de Emprego interesadas en capacitarse e insertarse laboralmente como:

- *CONDUTOR/A-MONITOR/A DE TRANSPORTE ADAPTADO E ESCOLAR. (15 beneficiarios/as)*
 - *AUXILIAR DE AXUDA A DOMICILIO. (15 beneficiarios/as)*
 - *AXUDANTE DE COCIÑA EN CENTROS ESCOLARES E SOCIOSANITARIOS. (15 beneficiarios/as)*
- *ITINERARIOS DE INSERCIÓN LABORAL PARA DEMANDANTES DE EMPREGO CON ESPECIAIS DIFICULTADES PARA A SÚA INSERCIÓN NO MERCADO LABORAL:*

BENEFICIARIOS/AS: exclusivamente para os/as demandantes de emprego de Vigo con especiais dificultades para a súa inserción no mercado de traballo (entre outros: -Persoas afectadas por unha minusvalía física, psíquica ou sensorial -Persoas sometidas a maltrato físico ou psíquico -Persoas en proceso de rehabilitación ou reinsertión social tales como ex-toxicómanos/as ou ex-reclusos/as -Persoas pertencentes a etnias desfavorecidas ou minoritarias na sociedade -Inmigrantes-), que queiran capacitarse e insertarse laboralmente como:

- *EXPERTO/A EN LIMPEZA. (15 beneficiarios/as)*
- *EXPERTO/A EN LENCERÍA, LAVANDERÍA E PASADO DE FERRO (“PLANCHADO”). (15 beneficiarios/as)*
- *TELEOPERADOR/A. (15 beneficiarios/as)*

FASES DO PROCESO DE SELECCIÓN

O esquema xeral que seguirá o proceso de selección, consta das seguintes fases ou etapas básicas:

- *Presentación pública do Proxecto.*
- *Presentación do proxecto Actívate ás entidades sociais.*

- Convocatorias públicas a través da prensa local.
- Presentación de solicitudes.
- Preselección de candidatos/as.
- Baremación das persoas candidatas.
- Entrevista.
- Selección definitiva.

1. PRESENTACIÓN PÚBLICA DO PROXECTO

Tras a aprobación pola Xunta de Goberno Local das Bases para o procedemento de captación e selección de beneficiarios/as do Proxecto Actívate, terá lugar a súa presentación aos medios de comunicación para informar da finalidade, obxectivos, duración, accións, itinerarios de inserción laboral e colectivos beneficiarios.

2. PRESENTACIÓN DO PROXECTO ACTÍVATE ÁS ENTIDADES SOCIAIS

Realizarase unha primeira reunión coas entidades con sede en Vigo que traballen na inserción laboral de persoas pertencentes a colectivos en situación ou en risco de exclusión social.

O obxectivo desta reunión é por un lado dar a coñecer as actividades a desenvolver no proxecto (itinerarios posibles, perfil dos candidatos/as e proceso de selección) e, por outro, solicitar a súa colaboración para a transmisión de información a posibles beneficiarios/as, dirixindo aos que teñan o perfil adecuado cara á súa participación no correspondente proceso de selección.

3. CONVOCATORIAS PÚBLICAS A TRAVÉS DA PRENSA LOCAL

Publicaranse nas páxinas de información municipal da prensa local os correspondentes anuncios para a captación de beneficiarios/as para cada un dos itinerarios de inserción laboral. (Anexo I: Anuncio Participación como beneficiario/a no Proxecto Actívate).

Estes anuncios faranse paulatinamente en función do cronograma de actuacións previstas no proxecto, indicando en cada un deles o/os itinerario/s de inserción para o/os cales se convoca a selección. Para a presentación de solicitudes concederáse un prazo de 10 días naturais a partir do día seguinte á data de publicación. Prevese a publicación dos citados anuncios nos meses de marzo, maio, setembro e decembro de 2006.

4. PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

As persoas interesadas en participar nos itinerarios de inserción laboral do proxecto, deberán presentar, en horario de 9:00 a 13:30 horas, no Centro de Emprego Rivera Atienza (CERA), sede do proxecto (Avda. Martínez Garrido, 21 int. baixo, en Vigo) as solicitudes debidamente cumprimentadas, segundo o modelo que se facilitará (Anexo II: Solicitud de participación no Proxecto Actívate), achegando a documentación xustificativa pertinente (orixinal e fotocopia):

- DNI/NIE.
- Tarxeta de demandante de emprego ⁽¹⁾.
- Certificado de antigüidade na demanda ⁽¹⁾.
- Vida laboral ⁽¹⁾.
- Acreditación do nivel de estudos regrado acadado.

- *Certificado de minusvalía (de ser o caso).*
- *Documentación acreditativa de pertenza a colectivos con especiais dificultades para a súa inserción no mercado de traballo (de ser o caso). Valorarase o acompañamento de informe de entidades que traballen na inserción socio-laboral destes colectivos.*
- *Permiso de conducir tipo B (só no caso do Itinerario de inserción laboral de condutor/a-monitor/a de transporte adaptado e escolar).*

⁽¹⁾ *Debidamente actualizado: máximo tres meses.*

Aos efectos das sucesivas convocatorias, as persoas que na súa solicitude indiquen preferencia e/ou interese por algún outro itinerario de inserción de ACTÍVATE distinto ao que se convoque nese momento, entenderanse presentadas como candidatas, sempre que no momento da súa convocatoria, sigan a cumprir os requisitos imprescindibles de acceso establecidos no punto 5.

5. PRESELECCIÓN DOS CANDIDATOS/AS

O equipo técnico do proxecto estudará as solicitudes presentadas, pasando só á fase de baremación as persoas que cumpran os seguintes requisitos IMPRESCINDIBLES:

- *Estar inscrito/a como demandante de emprego nalgunha oficina do Servizo Público de Emprego de Vigo, na data de publicación en prensa de cada convocatoria.*
- *Estar empadroadado/a no Concello de Vigo.*
- *Posuír capacidade funcional para o desempeño das tarefas habituais da ocupación para a cal se solicita formación.*
- *Non ter sido beneficiario/a en ningún dos anteriores proxectos de Subvención Global desenvolvidos polo Concello de Vigo (Asiste, Abeiro e Alicerce).*
- *Non participar ou ter participado nalgún outro itinerario do proxecto Actívate.*
- *No caso de demandantes de emprego con especiais dificultades de inserción (entre outros: - Persoas afectadas por unha minusvalía física, psíquica ou sensorial, - Persoas sometidas a maltrato físico ou psíquico, - Persoas en proceso de rehabilitación ou reinserción social tales como ex-toxicómanos/as ou ex-reclusos/as, - Persoas pertencentes a etnias desfavorecidas ou minoritarias na sociedade -Inmigrantes-), acreditación da pertenza a algún destes colectivos.*

Ademais para o itinerario de inserción de “Condutor/a-Monitor/a de transporte adaptado e escolar“ os/as solicitantes deberán reunir de maneira imprescindible os seguintes requisitos:

- *Ter mínimo 21 anos cumpridos.*
- *Estar en posesión do carné tipo B e ter un ano de experiencia na conducción de vehículos á que autoriza este permiso.*
- *Non estar privado por resolución xudicial do dereito a conducir vehículos a motor ou ciclomotores.*

6. BAREMACIÓN DAS PERSOAS CANDIDATAS

As persoas que cumpran os requisitos imprescindibles establecidos no punto 5 das presentes bases, serán puntuadas polo equipo técnico do proxecto, priorizando as seguintes situacións de desigualdade cara ao mercado laboral:

COLECTIVO/SITUACIÓN	PUNTOS
▪ Muller.	1,25
▪ Demandantes de primeiro emprego.	1
▪ Demandantes de longa duración.	1
▪ Mozas/os menores de 25 anos.	0,75
▪ Persoas maiores de 45 anos.	0,75
▪ Persoas con especiais dificultades no seu proceso de inserción laboral (definidos no punto 5 das presentes bases).	1

A puntuación máxima que se pode acadar nesta fase será de 5 puntos.

Bareados/as os/as candidatos, o equipo técnico do proxecto, en base á situación resultante, determinará para cada itinerario a puntuación mínima esixida para pasar á seguinte fase.

7. ENTREVISTAS

As persoas que obteñan a puntuación mínima esixida na fase anterior (fase de bareación), pasarán a unha entrevista de selección por parte do equipo técnico do proxecto na que se valorarán, entre outras características, as seguintes:

- Motivación cara a súa formación teórica e a práctica laboral.
- Disponibilidade horaria e xeográfica para formación teórico-práctica.
- Niveis adecuados de comprensión oral e lecto-escritura, que permitan acadar as aprendizaxes necesarias durante a fase de formación teórica e práctica laboral no itinerario solicitado.
- Interese e coñecementos na ocupación obxecto de formación no itinerario solicitado.
- Aptitudes, calidades persoais e disponibilidad (perfil específico) para a súa incorporación ao mercado laboral na ocupación obxecto de formación no itinerario solicitado.

Dada a diversidade e complexidade dos colectivos sobre os que se vai actuar, e velando sempre pola viabilidade dos grupos de formación, o equipo técnico terá en conta nas entrevistas, ademais das características persoais descritas, criterios de homoxeneización e cohesión grupal, cara a un mellor desenvolvemento do individuo no seu proceso de mellora para a inserción laboral.

A puntuación máxima da entrevista de selección será de 5 puntos. Os puntos desta fase sumaranse aos obtidos na fase de bareación sempre que a persoa candidata obteña a cualificación de “apta” que se acadará cunha puntuación mínima de 1,5 puntos. Sen a cualificación de “apta” na entrevista, a persoa candidata será excluída do proceso de selección.

8. SELECCIÓN DEFINITIVA

Serán seleccionados/as como beneficiarios/as titulares para cada itinerario de inserción laboral, as 15 persoas que superada a fase de bareación e sumados os puntos da entrevista, obtivesen as 15 maiores puntuacións. Os empates resolveranse tendo en conta os seguintes criterios por orde de prioridade:

- 1º) As persoas que pertencen a colectivos en situación ou en risco de exclusión.

2º) As persoas que se reincorporan ao mercado laboral despois de abandonalo por cargas familiares (coidado de nenos/as, persoas dependentes ...).

3º) As mulleres.

Serán seleccionadas como suplentes as 15 persoas seguintes en puntuación. Todas as persoas candidatas seleccionadas como titulares e suplentes deberán manter á data de inicio das accións formativas, os requisitos mínimos imprescindibles establecidos no punto 5 das presentes bases. A concelleira delegada de Promoción Económica e Desenvolvemento Local aprobará, a proposta do equipo técnico do proxecto Actívate, a listaxe definitiva de titulares e suplentes dos distintos itinerarios formativos, dando conta da súa resolución, con posterioridade, á Xunta de Goberno Local.

No caso de non acadar o número suficiente de persoas para iniciar as accións correspondentes en calquera dos itinerarios do proxecto, procederase a realizar unha nova convocatoria na prensa local seguindo de novo o proceso de selección descrito con anterioridade.

25(218).-DAR CONTA DOS CONTRATOS MENORES TRAMITADOS POLO SERVIZO DE FESTAS E A. SOCIOCULTURAL NO MES DE FEBREIRO DE 2006. EXPTE. 1863/335.

Mediante providencia de data 6.03.06, o concelleiro delegado da Área de Asuntos Sociais, dá conta á Xunta de Goberno local dos contratos tramitados polo réxime de gasto menor no servizo de Festas e Animación Sociocultural durante o mes de febreiro de 2006, e que son os seguintes:

EXPTE. 1850-335. CONTRATACIÓN SERVIZO DE MONTAXE E DESMONTAXE DOS CARTEIS PARTICIPANTES NO “XX CONCURSO DE CARTEIS DO ENTROIDO”. DECRETO CONCELLEIRO DATA: 7-02-06

INFORME INTERVENCIÓN: RC. 4221

ADXUDICATARIO: PRODUCCIÓN E XESTIÓN CULTURAL, S.L.

IMPORTE: 1.369,45€

EXPTE. 1855-335. CONTRATACIÓN DO PATROCINIO PUBLICITARIO DO CONCERTO DE MELENDI.

DECRETO CONCELLEIRO DATA: 21-02-06

INFORME INTERVENCIÓN: RC. 5613

ADXUDICATARIO: XCITE MUSIC PRODUCTION, S.L.

IMPORTE: 6.000,00€

EXPTE. 1852-335. CONTRATACIÓN DO DEZ ACTUACIÓNS DO GRUPO PRINCIPAL DA ESCOLA MUNICIPAL DE DANZA DURANTE O ANO 2006.

DECRETO CONCELLEIRO DATA: 16-02-06

INFORME INTERVENCIÓN: RC. 4790

ADXUDICATARIO: WENCESLAO CABEZAS DEL TORO

IMPORTE: 7.000,00€

A Xunta de Goberno local queda enterada.

26(219).-SOLICITUDE DE ZONAS DE BAÑO HABILITADAS PARA A TEMPORADA DE BAÑO 2006. EXPTE. 1214/313.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director do Laboratorio Municipal, do 27.02.06, conformado polo concelleiro de Medioambiente, a Xunta de Goberno local acorda:

Aprobar a solicitude dirixida ao director xeral de Saúde pública de declaración de zonas de baño habilitadas das praias que se relacionan de seguido:

- Praia de Portiño
- Praia de Muíños de Fontinón (Saiáns)
- Praia de Sobreira
- Praia do Xunqueira (Fuchiños)
- Praia de Canido
- Praia de Toralla
- Praia do Vao
- Praia do Baluarte
- Praia da Fontaiña (Sinera)
- Praia de Calzoa (Barcas)
- Praia de Foz
- Praia de Samil
- Praia de Argazada (Azul)
- Praia do Cocho das Dornas
- Praia do Tombo do Gato (A Fonte)
- Praia de Fontes (Olmos)
- Praia de Mouriscada
- Praia de Sta. Baia
- Praia de Carril
- Praia do Adro (Bouzas)
- Praia da Punta (A Guía)
- Praia de Mende
- Praia de Figueiras (Cíes)
- Praia de Rodas (Cíes)
- Praia de Carracido (Cíes)

27(220).-BASES E CONVOCATORIA ESPECÍFICA DE SUBVENCÍONS PARA PROGRAMAS E ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN DA MULLER. EXPTE. 2326/224.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 6.03.06, e de acordo co informe-proposta da técnica da Oficina da Muller, do 9.03.06, conformado pola concelleira de dito servizo e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar as bases, que de seguido se transcriben e anexos obrantes no expediente, do programa específico de subvencións da Concellaría da Muller para programas ou actividades de promoción da muller.

2º.- Aprobar a convocatoria específica de subvencións para programas e actividades de promoción da muller realizadas durante o exercicio 2006.

3º.- Autorizar un gasto por importe máximo de 74.300 €, con cargo á partida 463.2.489.00.00 do presuposto vixente para o ano 2006, para atender as solicitudes presentadas ao abeiro desta convocatoria.

*CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS PARA PROGRAMAS
E ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN DA MULLER REALIZADAS DURANTE O EXERCICIO 2006*

Primeiro.- Normativa de aplicación

Consonte co disposto no art 28 da Lei de bases do Reximen Local e disposicións concordantes, o “II Plan de acción municipal para combater a violencia contra as mulleres 2004-2007” aprobado pola Xunta de Goberno Local o día 24 de novembro de 2004, o “III Plan municipal de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes 2005-2007”, e no marco xurídico definido na Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións, a Concellaría de Muller do Concello de Vigo convoca a concesión de subvencións en rexime de concurrencia competitiva destinadas a programas e actividades e servizos de promoción da muller durante o exercicio do 2006.

Segundo.- Crédito presupostario

A contía da presente convocatoria ascende a 74.300 €, con cargo á partida 463.2.489.00.00 (subvencións) do presuposto vixente para o ano 2006 do programa orzamentario da Concellaría da Muller, para atender as solicitudes presentadas ao abeiro desta convocatoria.

Terceiro.- Obxeto, condicións e finalidade

a) O obxecto da concesión da subvención é:

1.- Potenciar e difundir as actividades de promoción da muller encamiñadas a acadar a igualdade de oportunidades e trato nos diversos ámbitos da sociedade, especialmente na loita contra a violencia de xénero, a coeducación, a saúde feminina e o fomento da participación social.

2.- Atender as demandas e necesidades das mulleres priorizadas no “II Plan municipal para combater a violencia contra as mulleres 2004/2007” e no “III Plan de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes do Concello de Vigo 2005/2007”.

3.-Promover o investimento de recursos sociais en accións positivas para as mulleres.

4.- Potenciar o asociacionismo feminino e a participación das mulleres en todos os ámbitos.

5.- Impulsar a apertura de novas canles de intervención a favor das mulleres, evitando perpetuar os roles tradicionalmente sexistas.

b) Condicións:

Só poderán concorrer a esta convocatoria as asociacións que reunan as seguintes condicións:

a) Estar inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións e ter ao día a documentación.

b) Estar ao día nas obrigas tributarias co Concello, Axencia Tributaria e coa Seguridade Social.

c) O ámbito espacial destas actividades será o termo municipal de Vigo. Poderán subvencionarse excepcionalmente, actividades fora do municipio de Vigo (programas de intercambio con outras asociacións, asistencia a cursos, congresos,etc) debidamente xustificados e sempre que teñan relación ou implicación directa ca actividade da asociación e os obxectivos da convocatoria.

c) A finalidade da concesión de subvención é:

1.- Potenciar e difundir as actividades de promoción da muller encamiñadas a acadar a igualdade de oportunidades e trato nos diversos ámbitos da sociedade, especialmente na loita contra a violencia de xénero, a coeducación, a saúde feminina e o fomento da participación social.

2.- Atender as demandas e necesidades das mulleres priorizadas no “II Plan municipal para combater a violencia contra as mulleres 2004/2007” e no “III Plan de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes do Concello de Vigo 2005/2007”.

3.-Promover o investimento de recursos sociais en accións positivas para as mulleres.

4.- Potenciar o asociacionismo feminino e a participación das mulleres en todos os ámbitos.

5.- Impulsar a apertura de novas canles de intervención a favor das mulleres, evitando perpetuar os roles tradicionalmente sexistas.

Cuarto.- Publicidade

Co obxecto de garantir a igualdade de oportunidades e a concorrência competitiva , as bases serán publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOP), nos medios de comunicación local e atoparanse expostas no taboleiro de anuncios da Casa do Concello e no Rexistro Xeral, ademais de darlle cumprida publicidade á convocatoria na prensa local.

Quinto.- Requisitos e forma de acreditación:

As solicitudes de subvención dirixiranse á Excma. Sra. alcaldesa e presentaranse a través do Rexistro Xeral do Concello ou por calquera dos procedementos establecidos no art. 38.4 da Lei 4/1999 do 13 de xaneiro, de modificación da Lei 30/1992 do 26 de novembro de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, mediante a presentación da solicitude de subvención, nos impresos normalizados.

A solicitude deberá vir cuberta e coa seguinte documentación:

- a) Solicitude de subvención dirixida á Excm. Sra. alcaldesa, segundo modelo normalizado (ANEXO I). Presentarase unha única solicitude para todos os proxectos solicitados.*
- b) Proxecto de actividades a favor das mulleres para as que se solicita subvención (ANEXO II). Complimentarase tantas veces como número de proxectos se soliciten. No caso de presentar proxectos de formación deberá achegarse currículo das/os monitoras/es.*
- c) Programa das actividades a favor das mulleres que desenvolverá a entidade durante o ano 2006. No programa deberá especificarse o presuposto e este deberá vir asinado polo/a representante da entidade.*
- d) Fotocopia do CIF da entidade solicitante.*
- e) Certificación da Entidade bancaria: incluír o/a titular (que deberá coincidir coa asociación solicitante) e o número de conta, nome da entidade e enderezo completo.*
- f) Certificación que acredite que a entidade solicitante está ao día nas obrigas tributarias coa Axencia Tributaria e coa Seguridade Social, expedidas cunha antigüidade menor de seis meses. No caso de teren presentado xa a devandita documentación no Concello, sempre e cando non caducase, chegará con facelo constar indicando a convocatoria e o departamento no que foi entregada. A/o solicitante autoriza ao Departamento da Muller a que no seu nome solicite ao departamento municipal de Recaudación estar ao corrente dos pagos có Concello de Vigo.*

Sexto.- Órganos competentes para a instrución e resolución do procedemento:

A instrución do procedemento de concesión das subvencións convocadas correspóndelle ao Departamento da Muller da Área de Promoción Económica e Desenvolvemento Local.

Recibidas as solicitudes, procederase ao estudo destas e da documentación que debe de acompañalas. Se a solicitude, documentación e información presentada non reúne os requisitos esixidos nestas bases, o/a interesado/a será requerido/a para que no prazo de dez días, que se contarán dende a recepción da notificación, corrixa as faltas e achegue os documentos preceptivos, con indicación de que, de non facelo así, se desestimarán a súa petición, que se arquivará sen máis trámites ao abeiro do disposto no artigo 71 da Lei 30/1992.

Rematada a instrución do expediente, este será remitido á Comisión de Avaliación.

Correspondelle á Xunta de Goberno Local a resolución motivada da concesión das axudas ou desestimación do resto das solicitudes, no prazo de catro meses que contará dende a data de terminación do prazo de presentación das solicitudes.

A resolución do procedemento notificaráselles ás/ós interesadas/os conforme o previsto no art. 58 da Lei 30/1992 LRX-PAC. As subvencións concedidas de importe superior a 3.000€ publicaránse no BOP con expresión da convocatoria, programa e crédito orzamentario ao que se imputen, beneficiaria, cantidade concedida e finalidade da subvención. O resto de subvencións publicaranse no taboleiro de anuncios do Concello de Vigo.

O vencemento do prazo máximo sen terse notificado a resolución, lexítima ás interesadas para entender desestimada por silencio administrativo a solicitude de concesión da subvención.

Contra as resolucións administrativas que se adopten en execución delas poderá interpoñerse, potestativamente, recurso de reposición perante o órgano que a ditou no prazo dun mes. Entenderase desestimado se pasara outro mes sen contestarse; neste caso poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso Administrativo como se prevé no art. 8 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contenciosa administrativa (tras modificación dada pola Lei 19/2003, do 23 de decembro) no prazo de dous meses.

Asemade, contra a presente resolución tamén poderá interpoñer directamente o dito recurso contencioso-administrativo no indicado prazo.

En todos os casos os prazos contaránse a partir do día seguinte á recepción da correspondente notificación ou da data na que o recurso de reposición se entende desestimado.

Sétimo.- Criterios de valoración das solicitudes

Os criterios que se analizarán para a concesión das subvencións serán os seguintes e aplicaranse dun xeito conxunto para todos os proxectos presentados por unha mesma entidade solicitante, e puntuaríanse até un máximo de 5 puntos cada un deles:

- a) Calidade do proxecto e adecuación aos obxectivos recollidos na cláusula cuarta das bases.
 - *calidade do proxecto (valorarase a rigurosidade, o equipo de traballo presentado, coherencia e viabilidade do proxecto): 0 a 2 puntos*
 - *por recoller o proxecto un ou máis obxectivos dos contemplados na cláusula cuarta: 1 punto por cada obxectivo recollido ata un máximo de 3 puntos.**

- b) Características do proxecto:
 - *Ámbito de aplicación (0 a 1 punto)*
 - *Número de beneficiarias (0 a 1 punto)*
 - *Participación de voluntariado (1 punto)*
 - *Apertura de novas canles de intervención a favor das mulleres (1 a 2 puntos)**

- c) Formas de financiamento dos proxectos e achegas económicas das solicitantes, patrocinios,etc... Valorarase o maior investimento de recursos propios do solicitante nos distintos proxectos presentados, así como a infraestrutura, equipamento e recursos cos que conta a entidade para o desenvolvemento do proxecto.*

Oitavo.- Causas de denegación

Denegaránse as subvencións ás actividades ou proxectos que:

- 1.1. teñan unha canle específica de subvención por parte doutros sectores do Concello: deportes, benéfico-social, educativo, promoción turística, xuvenís, animación sociocultural...*
- 1.2. teñan carácter político e dotrinal de signo partidario ou confesional e as que inclúan actividades docentes previstas nos planos de ensino vixentes.*
- 1.3. inclúan os gastos xerais das entidades solicitantes relativos á administración, xestión, financiamento, adquisición de patrimonio, investimentos e equipamento, mantemento ou alugueiro do local social.*
- 1.4. non tivesen xustificado a subvención relativa á convocatoria anterior*

Noveno.- Prazo de presentación

O prazo para a presentación de solicitudes será de 20 días naturais dende o día seguinte á súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra.

Décimo.- Reformulación de solicitudes

A Concellaría da muller poderá solicitar a reformulación da solicitude e do proxecto, no caso de que o importe da subvención proposto na resolución definitiva sexa inferior ao 25% do importe solicitado. A reformulación deberá respectar o obxecto, condicións, finalidade e criterios de valoración da convocatoria.

Décimo primeiro.- Prazo de execución:

O prazo para a execución das actividades subvencionadas será ata o día 30 de novembro de 2006.

BASES DO PROGRAMA ESPECÍFICO DE SUBVENCIÓNS DA CONCELLARÍA DA MULLER

PRIMEIRA.- Ámbito

I. O fomento do asociacionismo feminino é o principal obxectivo da convocatoria específica de subvencións da Concellaría da Muller, aínda que non é o único. Desde o punto de vista da promoción da muller pódense agrupar en dous os tipos de asociacións existentes na nosa cidade:

1.- Asociacións especificamente de mulleres:

- de carácter e ámbito xeral*
- de carácter xeral e ámbito territorial menor que o do termo municipal*
- de carácter particular, dirixidas a mulleres que pertencen a un colectivo específico definido en relación con: maternidade, estado civil, profesión, etc.*

2.- Entidades e asociacións mixtas que realizan actividades específicas de promoción da muller nos diversos sectores nos que actúan.

a) - Cunha estrutura organizativa propia das mulleres como as Vogalías ou secretarías da muller :

- con base territorial nun barrio ou parroquia de Vigo: asociacións veciñais, culturais, deportivas, etc.*
- con base nun colectivo social específico: inmigrantes, persoas discapacitadas, profesionais, asalariados e asalariadas, etc.*

b) – Sen contar cunha estrutura organizativa propia das mulleres.

II. Son competencia da Concellaría da Muller as subvencións dedicadas exclusiva e especificamente a programas e actividades de promoción da muller de cara á consecución da igualdade de oportunidades, no marco establecido pola ONU e as recomendacións do Parlamento Europeo: accións contra as discriminacións que sofren as mulleres polo mero feito de selo, así como no marco autonómico pola Lei 7/2004, do 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes.

SEGUNDA.- Características xerais das subvencións

- a) As entidades solicitantes non poderán ter fin de lucro.*
- b) A resolución das solicitudes de subvención será competencia da Xunta de Goberno Local , unha vez realizados os informes e trámites preceptivos.*
- c) A contía de cada subvención poderá chegar até o 100% do custo da actividade.*
- d) As subvencións non son invocables como precedente. Non é, por tanto, esixible revisión, aumento ou anovación da subvención.*

- e) As subvencións non supoñen relación laboral ningunha co Concello de Vigo
- f) A xustificación da subvención deberá realizarse polo 100% do seu importe.
- g) Serán susceptibles de subvención os proxectos realizados dende o 1 de xaneiro ata o 30 de novembro de 2006.
- h) A presente convocatoria ríxese pola Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- i) A concelleira da Muller ten a facultade de interpretar as presentes bases.

TERCEIRA.- Condicións que deberán reunir as entidades solicitantes

Só poderán concorrer a esta convocatoria as asociacións que reunan as seguintes condicións:

- a) *Estar inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións e ter ao día a documentación.*
- b) *Estar ao día nas obrigas tributarias co Concello, Axencia Tributaria e coa Seguridade Social e non estar incluídas nalgún dos supostos de prohibición ou incompatibilidade previstos no art. 13 da Ley 38/2003, de 17 de novembro, General de Subvenciones.*
- c) *O ámbito espacial destas actividades será o termo municipal de Vigo. Poderán subvencionarse excepcionalmente, actividades fora do municipio de Vigo (programas de intercambio con outras asociacións, asistencia a cursos, congresos, etc) debidamente xustificadas e sempre que teñan relación ou implicación directa ca actividade da asociación e os obxectivos da convocatoria.*

CUARTA.- Obxectivos

1.- Potenciar e difundir as actividades de promoción da muller encamiñadas a acadar a igualdade de oportunidades e trato nos diversos ámbitos da sociedade, especialmente na loita contra a violencia de xénero, a coeducación, a saúde feminina e o fomento da participación social.

2.- Atender as demandas e necesidades das mulleres priorizadas no “II Plan municipal para combater a violencia contra as mulleres 2004/2007” e no “III Plan de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes do Concello de Vigo 2005/2007”.

3.- Promover o investimento de recursos sociais en accións positivas para as mulleres.

4.- Potenciar o asociacionismo feminino e a participación das mulleres en todos os ámbitos.

5.- Impulsar a apertura de novas canles de intervención a favor das mulleres, evitando perpetuar os roles tradicionalmente sexistas.

QUINTA.- Criterios de valoración das solicitudes

Os criterios que se analizarán para a concesión das subvencións serán os seguintes e aplicaranse dun xeito conxunto para todos os proxectos presentados por unha mesma entidade solicitante, e puntuaríanse até un máximo de 5 puntos cada un deles:

- a) *Calidade do proxecto e adecuación aos obxectivos recollidos na cláusula cuarta das bases.*
 - *calidade do proxecto (valorarase a rigurosidade, o equipo de traballo presentado, coherencia e viabilidade do proxecto): 0 a 2 puntos*

- *por recoller o proxecto un ou máis obxectivos dos contemplados na cláusula cuarta: 1 punto por cada obxectivo recollido ata un máximo de 3 puntos.*

b) *Características do proxecto:*

- *Ámbito de aplicación (0 a 1 punto)*
- *Número de beneficiarias (0 a 1 punto)*
- *Participación de voluntariado (1 punto)*
- *Apertura de novas canles de intervención a favor das mulleres (1 a 2 puntos)*

c) *Formas de financiamento dos proxectos e achegas económicas das solicitantes, patrocinios, etc... Valorarase o maior investimento de recursos propios do solicitante nos distintos proxectos presentados, así como a infraestrutura, equipamento e recursos cos que conta a entidade para o desenvolvemento do proxecto.*

SEXTA.- Causas de denegación

Denegarase as subvencións ás actividades ou proxectos que:

- 1.1. teñan unha canle específica de subvención por parte doutros sectores do Concello: deportes, benéfico-social, educativo, promoción turística, xuvenís, animación sociocultural...*
- 1.2. teñan carácter político e doutrinal de signo partidario ou confesional e as que inclúan actividades docentes previstas nos planos de ensino vixentes.*
- 1.3. inclúan os gastos xerais das entidades solicitantes relativos á administración, xestión, financiamento, adquisición de patrimonio, investimentos e equipamento, mantemento ou alugueiro do local social.*
- 1.4. non tivesen xustificado a subvención relativa á convocatoria anterior.*

SÉPTIMA.-Presentación de solicitudes. prazo e documentación

1.- As solicitudes de subvención dirixirase á Excm. Sra. alcaldesa e presentaranse a través do Rexistro Xeral do Concello ou por calquera dos procedementos establecidos no art. 38.4 da Lei 4/1999 do 13 de xaneiro, de modificación da Lei 30/1992 do 26 de novembro de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, mediante a presentación da solicitude de subvención, nos impresos normalizados.

Durante todo este período e co obxecto de garantir a igualdade de oportunidades e a concorrencia, as bases serán publicadas nos medios de comunicación local e atoparanse expostas no taboleiro de anuncios da Casa do Concello e no Rexistro Xeral, ademais de darlle cumprida publicidade á convocatoria na prensa local.

O prazo para a presentación de solicitudes será de 20 días naturais dende o día seguinte á súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOP)

2.- A solicitude deberá vir cuberta e coa seguinte documentación:

- a) *Solicitude de subvención dirixida á Excm. Sra. alcaldesa, segundo modelo normalizado (ANEXO I). Presentarase unha única solicitude para todos os proxectos solicitados.*

- b) *Proxecto de actividades a favor das mulleres para as que se solicita subvención (ANEXO II). Cumplimentarase tantas veces como número de proxectos se soliciten. No caso de presentar proxectos de formación deberá achegarse currículo das/os monitoras/es.*
- c) *Programa das actividades a favor das mulleres que desenvolverá a entidade durante o ano 2006. No programa deberá especificarse o presuposto e este deberá vir asinado polo/a representante da entidade.*
- d) *Fotocopia do CIF da entidade solicitante.*
- e) *Certificación da Entidade bancaria: incluirá o/a titular (que deberá coincidir coa asociación solicitante) e o número de conta, nome da entidade e enderezo completo.*
- f) *Certificación que acredite que a entidade solicitante está ao día nas obrigas tributarias coa Axencia Tributaria e coa Seguridade Social, expedidas cunha antigüidade menor de seis meses. No caso de teren presentado xa a devandita documentación no Concello, sempre e cando non caducase, chegará con facelo constar indicando a convocatoria e o departamento no que foi entregada. A/o solicitante autoriza ao Departamento da Muller a que no seu nome solicite ao departamento municipal de Recaudación estar ao corrente dos pagos có Concello de Vigo.*

A presentación da solicitude suporá que o/a solicitante coñece e acepta as presentes bases de convocatoria.

OITAVA.- Tramitación, procedemento de concesión e xestión das subvencións.

1.- A instrución do procedemento de concesión das subvencións convocadas correspóndelle ao Departamento da Muller da Área de Promoción Económica e Desenvolvemento Local.

2.- Recibidas as solicitudes, procederase ao estudo destas e da documentación que debe de acompañalas. Se a solicitude, documentación e información presentada non reúne os requisitos esixidos nestas bases, o/a interesado/a será requerido/a para que no prazo de dez días, que se contarán dende o día seguinte á recepción da notificación, corrixa as faltas e achegue os documentos preceptivos, con indicación de que, de non facelo así, se desestimará a súa petición, que se arquivará sen máis trámites ao abeiro do disposto no artigo 71 da Lei 30/1992.

3.- Rematada a instrución do expediente, este será remitido á Comisión de Avaliación, integrada pola concelleira da Área de Promoción Económica e Desenvolvemento Local que actuará como presidenta, e a técnica do departamento de Muller.

4.- A valoración individual das subvencións determinarase procedendo primeiro á exclusión das solicitudes á que se refire o apartado 1 da cláusula quinta e valoraranse as restante solicitudes, conforme co establecido no apartado 2 da mesma base.

5.- Correspóndelle á Xunta de Goberno Local a resolución motivada da concesión das axudas ou desestimación do resto das solicitudes, no prazo de catro meses que contará dende a data de terminación do prazo de presentación das solicitudes.

A resolución do procedemento notificaráselles ás/ós interesadas/os conforme o previsto no art. 58 da Lei 30/1992 LRX-PAC. As subvencións concedidas de importe superior a 3.000€ publicaranse no BOP con expresión da convocatoria, programa e crédito orzamentario ao que se imputen, beneficiaria, cantidade concedida e finalidade da subvención. O resto de subvencións publicaranse no taboleiro de anuncios do Concello de Vigo.

6.- O vencemento do prazo máximo sen terse notificado a resolución, lexítima ás interesadas para entender desestimada por silencio administrativo a solicitude de concesión da subvención.

7.- Contra as resolucións dictadas no presente procedemento que poñan fin a vía administrativa poderá interpoñerse: potestativamente, recurso de reposición perante o órgano que a dictou no prazo dun mes ou, directamente, recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, non podendo simultanearse ambos recursos. En ámbolos casos o prazo contarase dende o día seguinte a súa notificación.

8.- Unha vez que o Concello de Vigo notifique a contía e obxecto da subvención a entidade remitirá no prazo máximo de quince días, que contará desde o día seguinte da data de notificación, os seguintes datos:

- Calendario, horario e local de realización.
- Data de inauguración e/ou clausura do evento.
- Sempre que fose posible, deseño da propaganda a imprimir, para conformar pola Concellaría da Muller, se non presentárase para a conformidade de acordo co previsto no apartado i) da cláusula novena destas mesmas bases. A tal fin entregarase cunha semana de antelación os modelos de convocatoria e outros impresos. A conformidade darase por escrito no marxe do documento antes da súa impresión.

9.- A Concellaría da muller poderá solicitar a reformulación da solicitude e do proxecto, no caso de que o importe da subvención proposto na resolución definitiva sexa inferior ao 25% do importe solicitado. A reformulación deberá respectar o obxecto, condicións, finalidade e criterios de valoración da convocatoria.

10.- No caso de que unha vez resolta a convocatoria pública de subvencións e no transcurso do exercicio quedase crédito sen aplicación na partida correspondente, poderase atender aquelas solicitudes que non acadasen subvención, sempre que estas solicitudes fosen presentadas no seu momento dentro da convocatoria, atendendo aos criterios, requisitos, procedementos e outros extremos expostos nestas bases.

NOVENA.-Obrigas:

Os/as solicitantes de subvencións quedan obrigados/as a:

- a) Cumprir todas as estipulacións establecidas nestas bases e no marco xurídico definido na Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- b) Asumir as responsabilidades que poidan derivarse da realización dos programas e actividades.
- c) Solicitar e dispor dos permisos e autorizacións necesarios para o desenvolvemento das actividades.
- d) Aboar as taxas, impostos, dereitos de autora e todos os demais gastos derivados da realización das actividades para as que se solicita a subvención
- e) Estar ao corrente nos pagamentos ao Concello de Vigo, así como das restante obrigas tributarias e coa Seguridade Social, de ser o caso.

- f) Responder legalmente da veracidade dos datos expostos na solicitude e na documentación presentada.
- g) Comunicar calquera eventualidade, no momento en que se produza, na programación, desenvolvemento ou finalización da actividade subvencionada.
- h) Someterse ao seguimento, control e comprobación de execución das actividades obxecto da subvención que estime procedente levar a cabo a Concellaría da Muller, segundo o disposto no artigo 46 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- i) Informar e publicitar as actividades subvencionadas, farase constar nun lugar destacado da publicidade das actividades e programas subvencionados, a participación da Concellaría da Muller, mediante a inclusión do seu logotipo e anagrama.
- j) A lingua que se empregará, nos distintos soportes de difusión da actividade, será o galego dentro do ámbito territorial de Galicia. A Concellaría da Muller estudará cál sería a lingua que empregar para a difusión noutros ámbitos territoriais. En todo caso, actuaríase conforme á Ordenanza de normalización Lingüística do Concello de Vigo.

DÉCIMA.- Compatibilidade.

A concesión de subvencións ao abeiro da presente convocatoria será compatible con outras outorgadas para a mesma finalidade por outras administracións públicas, sempre que o seu importe global non supere o custo total do programa ou actividade obxecto da subvención.

DÉCIMO PRIMEIRA.- Pagamento e xustificación.

1.- O pagamento das subvencións efectuarase mediante transferencia bancaria unha vez rematadas as actividades ou programas obxecto da subvención, tras a presentación a través do Rexistro Xeral, antes do 15 de decembro do correspondente exercicio económico, da seguinte documentación xustificativa:

a) Breve memoria de avaliación da actividade ou programa subvencionado asinada polas persoas responsables da actividade, que deberá incluír como mínimo os seguintes datos:

- Datos sobre as participantes: número, perfil, etc.
- Explicación do desenvolvemento da actividade.
- Memoria de prensa: folletos, impresos publicitarios realizados con motivo da actividade subvencionada; en caso de non terse editado ningún material publicitario deberá indicarse este extremo.
- Relación de ingresos e gastos: detalle dos gastos e das contías ingresadas por todos os conceptos: contribución económica da entidade beneficiaria da subvención, contías das subvencións recibidas de institucións, achegas económicas doutros patrocinadores, ingresos diversos, contías e procedencia.
- Se a actividade desenvolvida fose un curso ou un servizo facilitarase unha relación co nome do alumnado participante.
- Outros datos que a xuízo do departamento da muller sexan necesarios para axustarse ás medicións de items e demais aspectos metodolóxicos que se fixen para as avaliacións do “II plan municipal para combater a violencia contra as mulleres 2004/2007” e o “III plan municipal de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes do Concello de Vigo 2005/207 ”.

b) *Facturas orixinais polo importe subvencionado. Neste sentido non se admitirán facturas duplicadas, nin aquelas que non reúnan as condicións esixidas polo artigo 6 do R.D. 1496/2003 polo que se regula o deber de expedir e entregar facturas que incumben a empresarios/as e profesionais. As facturas presentadas terán que estar emitidas a nome da entidade perceptora da subvención, reflexando de forma expresa que o seu pago foi efectuado, e en todas elas deberá figurar o “conforme” do/a presidente/a da entidade así como:*

- .- Nome ou razón social do provedor, co seu NIF ou CIF correspondente*
- .- Importe da factura e IVE no seu caso*
- .- Identificación completa de quen aboa o importe*
- .- Descrición suficiente da subministración ou servizo*
- .- Numero e data da factura*

c) *Copias das liquidacións dos IRPF que legalmente correspondan.*

2.- *Procederá por razóns xustificadas, ó dereito ao cobro parcial e redución da subvención no caso da non execución dalgunha das actividades previstas no proxecto ou incumprimento dalgunha das obrigas pola entidade beneficiaria.*

A resolución da redución das axudas será competencia da Concellaría da Muller. Asemade, reducirase a subvención cando os gastos xustificadas fosen inferiores aos subvencionados, ou se obtivesen ingresos superiores aos previstos.

3.-*No caso de que unha asociación non puidese, excepcionalmente, desenvolver algunha das actividades subvencionadas, poderáselle propor á Concellaría de Muller, o proxecto alternativo que se considere máis adecuado para o destino do importe subvencionado.*

Os cambios propostos serán debidamente razoados, e presentados con, canda menos un mes de antelación á execución prevista. As propostas de cambio formuladas pola entidade, nunca se referirán á máis dun proxecto.

Serán valorados igualmente segundo os criterios establecidos nestas bases e deberán xustificarse nos prazos e condicións.

Os novos proxectos deberán cumprir as seguintes condicións:

- a) enmarcarse dentro do programa e obxectivos previstos nestas bases*
- b) ser de igual nivel técnico que o proxecto o cal substitúe*
- c) ser presentados cumprindo as mesmas condicións e a mesma forma establecida nestas bases.*

En calquer caso, será a Concellaría da Muller quen valore a excepcionalidade dos cambios e as razóns aducidas para iso, co obxecto de ser admitidos ou non, a trámite. O prazo de resolución da solicitude de modificación da concesión será dun mes que contará dende a súa entrada no Rexistro Xeral. Transcorrido o prazo sen resolución expresa entenderase estimada a solicitude.

4.- *No caso de que a entidade beneficiaria xustifique gasto inferior ao 50% do importe subvencionado, non se considerará cumprida a finalidade básica da subvención, polo que non se aboará cantidade ningunha.*

DECIMO SEGUNDA.- Revogación, renuncia, reintegro e réxime sancionador.

1.- *Procede a revogación das subvencións concedidas en caso de:*

a) *Incumprimento por parte do/a beneficiario/a das subvencións de calquera das obrigas, requisitos condicións e demais circunstancias que produciron o seu outorgamento. A variación da finalidade da actuación. A insuficiente xustificación do proxecto. A obtención concurrente doutras axudas compatibles ou incompatibles. Estas circunstancias darán lugar á revogación parcial ou total da subvención e a obriga do reintegro das cantidades percibidas máis o correspondentes xuros de demora dende o momento do seu pagamento, sen menoscabo das sancións que, de ser o caso, resulten esixibles.*

b) *A non xustificación da subvención no prazo concedido.*

2.- *O/A beneficiario/a poderá renunciar voluntariamente á subvención. Neste caso reintegrará o importe percibido, nas condicións que establece a normativa legal de aplicación. A renuncia soamente poderá admitirse no prazo de tres meses a contar dende a notificación definitiva do outorgamento da axuda, no caso contrario procederá a anulación por incumprimento, coa conseguinte esixencia das responsabilidades que dela se deriven.*

3.- *Tanto as causas coma o procedemento de reintegro, infraccións e sancións rexeráse polas disposicións xerais sobre procedementos administrativos contidas no Título VI da Lei 30/1992, do 26 de novembro LRX-PAC, sen prexuízo das especialidades que se establecen na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e disposicións de desenvolvemento.*

4.- *As entidades beneficiarias das subvencións quedarán sometidas ás prescricións que en materia de control financeiro, reintegro e réxime sancionador por infraccións administrativas en materia de subvencións, establece a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.*

DECIMO TERCEIRA.- Publicidade.

As subvencións concedidas publicaranse no Boletín Oficial da Provincia, se o importe da subvención individualmente considerado supera os 3.000€, ou no taboleiro de anuncios da entidade local no restantes casos. En ambos casos expresarase ao beneficiario, a cantidade concedida e a finalidade da subvención.

DECIMO CUARTA.- Seguimento, control e inspección.

O Concello de Vigo, polos medios que estime oportunos e conforme a Lei xeral de subvencións, comprobará a realización das actividades e o cumprimento dos requisitos e condicións baixo os cales se concedeu a axuda.

DECIMO QUINTA.- Disposicións finais.

1.- *O Concello de Vigo quedará exento de calquera responsabilidade civil, mercantil, laboral ou calquera outra derivada das actuacións á que están obrigadas as persoas ou entidades destinatarias das subvencións outorgadas.*

2.- En todo aquilo non previsto na presente convocatoria estarase ao establecido na lei 38/200, de 17 de novembro *General de Subvenciones e demais disposicións vixentes aplicables en materia de subvencions.*

28(221).-PROPOSTA PARA DEIXAR SEN EFECTO O ACORDO DE CESIÓN DE PARCELA SITA NA FLORIDA Á SECRETARÍA XERAL DO DEPORTE. EXPTE. 17621/240.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do 2.03.06, conformado polo xefe da Unidade de Patrimonio e Contratación, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN:

- *Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local (LBRL).*
- *Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALG).*
- *RD 1372/1986, de 13 de xuño, Regulamento de Bens das Entidades Locais (RBEL).*

ANTECEDENTES:

Primeiro.- O Plan Especial de Reforma Interior II-12 FLORIDA-B foi aprobado definitivamente o 7 de setembro de 1990. Entre as determinacións do PERI, recollidas no Proxecto de Compensación, aprobado pola Xunta de Compensación en data 27 de novembro de 1992, e elevado a escritura pública e inscrito no Rexistro da Propiedade de Vigo o 5 de xullo de 1993, estaba a cesión ó Excmo. Concello de Vigo, por parte da Xunta de Compensación, dunha parcela de 2.673 m2 denominada A.2, destinada a equipamento asistencial.

Segundo.- A parcela recollese no Proxecto de Compensación coa seguinte descrición: “Solo destinado a Equipamento Deportivo, situado na Parroquia de San Antonio da Florida, Térmo municipal de Vigo, ubicado ó Noroeste do Polígono III do P.E.R.I II-12 A FLORIDA-B. Ten a superficie de 2.673 m2. Lindeiros: Noroeste, en liña quebrada de 27 m2, máis 22,50 mts., máis 12,50 mts., máis 57,70 mts., superficie de cesión de edificacións existentes con fronte á Avda. de Castelao; Sureste, en liña quebrada de 21 mts., con área de uso público , máis 3, 50 mts., máis 28 mts., máis 42,50 mts, máis 8,50 mts., con acera en superficie obxecto de cesión das Parcelas nº 60-e) e 59, e 4,50 mts, con área de uso público ; Nordeste, en liña de 10 mts., área en superficie de cesión para uso público da Parcela nº 15-b); Suroeste, en liña quebrada de 31 mts., con área de uso público, máis 26 mts., coa acera da rúa C-D”.

Terceiro.- O Pleno deste Excmo. Concello, en sesión de 10 de setembro de 1993 acordou a cesión desta parcela á Secretaria Xeral do Deporte da Consellería da Presidencia da Xunta de Galicia, no entanto, o procedemento non chegou a finalizar e non se concluíron os trámites esixidos polos artigos 109 e 110 RBEL, non constando no mesmo comunicación ningunha de órgano competente da Xunta sobre a aceptación ou rexeitamento da cesión.

Cuarto.- Evacuáase trámite de audiencia á Dirección Xeral para o Deporte da Consellería de Cultura e Deporte da Xunta de Galicia, que en data 27 de xaneiro de 2006 manifesta que “non consta neste centro directivo o acordo de cesión que se di adoptado con data 10 de setembro de 1993”. Asimesmo, solicitan a cesión gratuita por parte deste Concello do edificio administrativo sede das Federacións Deportivas Galegas construído na parcela nº 23 do Polígono V do PERI-II Florida B, e da parcela urbanizada e non ocupada polo mesmo, parcela diferente á que é obxecto deste expediente.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS:

Primeiro.- O artigo 109 do RBEL autoriza as Entidades locais para ceder gratuitamente os seus bens inmobles patrimoniaís a Entidades ou institucións públicas para fins que redunden en beneficio dos habitantes do termo municipal, ou a institucións privadas de interés público sen ánimo de lucro.

Segundo.- Ó tratarse dun negocio xurídico gratuito sobre bens inmobles, aplícase o réxime establecido no Código Civil para as doazóns deste tipo de bens. O artigo 630 deste corpo legal impón ó doatario a obriga de aceptar, so pena de nulidad, a doazón por si, ou por medio de persoa autorizada con poder especial para o caso, ou con poder xeral e bastante e segundo o artigo 629 a doazón non obriga ó doante, nin produce efecto, senón dende á aceptación. E a doazón non se perfecciona ata que o doante coñece a aceptación do doatario (artigo 623). No caso que nos ocupa non consta a aceptación da cesión por parte da Xunta de Galicia.

Terceiro.- Ademáis, no caso de doazón de cosa inmoble, ó tratarse dun negocio xurídico formal, o artigo 633 CC impón como condición de validez do mesmo que a doazón se efectue en escritura pública, na que terán que expresarse individualmente os bens doados, e no seu caso, o valor das cargas que teña que satisfacer o donatario, e esixe que a aceptación conste ou na mesma escritura ou noutra separada, en cuio caso, deberá notificarse a aceptación en forma auténtica ó doador, e se anotará esta dilixencia en ambas escrituras, requisitos que non tiveron cumprimento no presernte caso.

Cuarto.- Resulta competente para a adopción do presente acordo a Xunta de Goberno Local, de conformidade co disposto no artigo 127.1 f da LBRL.

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do presente acordo:

“Deixar sen efecto o acordo de cesión da parcela sita no PERI II-12 FLORIDA-B, de 2.673 m2, denominada A.2, e destinada a equipamento asistencial á Secretaria Xeral do Deporte da Consellería da Presidencia da Xunta de Galicia.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

29(222).-RECURSO DE REPOSICIÓN PRESENTADO POLA EMPRESA DICONSA CONTRA ACORDO DE ADXUDICACIÓN DAS OBRAS DE MUSEALIZACIÓN DA VILA ROMANA DE TORALLA. EXPTE. 1686/307.DESESTIMADO.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe de negociado de Contratación, do 13.03.06, conformado polo xefe da Área de Contratación e Novos Proxectos, que di o seguinte

Con data 20-02-2006, “Diseño y Construcción, S.A. (DICONSA) interpuxo recurso de reposición contra o acordo da Xunta de Goberno local polo que se adxudicou o concurso para a execución das obras do proxecto arquitectónico de musealización da vila romana de Toralla 1ª fase.

O recurso esta baseado en tres alegacións:

1.- Ausencia do obxecto certo do contrato.

2.- Ausencia da motivación da urxencia e contradicción entre anuncio e prego de cláusulas administrativas particulares.

3.- Establecemento dun prazo para a presentación de proposicións contrario a dereito

Por último no escrito de presentación do recurso solicita a suspensión da execución de dito acordo.

Do contido do recurso de reposición presentado déuselle traslado o licitador que resultou adxudicatario en cumprimento do disposto no artigo 112.2 da Lei 30/92 do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas do procedemento administrativo común. No prazo outorgado non presentou alegacións.

Respecto das alegacións formulados por DICONSA cumpre informar o seguinte:

1.- Ausencia do obxecto certo do contrato.

O prego de condicións administrativas que rexeu a contratación aprobado por acordo da Xunta de Goberno de 09-12-2005 no súa cláusula primeira establece como obxecto do contrato a execución das obras da primeira fase do proxecto de conservación-restauración da Vila Romana de Toralla, redactado polos arquitectos Salvador Fraga Rivas, Manuel Portoles Sanjuán e Javier García Quijada Romero.

Dito proxecto completo foi aprobado por acordo da Xunta de Goberno de 10-12-2003.

En canto a definición das obras da primeira fase do contrato son as que constan na separata do proxecto presentada no Rexistro Xeral con data 19-10-2005 e que foron informadas da forma seguinte polo arquitecto municipal D. Juan Luis Piñeiro Ferradas o día 25-10-2005.

“Pola presente e dende este servizo técnico informase favorablemente as modificacións feitas no proxecto arquitectónico das obras de musealización da Vila Romana de Toralla.....”

“As modificacións soamente atinxen á obra executar en cada unha das fases e non as características do proxecto xa aprobado.”

En canto a proposta contida no informe que realiza o servizo de Patrimonio Histórico no que se solicita un incremento na partida dos traballos arqueolóxicos do presuposto de execución na cantidade de 80.080,45 euros, non foi tida en conta nin pola Mesa de Contratación, nin polo órgano de contratación quen adxudica á execución das obras no prezo ofertado por Norvial, S.L.

A licitación presentaron ofertas dous licitadores que é de supoñer que para facer a súa oferta coñecían o proxecto, ademais na oferta da empresa recorrinte presenta documentación coma o programa de obra no que describe a programación temporal das obras en relación con cada un dos capítulos do proxecto, ademais pormenoriza os materiais que vai a empregar como electrobombas, gavión, varandas de aceiro inoxidable, valados de malla, materiais de electricidade, etc, todos eles materiais esixidos no proxecto.

Entendo polo tanto que o obxecto do contrato estaba plenamente determinado e polo tanto debe desestimarse a o recurso en este aspecto concreto.

2.- Ausencia da motivación da urxencia e contradicción entre anuncio e prego de cláusulas administrativas particulares.

3.- Establecemento dun prazo para a presentación de proposicións contrario a dereito.

O tratamento de estas dúas alegación fareina de maneira conxunta xa que afectan o prazo outorgado ós licitadores para presentar ofertas.

En primeiro lugar na separata da primeira fase do proxecto das obras do proxecto arquitectónico de musealización da vila romana de Toralla os arquitectos redactores “estiman muy conveniente actuar de inmediato sobre el propio recinto arqueológico para atajar su deterioro”, este deterioro é o que motiva a tramitación urxente do expediente.

Como segunda consideración, da consulta do expediente se constata unha contradicción entre o prazo para a presentación de propostas previsto no prego de condicións e o que figura no anuncio de licitación, e incluso este último prazo non corresponde co previsto para a licitación por procedemento de urxencia dos contratos de obra.

Os licitadores dispuxeron de 11 días dende que se publicou o primeiro dos anuncios de licitación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (día 16-12-2005) e a data limite para presentar as proposicións (día 27-12-2005), este prazo foi igual para tódolos interesados e non constan ademais que se presentaran reclamacións contra o mesmo ata a presentación de este recurso de reposición unha vez coñecida a adxudicación.

Resulta importante esta circunstancia xa que o recorrente ben puido dar conta desta circunstancia no momento de licitación (solicitud de medidas provisionais previstas no artigo 60 bis do texto refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas) sen embargo presentou oferta dentro do prazo habilitado polo que tivo coñecemento da licitación e tempo preciso para presentar oferta.

Admitir a pretensión do recorrente de anular o expediente por este motivo suporía unha quebra do principio de igualdade respecto os licitadores presentados e máis concretamente sobre o licitador que resultou adxudicatario, xa que a súa oferta sería coñecida polos outros posibles licitadores.

Ademais o atraso na execución das obras pola tramitación dun novo expediente de contratación danaría o interese público xa que se deterioraría máis o recinto arqueolóxico

Entendendo polo tanto cumprida no expediente a motivación da declaración de urxencia e garantida a publicidade do expediente por un tempo suficiente para a presentación de ofertas e tendo en conta ademais os perdas que se puideran derivar para o interese público (deterioro do recinto arqueolóxico) e para o adxudicatario, que vería como os posibles novos licitadores coñecerían o contido da súa oferta estimo que debe rexeitarse o recurso presentado respecto a estes dous aspectos.

Por último débese rexeitar tamén a solicitud de suspensión da execución do acordo recorrido.

A vista das anteriores circunstancias, proponse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Desestimar o recurso de reposición presentado por “Diseño y Construcción, S.A. (DICONSA)” contra o acordo da Xunta de Goberno celebrada o día 30-12-2005 polo que se adxudicaron as obras do proxecto arquitectónico de musealización da vila romana de Toralla 1ª fase. As causas de esta desestimación son as que figuran na parte expositiva de este informe.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

30(223).-REVISIÓN DE TARIFAS E CANON DE CONCESIÓN ADMINISTRATIVA DO APARCAMENTO SUBTERRÁNEO DA PRAZA DE PORTUGAL. EXPTE. 17686/240.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Contratación, do 15.02.06, conformado polo interventor xeral, que di o seguinte:

D. José Miguel López Aguirre, en nome e representación da entidade Interparking Hispania, S.A., concesionaria da construción e explotación do aparcamento subterráneo na Praza de Portugal, mediante escrito presentado no Rexistro Xeral, nº doc 60017881, solicita a revisión das tarifas que se están aplicando os usuarios de dito aparcamento.

O fundamento de dita solicitude atopase no prego de Condicións que no seu día rexeu a concesión da construción e explotación do aparcamento subterráneo, que establece como requisito para que se puidan revisar as tarifas, os seguintes : a) que transcorresen tres anos dende a derradeira revisión aprobada, b) que os coeficientes de revisión Kt, alcance para cada revisión aprobada polo menos un 10% de aumento, con respecto a última revisión aprobada (cláusula XIV do prego de condicións e proposta presentada pola empresa no momento da adxudicación).

Por outra parte debese sinalar que na cláusula XVII do citado prego, en referencia o Canon que a concesionaria satisface o Concello deVigo, revisarase automaticamente cando sean revisadas as tarifas.

As tarifas que se estableceron no momento do otorgamento da concesión administrativa, segundo copia da escritura de adxudicación de obrase explotación do aparcamento subterráneo, de data 13 de decembro de 1973, nº 6.144, foron as seguintes:

- Primeira hora ou fracción..... 0,09015 euros.
- Cada media hora ou fracción..... 0,03005 euros.

O canon inicial da concesión para construción e explotación do aparcamento era de 550.000 pts. (3.305,60 euros).

Con respecto o cálculo do coeficiente de revisión Kt, no Pleno deste Concello en sesión celebrada o día 9 de novembro de 1998, aprobouse a modificación da fórmula que se aplicaba para o seu cálculo, quedando esta establecida da forma seguinte:

$$Kt= 0,50 Mt/Mo + 0,10 Et/Eo + 0,10 Ct/Co + 0,20$$

Os coeficientes con índice cero, corresponden ós índices de man de obra provincial, materiais siderúrgicos, enerxía e cemento, do ano de revisión.

Os coeficientes con subíndice t, corresponden os índices dos mesmos elementos citados no apartado anterior, correspondentes o ano no que se realice a revisión.

O motivo do cambio da fórmula de revisión surxira por que se deixara de publicar os índices de man de obra provincial, e así na citada sesión do pleno municipal acordouse que para o cálculo do coeficiente de revisión, aplicáraselle ó índice de man de obra utilizado na última revisión (marzo 1994) o incremento que se produciría no índice de man de obra nacional desde ese ano ó ano no que se efectue a revisión de prezos correspondente.

En base o anterior a fórmula de revisión das tarifas quedaría da seguinte forma, adxuntase copia co valor dos distintos índices:

$$Kt = 0,50 (5438,3342 / 315) + 0,10 (967,9 / 129,5 + 0,10 (2.230,6 / 120,2) + 0,10 1.432,2 / 120,2 = 12,6242$$

O valor do coeficiente de revisión Kt, unhas veces aplicados os índices legalmente publicados, é o seguinte: Kt = 12,6242, cumpríndose así mesmo os requisitos esixidos no prego para a procedencia de revisión, o haber transcurrido máis de dous anos dende a última revisión (Pleno 9/11/98) e superar en un 10% o último coeficiente de revisión aprobado (K98 = 10,843).

Polo exposto, as tarifas revisadas alcanzan os seguintes valores:

- Primeira hora ou fracción: 1,3201664, efectuando redondeo 1,30 iva engadido.
- Cada media hora ou fracción: 0,4400555, efectuando redondeo a 0,45 euros iva engadido.

Como no prego de condicións que no seu día rexeu a adxudicación da concesión prevese que o canon revisárase automaticamente no momento que se revisen as tarifas para obter este revisado, ó canon ofertado no seu día pola concesionaria, aplicáraselle o mesmo coeficiente que se aplica para a revisión das tarifas, obtendo un canon revisado de 41.730,55 euros/anuais.

Polo proposto proponse a Xunta de Goberno local do concello de Vigo a adopción do seguinte A C O R D O

“Aprobar a revisión das tarifas do aparcamento da Praza de Portugal, solicitado pola actual concesionaria Interparking Hispania, S.A., e fixar as mesmas dende a data de aprobación do presente acordo en

- Primeira hora ou fracción..... 1,30 euros, iva engadido.
- Cada media hora ou fracción..... 0,45 euros, iva engadido.

Así mesmo, fixar o canon a satisfacer a este Concello de Vigo no ano 2006 no importe de 41.730,55 euros/anuais.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

31(224).- ABOAMENTO DE COTAS A FAVOR DA COMUNIDADE DE PROPIETARIOS DA RÚA REPÚBLICA ARGENTINA, 12-14. EXPTE. 17667/240.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Especial do Servizo de Patrimonio e Contratación, do 3.03.06, conformado polo concelleiro de dito servizo e polo interventor xeral, que di o seguinte:

Pola Comunidade de propietarios, dos inmobles sitos na Rúa República Argentina, nº 12-14, solicitan, a este Concello de Vigo, o obono das cuotas de comunidade, que como propietarios de cincuenta vivendas en dito inmovible, adeudase a ésta.

ANTECEDENTES

Segundo a escritura pública, otorgada o 14 de setembro de 1994, a Xunta de Compensación Urbanizadora da Unidade de execución I-05; Rosalía de castro 1, de Vigo, declarou a obra nova en construción do edificio sito na rúa República Argentina 12-14, e constituíno en réxime de propiedade horizontal. En dita escritura adxudicáronse as diferentes entidades das que se compón dito edificio da forma seguinte: O Concello de Vigo, en pago e como contraprestación por aproveitamento da edificabilidade que lle corresponde dentro da unidade do ámbito da unidade de execución..., en total cincuenta vivendas.

As citadas vivendas atompase pendentes de inscrición rexistral, como fincas independentes.

Pola Comunidade de propietarios da rúa República argentina nº 12-14, reclamouse por vía xudicial, o pago das cuotas de comunidade que lle corresponden o Concello, como propietario das cincuenta vivendas, sendo o Fallo de dita reclamación, segundo o Xulgado de primeira instancia nº1, estimatorio da mesma, e condenando o Concello de Vigo a pagar a Comunidade de propietarios as cantidades adeudadas, en base a que se estima a titularidade de ditas vivendas ó mesmo, en virtude da escritura anteriormente citada de data 14 de setembro de 1994.

Por parte deste Concello, considerando que existían motivos para recorrela, presentouse recurso de apelación de apelación, o 30 de abril de 2004, resultando o fallo deste estimatorio para a “Comunidade de República Argentina nº 12 e 14”, condenando o Concello de Vigo a pagar a cantidade de 14.971,63 euros máis o interese legal do diñeiro desde a data de presentación da demanda.

A cantidade que se adeuda neste momento a Comunidade de propietarios, é de 64.871,05 euros, nembargante xase consignaron con anterioridade a cantidade de 23.510,37 euros na conta do xulgado, e por parte de asesoría xurídica se están realizando as accións pertinentes para que dito importe sexa retirado, polo anterior o importe total da debeda é de 41.360,68 euros.

A vista do fallo estimatorio a favor da Comunidade, e segundo a Ley de propiedade horizontal, na que se establece que cada un dos propietarios do inmovible deberá contribuir proporcionalmente os gastos do inmovible, estimase oportuno proceder o pago da debeda .

Polo anteriormente exponse, proponse a Xunta de Goberno Local, previo informe da Intervención Xeral, a adopción do seguinte A C O R D O

Aboar, en concepto de cuotas de comunidade , a Comunidade de Propietarios do inmovible sito na rúa República argentina nº 12- 14, a cantidade de 41.360,68 euros, quedando liquidada a debeda coa Comunidade de

propiearios ata febreiro de 2006, efectuando dito ingreso na conta de Caixa Medrid, que mantén aberta a comunidade, nº 20384016956000108813.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

32(225).-BAIXA NO INVENTARIO MUNICIPAL DE CATRO CAMIÓNS DO PARQUE MÓBIL. EXPTE. 17646/240.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe de negociado de Contratación do 7.03.06, conformado polo concelleiro da Área de Xesitón municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Dar de baixa no Inventario do Concello de Vigo os camiós que de seguido se relacionan xa que pola súa antigüidade resultan inaplicables aos servizos públicos e autorizar a súa enaxenación para chatarra.

- Camión Pegaso matrícula PO-6316-J
- Camión Pegaso matrícula PO- 9584-BS
- Camión Pegaso (cisterna) matrícula PO-6175-O
- Camión Pegaso (compactador) matrícula PO-6106-0

33(226).-CESIÓN DE USO DE PISO MUNICIPAL SITO NA RÚA ANDURIÑA Nº 21- 5º B A FAVOR DA ASOCIACIÓN DE AXUDA AO ENFOERMO MENTAL DOA. EXPTE. 17645/240.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnica de Admón. Especial do Servizo de Patrimonio e Contratación, do 9.03.06, a Xunta de Goberno local acorda:

A) Ceder gratuitamente, en precario, polo prazo de 25 anos, a asociación de persoas con discapacidade da provincia de Pontevedra, DOA, o dereito de uso do piso de propiedade municipal situado na rúa anduriña nº 21 5º B, desta cidade, con arreglo as seguintes cláusulas:

- 1) A entidade beneficiaria destinará o local ós fins propios dos seus estatutos e en particular, a aqueles programas e actividades de interes xeral, de carácter social, lúdico ou cultural, que anualmente desenvolve a entidade, en beneficio dos intereses xerais ou sectoriais dos veciños da cidade. A tal fin, a entidade presentará anualmente o seu orzamento de gastos e ingresos, un proxecto de actividades, unha memoria final e un balance económico das mesmas.

- 2) A entidade usuaria está obrigada a subscribir un seguro de responsabilidade civil polos danos que puida causar a entidade a terceiros, na súa condición de usuario da propiedade municipal, figurando o Concello como un dos asegurados. Así mesmo, incluíra a responsabilidade civil locativa, que ampare calquer dano que se poida ocasionar ó local, por actos ou omisións de carácter negligente, cun límite mínimo de indemnización de 300.506,05 euros.
- 3) A entidade usuaria do ben non está en relación de dependencia respecto do Concello de Vigo como entidade cedente.
- 4) Serán por conta da entidade usuaria:
 - Os gastos de mantemento e conservación do inmovible cedido.
 - Os gastos pola subministración de auga, electricidade, teléfono e demais servizos de uso exclusivo desta.
 - Os gastos xerais do edificio, na cuota de participación correspondente.
 - O aboamento das taxas e tributos que correspondan pola ocupación do inmovible.
- 5) O Concello reservase a facultade de revocación unilateral da autorización, en calquer momento, cun preaviso de dous meses, por razóns de interese público, sen que se xenere dereito indemnizatorio algún a favor da usuaria polo devandito acto.
- 6) A cesión extingúese pola concurrencia dalgunha das seguintes causas:
 - Transcurso do tempo máximo polo que foi otorgada a cesión.
 - Renuncia da asociación a dita cesión.
 - Incumprimento dos fins ou actividades para os que foi cedida.
 - Incumprimento das condicións nas que foi otorgada.
 - Disolución da asociación.
 - Reclamación do ben por parte do Concello de Vigo, cando así o requiran motivos de interese público municipal, o que deberá comunicarse á asociación cesionaria cunha antelación mínima de dous meses.
- 7) Para a realización de calquer obra ou mellora no local cedido é preciso informar previamente a Concellería de Benestar Social e obter as autorizacións ou licencias municipais que procedan, sendo de conta da asociación a totalidade dos gastos derivados das mesmas. As obras e instalacións executadas revertirán integramente á administración municipal no momento no que finalice a cesión de uso.
- 8) O Concello de Vigo poderá determinar, en calquer momento, compartilo uso do devandito local, en toda ou parte da súa superficie, para a realización de fins ou servizos públicos municipais, que redunden en beneficio dos veciños da cidade, compartindo, neste caso, os gastos e cargas correspondentes.

9) O Concello de Vigo poderá acorda-la incorporación a este uso dalgunha outra entidade do barrio, a solicitude da mesma, sempre que a superficie dispoñible o permita e os usos privativos sexan compatibles. Neste caso o acordo de incorporación regulará as novas condicións do uso do local.

B) Somete-lo presente expediente a información pública, polo prazo de 20 días, de conformidade co previsto no artigo 110 do RBEL. O presente acordo devengará definitív, de non formularse alegacións no periodo de información pública, o que se acreditará ca certificación que a este feito expida o Secretario xeral.

C) A presente cesión formalizarase en documento administrativo no prazo de 30 días a contar dende a súa aprobación definitiva.

34(227).- CESIÓN DE USO DE PISO MUNICIPAL SITO NA RÚA ANDURIÑA Nº 27-6º C A FAVOR DA ASOCIACIÓN SÍNDOME DE DOWN “DOWN VIGO”. EXPTE. 17646/240.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnica de Admón. Especial do Servizo de Patrimonio e Contratación, do 9.03.06, a Xunta de Goberno local acorda:

A) Ceder gratuitamente, en precario, polo prazo de 25 anos, a asociación de persoas con discapacidade da provincia de Pontevedra, DOWN, o dereito de uso do piso de propiedade municipal situado na rúa anduriña, nº 27, 6º C desta cidade, con arreglo as seguintes cláusulas:

- 1) A entidade beneficiaria destinará o local ós fins propios dos seus estatutos e en particular, a aqueles programas e actividades de interes xeral, de carácter social, lúdico ou cultural, que anualmente desenvolve a entidade, en beneficio dos intereses xerais ou sectoriais dos veciños da cidade. A tal fin, a entidade presentará anualmente o seu orzamento de gastos e ingreseos, un proxecto de actividades, unha memoria final e un balance económico das mesmas.
- 2) A entidade usuaria está obrigada a subscribir un seguro de responsabilidade civil polos danos que puida causar a entidade a terceiros, na súa condición de usuario da propiedade municipal, figurando o Concello como un dos asegurados. Así mesmo, incluire a responsabilidade civil locativa, que ampare calquer dano que se poida ocasionar ó local, por actos ou omisións de carácter negligente, cun límite mínimo de indemnización de 300.506,05 euros.
- 3) A entidade usuaria do ben non está en relación de dependencia respecto do Concello de Vigo como entidade cedente.
- 4) Serán por conta da entidade usuaria:
 - Os gastos de mantemento e conservación do inmovible cedido.

- Os gastos pola subministración de auga, electricidade, teléfono e demais servizos de uso exclusivo desta.
 - Os gastos xerais do edificio, na cuota de participación correspondente.
 - O aboamento das taxas e tributos que correspondan pola ocupación do inmovible.
- 5) O Concello reservase a facultade de revocación unilateral da autorización, en calquer momento, cun preaviso de dous meses, por razóns de interese público, sen que se xenere dereito indemnizatorio algún a favor da usuaria polo devandito acto.
- 6) A cesión extingúese pola concurrencia dalgunha das seguintes causas:
- Transcurso do tempo máximo polo que foi otorgada a cesión.
 - Renuncia da asociación a dita cesión.
 - Incumprimento dos fins ou actividades para os que foi cedida.
 - Incumprimento das condicións nas que foi otorgada.
 - Disolución da asociación.
 - Reclamación do ben por parte do Concello de Vigo, cando así o requiriran motivos de interese público municipal, o que deberá comunicarse á asociación cesionaria cunha antelación mínima de dous meses.
- 7) Para a realización de calquer obra ou mellora no local cedido é preciso informar previamente a Concellería de Benestar Social e obter as autorizacións ou licencias municipais que procedan, sendo de conta da asociación a totalidade dos gastos derivados das mesmas. As obras e instalacións executadas revertirán integramente á administración municipal no momento no que finalice a cesión de uso.
- 8) O Concello de Vigo poderá determinar, en calquer momento, compartilo uso do devandito local, en toda ou parte da súa superficie, para a realización de fins ou servizos públicos municipais, que redunden en beneficio dos veciños da cidade, compartindo, neste caso, os gastos e cargas correspondentes.
- 9) O Concello de Vigo poderá acordar a incorporación a este uso dalgunha outra entidade do barrio, a solicitude da mesma, sempre que a superficie dispoñible o permita e os usos privativos sexan compatibles. Neste caso o acordo de incorporación regulará as novas condicións do uso do local.

B) Sometelo presente expediente a información pública, polo prazo de 20 días, de conformidade co previsto no artigo 110 do RBEL. O presente acordo devengará definitivo, de non formularse alegacións no período de información pública, o que se acreditará coa certificación que a este feito expida o Secretario xeral.

C) A presente cesión formalizarase en documento administrativo no prazo de 30 días a contar dende a súa aprobación definitiva.

35(228).- CESIÓN DE USO DE PISO MUNICIPAL SITO NA RÚA ANDURIÑA Nº 21-1º A A FAVOR DA ASOCIACIÓN A FAVOR DAS PERSOAS CON DISCAPACIDADE INTELECTUAL DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA, ASPANAEX. EXPTE. 17672/240.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnica de Admón. Especial do Servizo de Patrimonio e Contratación, do 9.03.06, a Xunta de Goberno local acorda:

A) Ceder gratuitamente, en precario, polo prazo de 25 anos, a asociación de persoas con discapacidade da provincia de Pontevedra, ASPANAEX, o dereito de uso do piso de propiedade municipal situado na rúa anduriña 1º c desta cidade, con arreglo as seguintes cláusulas:

- 1) A entidade beneficiaria destinará o local ós fins propios dos seus estatutos e en particular, a aqueles programas e actividades de interes xeral, de carácter social, lúdico ou cultural, que anualmente desenvolve a entidade, en beneficio dos intereses xerais ou sectoriais dos veciños da cidade. A tal fin, a entidade presentará anualmente o seu orzamento de gastos e ingresos, un proxecto de actividades, unha memoria final e un balance económico das mesmas.
- 2) A entidade usuaria está obrigada a subscribir un seguro de responsabilidade civil polos danos que puida causar a entidade a terceiros, na súa condición de usuario da propiedade municipal, figurando o Concello como un dos asegurados. Así mesmo, incluire a responsabilidade civil locativa, que ampare calquer dano que se poida ocasionar ó local, por actos ou omisións de carácter negligente, cun límite mínimo de indemnización de 300.506,05 euros.
- 3) A entidade usuaria do ben non está en relación de dependencia respecto do Concello de Vigo como entidade cedente.
- 4) Serán por conta da entidade usuaria:
 - Os gastos de mantemento e conservación do inmovible cedido.
 - Os gastos pola subministración de auga, electricidade, teléfono e demais servizos de uso exclusivo desta.
 - Os gastos xerais do edificio, na cuota de participación correspondente.
 - O aboamento das taxas e tributos que correspondan pola ocupación do inmovible.
- 5) O Concello reservase a facultade de revocación unilateral da autorización, en calquer momento, cun preaviso de dous meses, por razóns de interes público, sen que se xenere dereito indemnizatorio algún a favor da usuaria polo devandito acto.
- 6) A cesión extinguirase pola concurrencia dalgunha das seguintes causas:
 - Transcurso do tempo máximo polo que foi otorgada a cesión.
 - Renuncia da asociación a dita cesión.

- Incumprimento dos fins ou actividades para os que foi cedida.
 - Incumprimento das condicións nas que foi otorgada.
 - Disolución da asociación.
 - Reclamación do ben por parte do Concello de Vigo, cando así o requiran motivos de interese público municipal, o que deberá comunicarse á asociación cesionaria cunha antelación mínima de dous meses.
- 7) Para a realización de calquer obra ou mellora no local cedido é preciso informar previamente a Concellería de Benestar Social e obter as autorizacións ou licencias municipais que procedan, sendo de conta da asociación a totalidade dos gastos derivados das mesmas. As obras e instalacións executadas revirtirán integramente á administración municipal no momento no que finalice a cesión de uso.
- 8) O Concello de Vigo poderá determinar, en calquer momento, compartilo uso do devendito local, en toda ou parte da súa superficie, para a realización de fins ou servizos públicos municipais, que redunden en beneficio dos veciños da cidade, compartindo, neste caso, os gastos e cargas correspondentes.
- 9) O Concello de Vigo poderá acordar a incorporación a este uso dalgunha outra entidade do barrio, a solicitude da mesma, sempre que a superficie dispoñible o permita e os usos privativos sexan compatibles. Neste caso o acordo de incorporación regulará as novas condicións do uso do local.

B) Sometelo presente expediente a información pública, polo prazo de 20 días, de conformidade co previsto no artigo 110 do RBEL. O presente acordo devengará definitivo, de non formularse alegacións no período de información pública, o que se acreditará coa certificación que a este feito expida o Secretario xeral.

C) A presente cesión formalizarase en documento administrativo no prazo de 30 días a contar dende a súa aprobación definitiva.

36(229).-RECUPERACIÓN DE OFICIO DO TERREO DE ACCESO Á FONTE MUNICIPAL Nº 259, BAGUNDA-LAVADORES. EXPTE. 17017/240.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio e Contratación, do 1.03.06, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior e polo concelleiro delegado de Patrimonio, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN:

- *Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local (LBRL).*
- *Lei 33/2003, de 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas (LPAP).*
- *Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALG).*
- *RD 1372/1986, de 13 de xuño, Regulamento de Bens das Entidades Locales (RBEL).*

ANTECEDENTES:

Primeiro.- O Pleno do Excmo. Concello de Vigo, en sesión de 6 de xuño de 2003, acordou a aprobación definitiva do Proxecto de expropiación dos terreos afectados polo ensanche e mellora da Rúa Severino Cobas, no que se inclúe a finca numerada como E004, constando que a súa titularidade correspóndelle a D. Julio González Fernández.

Segundo.- A Asociación de Veciños de Lavadores, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral da Xerencia Municipal de Urbanismo de 29 de xullo de 2004, denuncia a realización dun peche no acceso público a fonte denominada da Merla, rexistrada co nº 259 no Inventario Municipal de bens e dereitos. Acceso que, como poñen de manifesto no recurso de reposición formulado en data 18 de novembro de 2004 contra o Acordo de aprobación definitiva do Proxecto de Expropiación da Rúa Severino Cobas, corresponderíase ca citada parcela E004 do proxecto de expropiación.

Terceiro.- O informe do arquitecto municipal da Oficina Técnica de Patrimonio, de data 29 de xuño de 2004, establece que a fonte municipal nº 259 atópase na confluencia das rúas Bagunda y Severino Covas, e confirma que o acceso á fonte pola rúa Severino Cobas atópase pechado por unha cancela metálica, mentras que o acceso pola rúa Bagunda permanece aberto.

Cuarto.- Consonte ó informe da inspección da Xerencia Municipal de Urbanismo, de data 3 de novembro de 2004, xirada visita de inspección, trala denuncia presentada pola Asociación de Veciños de Lavadores por presunta infracción urbanística cometida por D. Julio González Fernández, comprobán que colocouse un aramado nunha finca. Según manifestacións do denunciado, o terreo pertécelle, se ben permitía ó paso a fonte mentras esta funcionaba, xa que na actualidade está seca.

Quinto.- Segundo o informe da Oficina de Cartografía de Xerencia Municipal de Urbanismo, de data 13 de febreiro de 2006, examinada a documentación aportada pola propiedade, da descrición da finca e os seus lindeiros, pode observarse que non se atopa dentro do seu perímetro a denominada Fonte da Merla. Asimesmo, que o terreo existente no seu lindeiro norte e oeste pertence ós accesos a fonte.

FUNDAMENTOS XURIDICOS:

Primeiro.- O Excmo. Concello de Vigo ten rexistrada no Inventario Municipal de bens e dereitos co nº 259 e coa denominación Bagunda-Lavadores, a fonte denominada da Merla.

Segundo.- A lexislación de patrimonio impón as Administracións públicas a obriga de protexer e defender o seu patrimonio, exercendo todas as potestades administrativas e accións xudiciais que sexan procedentes (artigo 28 LPAP) e, respecto ós bens e dereitos de dominio público, a obriga de exercicio dilixente das prerrogativas que a presente lei u outras especiais otorguen ás Administracións públicas, garantizando a súa conservación e integridade (artigo 6 LPAP). Entre estas prerrogativas atópase a potestade de recuperación de oficio da posesión indebidamente perdidada dos seus bens e dereitos (artigos 41.1 LPAP).

Terceiro.- Os municipios ostentan a potestade de recuperación de oficio dos seus bens (artigo 4.1 LBRL), e teñen plena capacidade xurídica para a adquisición e posesión de toda clase de bens e dereitos, así como para o exercicio das accións e os recursos que sean procedentes na defensa do seu patrimonio (artigos 270 LALG e 9 do RBEL). As administracións públicas poderán recuperar por sí mesmas a posesión indebidamente perdida sobre os bens e

dereitos do seu patrimonio, potestade recuperatoria que poderán exercer en calquer tempo cando se trate de bens de natureza demanial (artigo 55 LPAP).

Cuarto.- Consonte ó artigo 127.e en relación co artigo 127.j da LBRL, correspóndelle á Xunta de Goberno Local a xestión, adquisición e enaxenación do seu patrimonio, así como o exercicio das accións administrativas que lle corresponda no ámbito das súas competencias.

Por tódolo anteriormente exposto, propónse a Xunta de Goberno Local, tralo dictame da Comisión Informativa de Réxime Interior, a adopción do seguinte acordo:

1ª.- Incoar expediente de recuperación de oficio da posesión do acceso á Fonte da Merla pola rúa Severino Cobas.

2ª.- Concederlle a D. Julio González Fernández un prazo de 15 días, a contar dende a notificación do presente acordo de incoación co fin de que poda consultar o expediente administrativo e, á vista do mesmo, formular as alegacións e presentar a documentación que na defensa dos seus intereses estime conveniente.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

37(230).-SOLICITUDE DE D. ELÍAS GABIÁN PIÑEIRO DE DESAFECCIÓN DE CAMIÑO ORTOGONAL EN RAMÓN NIETO. EXPTE. 180/244.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe de Patrimonio, do 6.03.06, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior e polo concelleiro delegado de Patrimonio, que di o seguinte:

Antecedentes:

D. Elias Gabian Piñeiro achega escrito, con data de entrada no Rexistro Xera o día 23 de febreiro de 2006, solicitando a desafección do camiño ortogonal a Ramon Nieto.

O Expediente xa foi informado pola Oficina Técnica de Patrimonio en data 30 de maio de 2005 nunha primeira solicitude do interesado de data 22 de abril de 2005.

Fundamentos de Dereito:

Primeiro.- Consonte o disposto no artigo 79.3 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local son bens de dominio público os destinados à uso ou servizo público, considerando o artigo 264 da Lei 5/1997 de Administración Local de Galicia e o artigo 3 do RD 1372/ 1986, de 13 de xuño, Regulamento de Bens das Entidades Locais como bens de uso público local, entre outros, os camiño de aproveitamento ou utilización xeral cuia conservación e policía sexan competencia da entidade local.

Segundo.- O camiño obxecto de reclamación figura no Inventario Municipal de bens e dereitos aprobado por Acordo Plenario de data 4 de maio de 1993, resultando polo tanto un ben afecto ó uso público e, na súa condición de vía pública, integrado na rede viaria municipal.

Terceiro.- O camiño resulta afectado polo trazado do sistema viario do Plan Xeral de Ordenación Urbana vixente, segundo resulta do informe técnico citado, e, dacordo co establecido no Acordo Plenario de data 30 de novembro de 1994, tódolos expedientes de rectificación do Inventario Municipal de Bens e Dereitos deberán levar unha cláusula xeral no senso de que as rectificacións se farán menos naquelas porcións de terreo que o Plan Xeral recolla como viario.

Cuarto.- Resulta competente para a adopción do acordo de resolución do presente expediente a Xunta de Goberno Local, dacordo co disposto no artigo 127 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

Polo anteriormente exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

“ Desestimar a solicitude de D. Elias Gabian Piñeiro de desafección do camiño ortogonal a Ramon Nieto, afectado na súa totalidade polo trazado viario previsto no Plan Xeral de Ordenación Urbana vixente, consonte o acordo do Pleno Municipal de data 30 de novembro de 1994”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

38(231).-PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS E TÉCNICAS QUE REXERÁ A CONCESIÓN ADMINISTRATIVA PARA O USO PRIVATIVO DE BENS DE DOMINIO PÚBLICO MEDIANTE A INSTALACIÓN DE QUIOSCOS. EXPTE. 17395/240.

A Xunta de Goberno local retira este expediente da orde do día.

39(232).-RECLAMACIÓN DE D^a. ANTONIA CRUZ IGLESIAS DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 49/243. ESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio e Contratación, do 2.03.06, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior e polo concelleiro delegado de Patrimonio, que di o seguinte:

Antecedentes:

Dona Antonia Cruz Iglesias presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 29 de xaneiro de 2004, no que expón que o día 19 de xaneiro de 2004, mentres camiñaba pola praza América con Gran Vía, diante do colexio Santa Irene, tivo unha caída ó tropezar nunha greta que había no paso de peóns, producíndose danos de carácter físico e material.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- *Informe do servizo de Vías e Obras, con data 28/05/2004, manifestando que as gretas existentes no paso de peóns en cuestión dificilmente podían ser causa de accidentes.*

- Informe do servizo da Policía Local, con data 11/06/2004, no que manifestan non teren constancia dos feitos reclamados.
- Informe do corpo da Policía Nacional, con data 12/07/2004, no que manifestan que foron requeridos ó lugar do accidente por mor dunha señora que se caera (Dna. María Antonia Cruz Iglesias), comprobando que presentaba un forte golpe na cabeza e resentíase de dor nunha perna, polo que solicitaron a presenza dunha ambulancia que a trasladou para o hospital.
- Práctica de proba testifical á testemuña proposta pola reclamante, con data 10/09/2004, que indica que a Sra. Cruz tropezou nunha focha que había na calzada xunto á beirarrúa.
- Ditame estimatorio para valoración de danos corporais da asesoría médica do Concello, que cuantifica os mesmos en 2.436,32 euros.
- Evacúase trámite de audiencia á reclamante, que formula alegacións en 24/08/2005.

Fundamentos de dereito:

Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- d) Que non sexa produto de forza maior.*

Constatada polos documentos obrantes no expediente a realidade do dano e maila súa cuantificación económica, procede examinar a existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionado a ser indemnizado pola Administración.

Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de pavimentación das vías públicas urbanas e conservación dos camiños e vías rurais (artigos 25.2.d e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local). Así, a Administración ten o deber ineludíbel de manter estes de modo tal que estea garantida en calquera momento a seguridade daqueles que as utilicen, o que implica o recoñecemento ó seu favor dun principio de confianza sobre ás condicións obxectivamente aptas do vial. Como consecuencia deste deber, a Administración resulta obrigada a reparar as consecuencias danosas dos eventos fortuitos que signifiquen unha creba das condicións de seguridade que está obrigada a garantir.

A eventual responsabilidade da Administración viría determinada polo principio de confianza dos peóns nas condicións de seguridade das vías, rúas e beirarrúas polas que transitan, de modo que a constatación dun inaxeitado estado de conservación destas, cando se traduza na existencia de obstáculos non apreciábeis polos viandantes, dará lugar á existencia da relación de causalidade entre o dano sufrido polo peón e o deficiente funcionamento do servizo público.

No presente suposto, conséntase na proba practicada perante a instrución do expediente, o deficiente estado da calzada no paso de peóns, pois había unha fochanca. Tal circunstancia non entraña un risco especial para os viandantes, xa que non se trata dun defecto oculto, a xulgar pola fotografía achegada ó expediente pola reclamante, senón que é visíbel en circunstancias normais de circulación e tránsito, empregando a dilixencia esixíbel como concreción da regra do control da propia deambulacón. No entanto, dado que se trataba dun paso de peóns e que segundo a testemuña presencial do accidente había máis xente cruzando fai presumíbel que estas circunstancias dificultasen a detección do mencionado obstáculo, polo que a informante conclúe que se ben a negligencia da vítima interferiu no nexo causal, procede apreciar unha concorrencia de culpas entre esta Administración e a mesma.

Entre os danos materiais, a Sra. Cruz reclama un pantalón, que non consta probado no expediente que rompera por mor da caída, polo que non procede o seu aboamento.

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Estimar parcialmente a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por Dna. Antonia Cruz Iglesias, e indemnizála coa cantidade de 1.204,66 euros, en concepto de danos e perdas consecuencia da súa caída”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

40(233).-RECLAMACIÓN DE D. JOSÉ ANTONIO GÁNDARA PÉREZ DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 35/243. ESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio e Contratación, do 2.03.06, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior e polo concelleiro delegado de Patrimonio, que di o seguinte:

Antecedentes:

D. José Antonio Gándara Pérez e Dna. Josefa Pérez Méndez presentan reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 14 de xaneiro de 2004, no que expoñen que o día 10 de xaneiro de 2003 o Sr. Gándara circulaba co vehículo de propiedade da Sra. Pérez, matrícula OR-7582-T, pola estrada comarcal, entre o Campus Lagoas-Marcosende da Universidade de Vigo e o alto de San Cosme e provocou danos no vehículo ó introducir dúas rodas nunha focha existente na calzada.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- *Informe do servizo de Vías e Obras, con data 01/06/2004, no que manifestan non teren constancia de desperfectos na vía, aínda que o vial fora bacheado por brigadas municipais en abril de 2003.*
- *Informe do Inventario Municipal, con data 22/02/2005, no que confirman que o vial CR San Cosme Parroquia de Zamáns consta de alta no listado de actualización e rectificación do Inventario municipal.*

- Informe do Parque Móbil, de 08/03/2005, comunicando que os prezos contidos na factura nº 03/19 de Neumáticos Orentino, presentada polos reclamantes, por un importe de 476,78 euros IVE incluído, son correctos e proporcionais á descrición dos danos.
- Práctica de proba testifical, con data 20/05/2005, ás testemuñas propostas polos reclamantes, que confirman os extremos alegados polos Sres. Gándara e Pérez.
- Evacúase trámite de audiencia ós reclamantes con data 14/06/2005, que non formulan alegacións.

Fundamentos de dereito:

Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.
- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.
- d) Que non sexa produto de forza maior.

Constatada polos documentos obrantes no expediente a realidade do dano e maila súa cuantificación económica, procede examinar a existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionado a ser indemnizado pola Administración.

Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de pavimentación das vías públicas urbanas e a conservación dos camiños e vías rurais (artigos 25.2.d e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local). Así, a Administración ten o deber ineludíbel de manter estes de tal modo que estea garantida en calquera momento a seguridade daqueles que as utilicen, o que implica o recoñecemento ó seu favor dun principio de confianza sobre ás condicións obxectivamente aptas do vial. Como consecuencia deste deber, a Administración resulta obrigada a reparar as consecuencias danosas dos eventos fortuitos que signifiquen unha creba das condicións de seguridade que está obrigada a garantir.

No presente caso, o accidente debeuse a existencia dunha fochanca na calzada, así consta no Parte do servizo da Policía Local. Dado que a fochanca foi a causa eficiente dos danos do vehículo, estes poden vincularse ó funcionamento do servizo público, e esta Administración deberá responder dos mesmos.

Aínda que a titularidade do vehículo correspóndelle á Sra. Pérez, consta acreditado no expediente que o importe da factura de reparación do vehículo foi aboado polo Sr. Gándara, polo que a indemnización correspóndelle a este.

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Estimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por Dna. Josefa Pérez Méndez e D. José Antonio Gándara Pérez, e indemnizar a este último na contía de 476,78 euros, correspondentes ó valor da reparación do vehículo propiedade da Sra. Pérez”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

41(234).-RECLAMACIÓN DE D. JOSÉ VIJANDE LÓPEZ DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 7/243. DESESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio e Contratación, do 6.03.06, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior e polo concelleiro delegado de Patrimonio, que di o seguinte:

Antecedentes:

D. Xosé Vijande López presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, en nome e representación da súa nai, Dna. M^a Elena López Fernández, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 9 de decembro de 2003, no que expón que o día 18 de novembro de 2003, o vehículo de propiedade da Sra. López, matrícula 8327-BPS, estando estacionado na rúa Couto Piñeiro, á altura do número 18, foi retirado polo guindastre municipal por mor da realización de obras de asfaltado na devandita rúa e transportado ó paseo de Rosalía de Castro (Monte do Castro), onde sufriu unha serie de danos materiais por mor de actos vandálicos.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- Parte do servizo da Policía Local, con data 21/11/2003, no que os axentes actuantes manifestan que, persoados no lugar dos feitos, o Sr. Vijande relátalles onde deixara o seu vehículo e que este fora transportado ó paseo de Rosalía de Castro por mor de obras de asfaltado e que lle indicaran que o vehículo fora volcado a noite anterior a recollelo; igualmente, comprobaban os danos materiais existentes no vehículo e que o vehículo foi trasladado o día 18/11/2003.*
- Informe da empresa Estacionamientos y Servicios S.A., concesionaria do servizo de guindastre municipal, con data 22/11/2004, no que comunican non se faceren cargo dos danos reclamados pois estes se produciron con posterioridade ó depositaren o vehículo no paseo de Rosalía de Castro.*
- Informe do Parque Móbil, de 21/10/2005, comunicando que os prezos contidos no orzamento de Talleres Rodríguez, presentado polo reclamante, por un importe de 1.316,09 euros IVE incluído, son correctos e proporcionais á descrición dos danos; así mesmo, estiman o valor venal do vehículo en 500 euros.*
- Evacúase trámite de audiencia á reclamante mediante a publicación por edictos, con data 13/12/2005, que non formula alegacións.*

Fundamentos de dereito:

Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.
- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.
- d) Que non sexa produto de forza maior.

Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de ordenación do tráfico de vehículos e persoas nas vías urbanas (artigo 25.2.b da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local).

O artigo 292.III do Código de Circulación, aprobado por Decreto de 25 de setembro de 1934, autoriza ós axentes da Policía Local a retirada de vehículo estacionados na vía pública cando sexa necesario para realizar tarefas de limpeza ou reparación da vía. Neste caso impónse ós axentes a obriga de sinalizar coa posíbel antelación o itinerario ou a zona de estacionamento prohibido e colocar notas de aviso nos parabrisas dos vehículos afectados, os cales serán situados no lugar máis próximo posíbel, con indicación ós conductores do lugar ó que foron retirados e sen que se poida sancionar nin percibir cantidade ningunha polo traslado.

No presente caso, unha vez retirado o vehículo por mor da realización de obras de asfaltado na rúa na que estaba estacionado, é obxecto de diversos actos vandálicos dos cales resultan danos ó vehículo durante os catro días nos que permanece estacionado no novo emprazamento ó que foi trasladado polo quindastre municipal .

O feito de que a responsabilidade da Administración configúrase como obxectiva non permite estender a mesma ata cubrir os danos producidos por terceiros e converter as Administracións públicas en aseguradoras universais de todos os riscos, co fin de prevenir cualquera eventualidade desfavorábel ou danosa para os administrados, derivada da súa propia actividade , porque, do contrario, transformaríase o sistema de responsabilidade patrimonial das Administracións nun sistema providencialista non contemplado no noso ordenamento xurídico.

Dado que os danos foron xerados por feitos e circunstancias nos que non se acreditou que esta Administración tivese participación ningunha, directa nin indirecta, inmediata ou mediata, e o traslado do vehículo produciuse nun caso autorizado pola lexislación vixente e con estricto cumprimento das obrigas impostas á Administración local nestes casos, a informante conclúe que non existe relación de causalidade entre os danos sufridos polo vehículo da Sra. López e o funcionamento, normal ou anormal, de ningún servizo público deste Concello.

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial interposta por D. Xosé Vijande López en nome e representación de Dna. M^a Elena López Fernández por non corresponder ó Excmo. Concello de Vigo a responsabilidade dos danos ó non resultar probada a relación de causalidade entre estes e o funcionamento, normal ou anormal, de ningún servizo público desta Administración”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

42(235).- RECLAMACIÓN DE D^a. ASUNCIÓN AMADO ORTIZ DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 12417/240. DESESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio e Contratación, do 2.03.06, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior e polo concelleiro delegado de Patrimonio, que di o seguinte:

Antecedentes:

Dna. Asunción Aniado Ortiz presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 16 de xuño de 1999, no que expón que o día 30 de maio de 1999, o vehículo de súa propiedade, matrícula PO-2119-AG, foi retirado polo guindastre municipal da rúa Pi y Margall, confluencia coa rúa Chile, onde se realizaban obras para a empresa Gas Galicia e, sen deixar ningún tipo de aviso, foi deixado na rúa La Paz. Uns días máis tarde, atopa o seu vehículo desvalixado e roto, polo que solicita indemnización.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- Parte do servizo da Policía Local, con data 02/06/1999, no que os axentes actuantes manifestan a existencia de dous coches que parecen abandonados (un deles o da Sra. Aniado) na rúa La Paz.*
- Parte do servizo da Policía Local, con data 08/06/1999, no que os axentes actuantes manifestan que os coches presentan os cristais rotos.*
- Parte do servizo da Policía Local, con data 19/06/1999, no que os axentes actuantes manifestan teren que persoarse na rúa La Paz, por mor do incendio dos dous vehículos.*
- Informe do servizo da Policía Local, con data 10/09/1999, indicando que non puideron comunicarse telefonicamente coa Sra. Ortiz para dar aviso do traslado do seu vehículo.*
- Informe da empresa Gas Galicia, con data 10/05/2005.*
- Informe da empresa Estacionamientos y Servicios S.A., concesionaria do servizo de guindastre municipal, con data 16/06/2005, no que comunican non se faceren cargo dos danos reclamados, unha vez que os danos provocados ó mesmo non foron causados durante a retirada ou transporte do vehículo e que o seu traslado foi debido á orde dun axente da Policía Local.*
- Informe do Parque Móbil, con data 21/10/2005, no que informan que o valor venal do vehículo é de 700 euros.*
- Evacúase trámite de audiencia á reclamante mediante a publicación por edictos, con data 26/01/2006, que non formula alegacións.*

Fundamentos de dereito:

Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.
- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.
- d) Que non sexa produto de forza maior.

Constatada polos documentos obrantes no expediente a realidade do dano e maila súa cuantificación económica, procede examinar a existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionado a ser indemnizado pola Administración.

Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de ordenación do tráfico de vehículos e persoas nas vías urbanas (artigo 25.2.b da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local).

O artigo 292.III do Código de Circulación, aprobado por Decreto de 25 de setembro de 1934, autoriza ós axentes da Policía Local á retirada de vehículos estacionados na vía pública cando sexa necesario para realizar tarefas de limpeza ou reparación da vía. Neste caso impónse ós axentes a obriga de sinalizar coa posíbel antelación o itinerario ou a zona de estacionamento prohibido e colocar notas de aviso nos parabrisas dos vehículos afectados, os cales serán situados no lugar máis próximo posíbel, con indicación ós conductores do lugar o que han sido retirados e sen que se poida sancionar ni percibir cantidade ningunha polo traslado.

No presente caso, os axentes da Policía Local procederon a avisar con antelación da realización das obras de Gas Galicia e unha vez retirado o vehículo, tentaron pórse en contacto coa súa propietaria para comunicarlle o seu novo emprazamento, resultando infrutuosa a súa localización. Unha vez trasladado o vehículo, este permaneceu abandonado na vía pública máis dun mes (o traslado aconteceu o día 11 de maio de 1999 e a Sra. Aniado non reclama o vehículo ata o día 16 de xuño), perante o cal é obxecto de diversos actos vandálicos dos cales resultan danos ó vehículo.

O feito de que a responsabilidade da Administración configúrase como obxectiva, non permite estender a mesma ata cubrir os danos producidos por terceiros e converter as Administracións públicas en aseguradoras universais de todos os riscos, co fin de prevenir calquera eventualidade desfavorábel ou danosa para os administrados, derivada da súa propia actividade, porque, do contrario, transformaríase o sistema de responsabilidade patrimonial das Administracións nun sistema providencialista non contemplado no noso ordenamento xurídico.

Dado que os danos foron xerados por feitos e circunstancias nos que non se acreditou que esta Administración tivese participación ningunha, directa nin indirecta, inmediata ou mediata, e o traslado do vehículo produciuse nun caso autorizado pola lexislación vixente e con estricto cumprimento das obrigas impostas á Administración local nestes casos, a informante conclúe que non existe relación de causalidade entre os danos sufridos polo vehículo da Sra. Aniado e o funcionamento, normal ou anormal, de ningún servizo público deste Concello.

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial interposta por Dna. Asunción Aniado Ortiz, por non corresponder ó Excmo. Concello de Vigo a responsabilidade dos danos ó non resultar probada a relación de causalidade entre estes e o funcionamento, normal ou anormal, de ningún servizo público desta Administración”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

43(236).-RECLAMACIÓN DE D^a. LISA FERNÁNDEZ HUME DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 15086/240. DESESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio e Contratación, do 6.03.06, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior e polo concelleiro delegado de Patrimonio, que di o seguinte:

Antecedentes:

Dna. Lisa Fernández Hume presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 14 de maio de 2002, no que expón que o día 7 de abril de 2002, mentres camiñaba polo Camiño Reguera, meteu o pé nunha focha, producíndose danos de carácter físico.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- *Informe do servizo da Policía Local, con data 11/06/2002, indicando non teren constancia dos feitos reclamados.*
- *Informe do servizo de Vías e Obras, con data 12/11/2002, no que manifestan que no vial en cuestión existen uns ocos entre o asfalto e o muro de pedra que suxeita o mesmo, que puideron producirse por filtracións de auga.*
- *Informe do Inventario municipal, con data 24/01/2003, indicando que o Camiño Regueira consta no inventario municipal como vial público.*
- *Informe do servizo de Vías e Obras, con data 25/06/2003, manifestando que a zona de referencia non está destinada á circulación de peóns.*
- *Práctica de proba testifical, con data 10/12/2004, ás testemuñas propostas pola reclamante, que confirman os extremos alegados pola Sra. Fernández, aínda que ningunha das dúas chegou a ver a caída da mesma; igualmente, unha das testemuñas manifesta que a focha era bastante visíbel e a outra testemuña que a focha atopábase no medio do vial.*
- *Ditame estimatorio para valoración de danos corporais da asesoría médica do Concello, que cuantifica os mesmos en 18.793,03 euros.*
- *Evacúase trámite de audiencia á reclamante, que formula alegacións con data 21/02/2006.*

Fundamentos de dereito:

Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.
- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.
- d) Que non sexa produto de forza maior.

Constatada polos documentos obrantes no expediente a realidade do dano e maila súa cuantificación económica, procede examinar a existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionado a ser indemnizado pola Administración.

Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de pavimentación das vías públicas urbanas e conservación dos camiños e vías rurais (artigos 25.2.d e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local). Así , a Administración ten o deber ineludíbel de manter estes de modo tal que estea garantida en calquera momento a seguridade daqueles que as utilicen, o que implica o recoñecemento ó seu favor dun principio de confianza sobre ás condicións obxectivamente aptas do vial. Como consecuencia deste deber, a Administración resulta obrigada a reparar as consecuencias danosas dos eventos fortuitos que signifiquen unha creba das condicións de seguridade que está obrigada a garantir.

No presente suposto, o accidente da Sra. Hume debeuse a existencia dunha focha na calzada. Dado que na rúa Tui non existía beirarrúa, consonte os artigos 49 do Real Decreto Lexislativo 339/1990, de 2 de marzo, polo que se aproba o Texto Articulado da Lei sobre Tráfico, Circulación de Vehículos a Motor e Seguridade Vial e 121 do Real Decreto 1428/2003, de 21 de novembro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Circulación, os peóns están autorizados a circular pola beiravía ou no seu defecto pola calzada. Mais, no caso de circular pola beiravía ou pola calzada o artigo 122.5 do regulamento citado impón a obriga de circular con prudencia sen entorpecer innecesariamente a circulación, e aproximándose canto sea posible ó bordo exterior de aqueles. No entanto, a Sra. Hume non circulaba polo bordo pois consonte manifestan as testemuñas presenciais do accidente a focha atopábase “bastante o medio da carretera” o cal pode deberse a que non circulaba soa senón acompañada polo seu marido, o seu pai e o seu fillo, e os peóns non circulaban en fila, tal e como impón o mencionado artigo 122.5 do regulamento, agás no caso de que os peóns formen un cortexo, suposto que non acontece neste caso.

Se temos en conta que os peóns, en xeral, teñen a obriga de controlar a súa deambulación e ó circular pola calzada esta obriga é máis intensa por imposición do regulamento de circulación que establece que se haberá de circular con prudencia, polo que de cumprir con esta obriga é posíbel que tivese apreciado o obstáculo, que a vulgar pola documentación que obra no expediente, non se trataba dun defecto oculto, senón que era visíbel en circunstancias normais de circulación e tránsito, así o confirman as testemuñas presenciais, que ó seren preguntadas polo instrutor sobre a existencia de defectos na rúa e a distancia a que podían apreciarse manifestan “Una brecha en la carretera. Si se viene atento se ve” (testemuña nº 1) e “ A pedra do muro repisou e abriu a carretera, se pasaba un despistado mete o pé fáciilmente” (testemuña nº 2). Se engadimos que a Sra. Hume ó circular polo medio da calzada ía infrinxindo o regulamento de circulación, podemos concluír que a negligencia da vítima interferiu no nexo causal, impedindo vincular os danos padecidos ó funcionamento, normal ou anormal do servizo público municipal.

Polo exposto, propónse a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar a reclamación formulada por Dna. Lisa Fernández Hume por non corresponder ó Concello de Vigo a responsabilidade patrimonial dos danos, ó non existir relación de causalidade entre o accidente e o funcionamento de ningún servizo público deste Concello”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

44(237).-RECLAMACIÓN D. ALBERTO VIEJO PUGA (WINTERTHUR SEGUROS GENERALES E ECOFAR S.L.) DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 504/243.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio e Contratación, do 7.03.06, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior e polo concelleiro delegado de Patrimonio, que di o seguinte:

Antecedentes:

Don Alberto Viejo Puga presenta reclamación de responsabilidade patrimonial en nome e representación de Winterthur Seguros Generales e de Ecofar, S.L., mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 15 de febreiro de 2005, no que expón que o día 08 de outubro de 2004 o vehículo de propiedade de Ecofar, S.L., con matrícula 4164-BJL, estando estacionado na rúa Gregorio Espino, á altura do número 56, sufriu danos materiais por culpa da caída dunha árbore sobre o mesmo, danos que son valorados en 434,98 euros.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- Parte do servizo da Policía Local, de data 08/10/2004, no que os axentes actuantes informan que, persoados no lugar dos feitos, comprobán como unha árbore de considerábeis dimensións caíra sobre o vehículo en cuestión, producindo danos de escasa consideración; igualmente, avisan ó servizo de Bombeiros para solventar o problema.*
- Informe do servizo de Montes, Parques e Xardíns, de data 28/04/2005, indicando que dos posíbeis danos deberá responder a empresa Cespa, concesionaria do servizo de conservación e reposición de zonas verdes.*
- Informe do servizo de Parque Móbil, de data 06/05/2005, manifestando que os prezos contidos no informe pericial de Informe Técnicos E.M., S.L., presentado polo reclamante, por un valor de 434,98 euros son correctos.*
- Evacúase trámite de audiencia á empresa Cespa, concesionaria do servizo de conservación e reposición de zonas verdes, que formula alegacións con data 11/10/2005 atribuíndo o accidente a causas excepcionais como o forte vento asociado ó temporal.*
- Evacúase trámite de audiencia á reclamante, que formula alegacións con data 12/09/2005.*

Fundamentos de dereito:

Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.
- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.
- d) Que non sexa produto de forza maior.

Constatada polos documentos obrantes no expediente a realidade do dano e maila súa cuantificación económica, procede examinar a existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionado a ser indemnizado pola Administración, tendo en conta a presenza interposta dunha empresa contratista, dado que o dano prodúcese no marco dun servizo público ou actividade da Administración asumido por un contratista, polo que é preciso deslinda-la imputabilidade dunha e doutro para determinar cal dos dous é o responsable do dano, e polo tanto está obrigado a indemnizar o perxudicado, xa que a responsabilidade da Administración decaerá cando se acredite que a circunstancia xeradora do dano é imputábel a un terceiro, neste caso, á empresa contratista.

Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de parques e xardíns (artigos 25.2.d e 26.1da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local). A Administración ten o deber ineludíbel de manter estes de modo tal que estea garantida en calquera momento a seguridade daqueles que os utilicen. O Pleno do Excmo. Concello de Vigo, en sesión de 28 de decembro de 1998, acordou adxudicar a CESP, Compañía Española de Servicios Públicos Auxiliares, S.A., o servizo de conservación e reposición de zonas verdes conforme ó prego de condicións técnicas e administrativas, aprobado polo acordo plenario de 3 de agosto de 1998, contrato outorgado por un prazo de 4 anos, contado a partir do 1 de xaneiro de 1999, e posteriormente obxecto de prórrogas sucesivas por un ano, contrato que estaba en vigor na data do accidente.

No expediente, do Parte do servizo instruído pola Policía Local con ocasión do accidente, dedúcese que a causa eficiente dos danos do vehículo do Sr. Rodríguez, foi a caída dunha arbore sobre o mesmo.

En trámite de audiencia a empresa CESP alega que o sinistro prodúxose por causas excepcionais debido o forte vento asociado o temporal reinante neses días, como reflicte o parte da Policía Local, máis non presenta proba ningunha sobre que os ventos reinantes constituísen un suposto de forza maior, única causa de exoneración de responsabilidade recollida pola lei.

O punto 4.1.1 do Prego de Condicións Técnicas do contrato de conservación e reposición de zonas verdes sinala que o adxudicatario atenderá debidamente en tempo e forma a realización dos labores de tratamento fitosanitario, e segundo a sentenza dictada pola sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no recurso 02/0004044/2000 a labor fitosanitaria engloba dentro das responsabilidades da concesionaria a labor de conservación do arbolado en termos xerais e en concreto a súa vixilancia, polo que existen elementos de xuízo suficientes para entender que a responsabilidade dos danos que motivan a presente reclamación pode ser imputada a Cesp, na súa calidade de contratista do Concello e encargada da conservación e mantemento das zonas verdes, xa que o accidente debeuse a caída dunha árbore sobre a vía pública, causándolle danos ó vehículo do Sr. Araújo que atopábase aparcado na mesma.

O artigo 97 do Texto Refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2000, de 16 de xuño establece que “Será obriga do contratista indemnizar tódolos danos e perxuízos que se causen a terceiros como consecuencia das operacións que requira a execución do contrato” e de acordo co punto 19, apartado C, do prego de Condicións Administrativas de Conservación e Reposición de Zonas Verdes “o adxudicatario está obrigado a responder dos danos e perdas que se orixinen con motivo da execución do servizo, tanto á Administración municipal coma a terceiras persoas”, obriga que so decaería no suposto de que o dano fose producido por causas imputábeis a Administración, consonte o previsto no artigo 161.c do RD Lexislativo 2/2000.

Por tódolo anteriormente exposto, propónse a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“1º. Estimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por D. Alberto Viejo Puga en nome e representación de Winterthur Seguros Generales e de Ecofar, S.L.

2º. Declarar que a responsabilidade patrimonial dos danos corresponde a a Cespa S.A., empresa adjudicataria do servizo, de conformidade co establecido nos artigos 97 e 161. c) do Texto Refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2000, de 16 de xuño e no punto 19, apartado C, do prego de Condicións Administrativas de Conservación e Reposición de Zonas Verdes, debendo dita empresa indemnizar a Ecofar na contía de 434, 98 euros, correspondentes ó valor da reparación dos danos do seu vehículo”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

45(238).-RECLAMACIÓN DE D^a. LUISA NIEVES DIÉGUEZ DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 16698/240. DESESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio e Contratación, do 7.03.06, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior e polo concelleiro delegado de Patrimonio, que di o seguinte:

Antecedentes:

Dna. Luisa Nieves Diéguez presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 03 de novembro de 2003, no que expón que o día 19 de setembro de 2003, mentres camiñaba pola rúa Don Quijote, esquina coa rúa Camelias, sufriu unha caída por mor dunha focha, producíndose danos de carácter físico.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- *Informe do servizo de Vías e Obras, con data 26/12/2003, no que confirman a existencia dunha focha en medio do paso de peóns coas dimensións de 20 x 5 centímetros, que foi reparada o día 18/12/2003.*
- *Informe do servizo da Policía Local, con data 12/07/2004, no que manifestan non teren constancia dos feitos reclamados.*
- *Ditame estimatorio para valoración de danos corporais da asesoría médica do Concello, no que o Dr. Guillén manifesta a imposibilidade de realizar valoración das lesións unha vez que a documentación achegada pola reclamante é insuficiente para a realización da mesma.*
- *Evacúase trámite de audiencia á reclamante, con data 22/07/2005, que non formula alegacións.*

Fundamentos de dereito:

Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.
- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.
- d) Que non sexa produto de forza maior.

Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de pavimentación das vías públicas urbanas e conservación dos camiños e vías rurais (artigos 25.2.d e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local). Así, a Administración ten o deber ineludíbel de manter estes de modo tal que estea garantida en calquera momento a seguridade daqueles que as utilicen, o que implica o recoñecemento ó seu favor dun principio de confianza sobre ás condicións obxectivamente aptas do vial. Como consecuencia deste deber, a Administración resulta obrigada a reparar as consecuencias danosas dos eventos fortuitos que signifiquen unha creba das condicións de seguridade que está obrigada a garantir.

A carga da proba da existencia dun dano avaliabel economicamente e singularizado, e a súa conexión causal co funcionamento dalgún servizo público correspóndelle á reclamante, e a dos feitos impeditivos da pretensión á Administración (artigos 5.3 e 6.1 do Real Decreto 429/1993, de 26 de marzo, polo que se aproba o Regulamento dos Procedementos das Administracións Públicas en materia de responsabilidade patrimonial). Non obstante, aínda que a proba incumbe a quen reclama, a actividade que desenvolve a Administración está presidida polo interese xeral, obxectividade e imparcialidade, polo que debe esclarecer de oficio a verdade material e realizar os actos de instrución necesarios para a determinación, coñecemento e comprobación dos feitos (artigo 78 da Lei 30/1992). Nesta liña, o instrutor dirixiuse á Policía Local, por se tivesen constancia dos feitos, dado que a reclamante non achega ningunha testemuña presencial dos feitos.

Ademais de non existir proba da presunta caída, non hai constancia no expediente dos supostos danos sufridos pola Sra. Nieves con ocasión da mesma. Nun primeiro momento límitase a achegar un presuposto dental e ó ser requerida polo instrutor a presentación dos partes de alta e baixa médica e unha certificación médica das lesións, a reclamante achega un certificado médico no que a Dra. González informa que a paciente acode a curas ó Centro de Saúde por caída en vía pública, pero sin informar do tipo de lesións que sofre nin das partes do corpo lesionadas.

Polo exposto, propónse a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar a reclamación formulada por Dna. Luisa Nieves Diéguez por non corresponder ó Concello de Vigo a responsabilidade patrimonial dos danos, ó non resultar convenientemente probada a existencia dun dano avaliabel economicamente, tal e como esixe o artigo 139 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento Administrativo Común”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

46(239).-RECLAMACIÓN DE D. RAMÓN CARLOS GIMÉNEZ RODRÍGUEZ DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 63/243. DESESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio e Contratación, do 7.03.06, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior e polo concelleiro delegado de Patrimonio, que di o seguinte:

Antecedentes:

Don Ramón Carlos Giménez Rodríguez presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 09 de febreiro de 2004, no que expón que o día 12 de febreiro de 2004, mentres camiñaba polo camiño do Regueiro, diante da Escola municipal de Música, tivo unha caída por mor do oco dunhas baldosas que faltaban, producíndose danos de carácter físico de escasa consideración e de carácter material.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- Informe do servizo de Vías e Obras, con data 01/06/2004, manifestando que a zona en mal estado é visíbel a longa distancia e evitábel gardando a dilixencia debida.*
- Informe do servizo da Policía Local, con data 17/06/2004, no que manifestan non teren constancia dos feitos reclamados.*
- Evacúase trámite de audiencia ó reclamante con data 12/11/2004, que non formula alegacións.*

Fundamentos de dereito:

Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- d) Que non sexa produto de forza maior.*

Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de pavimentación das vías públicas urbanas e conservación dos camiños e vías rurais (artigos 25.2.d e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local). Así , a Administración ten o deber ineludíbel de manter estes de modo tal que estea garantida en calquera momento a seguridade daqueles que as utilicen, o que implica o recoñecemento ó seu favor dun principio de confianza sobre ás condicións obxectivamente aptas do vial. Como consecuencia deste

deber, a Administración resulta obrigada a reparar as consecuencias danosas dos eventos fortuitos que signifiquen unha creba das condicións de seguridade que está obrigada a garantir.

A carga da proba da existencia dun dano avaliábel economicamente e singularizado, e a súa conexión causal co funcionamento dalgún servizo público correspóndelle á reclamante, e a dos feitos impeditivos da pretensión á Administración (artigos 5.3 e 6.1 do Real Decreto 429/1993, de 26 de marzo, polo que se aproba o Regulamento dos Procedementos das Administracións Públicas en materia de responsabilidade patrimonial). Non obstante, aínda que a proba incumbe a quen reclama, a actividade que desenvolve a Administración está presidida polo interese xeral, obxectividade e imparcialidade, polo que debe esclarecer de oficio a verdade material e realizar os actos de instrución necesarios para a determinación, coñecemento e comprobación dos feitos (artigo 78 da Lei 30/1992). Nesta liña, o instrutor dirixiuse á Policía Local, por se tivesen constancia dos feitos, dado que o reclamante non indica ningunha testemuña presencial dos feitos.

Ademáis de non existir proba da presunta caída, non hai constancia no expediente dos supostos danos sufridos polo Sr. Giménez con ocasión da mesma, xa que este limítase a achegar a factura dun pantalón, de data posterior á caída.

Polo exposto, propónse a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar a reclamación formulada por D. Ramón Carlos Giménez Rodríguez por non corresponder ó Concello de Vigo a responsabilidade patrimonial dos danos, ó non resultar convenientemente probada a existencia dun dano avaliábel economicamente, tal e como esixe o artigo 139 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento Administrativo Común”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

47(240).-RECLAMACIÓN DE D^a. MANUELA DE OLINDA OLIVEIRA DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 70/243. DESESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio e Contratación, do 7.03.06, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior e polo concelleiro delegado de Patrimonio, que di o seguinte:

Antecedentes:

Dona Manuela Deolinda Oliveira Lemos presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 13 de febreiro de 2004, no que expón que o día 29 de xaneiro de 2004, mentres camiñaba pola rúa Ponte de Segade en Sárdoma, tivo unha caída por mor dunha focha, producíndose danos de carácter físico.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- *Informe do servizo de Vías e Obras, con data 16/07/2004, manifestando que no momento do informe os desperfectos da beirarrúa onde ocorreu o accidente xa estaban reparados.*

- Parte do servizo da Policía Local, con data 09/02/2004 e posterior ó accidente, no que os axentes actuantes manifestan que, persoados no lugar dos feitos, a Sra. Oliveira relátalles o accidente que tivera e as súas lesións; igualmente indica o lugar onde este ocorrera, lugar no que os axentes comprobaban varios desperfectos.
- Práctica de proba testifical a testemuña proposta polo reclamante, con data 21/10/2004, que corrobora os feitos relatados polo Sra. Oliveira.
- Ditame estimatorio para valoración de danos corporais da asesoría médica do Concello, que cuantifica os mesmos en 8.458,24 euros.
- Evacúase trámite de audiencia á reclamante, que formula alegacións en 09/06/2005.

Fundamentos de dereito:

Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.
- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.
- d) Que non sexa produto de forza maior.

Constatada polos documentos obrantes no expediente a realidade do dano e maila súa cuantificación económica, procede examinar a existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionado a ser indemnizado pola Administración.

Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de pavimentación das vías públicas urbanas e conservación dos camiños e vías rurais (artigos 25.2.d e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local). Así, a Administración ten o deber ineludíbel de manter estes de modo tal que estea garantida en calquera momento a seguridade daqueles que as utilicen, o que implica o recoñecemento ó seu favor dun principio de confianza sobre ás condicións obxectivamente aptas do vial. Como consecuencia deste deber, a Administración resulta obrigada a reparar as consecuencias danosas dos eventos fortuitos que signifiquen unha creba das condicións de seguridade que está obrigada a garantir.

A eventual responsabilidade da Administración viría determinada polo principio de confianza dos peóns nas condicións de seguridade das vías, rúas e beirarrúas polas que transitan, de modo que a constatación dun inaxeitado estado de conservación destas, cando se traduza na existencia de obstáculos non apreciabeis polos viandantes, dará lugar á existencia da relación de causalidade entre o dano sufrido polo peón e o deficiente funcionamento do servizo público.

No presente suposto, constátase no expediente o deficiente estado da beirarrúa. Tal circunstancia, en principio, non entraña un risco especial para os viandantes, xa que non se trata dun defecto oculto, senón que se trata dunha pequena focha visíbel a distancia, tal e como se aprecia nas fotografías da mesma que obran no expediente. Se ademáis temos en conta que a reclamante, á vista dos datos obrantes no expediente, é unha persoa carente de

defectos físicos que lle impedisen detectar a existencia do mencionado obstáculo, e que ademais é de supor que non descoñecía o estado da beirarrúa, posto que vive na mesma rúa, podemos concluír que a negligencia da vítima, co seu defectuoso control da propia deambulación, interferiu no nexo causal.

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por Dna. Manuela Deolinda Oliveira Lemos por non corresponder o Concello de Vigo a responsabilidade dos danos ó non resultar probado o nexo de causalidade entre o accidente e o funcionamento do servizo público”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

48(241).-RECLAMACIÓN DE D^a CARMEN MARTÍNEZ SALGUEIRA DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 90/243. DESESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio e Contratación, do 7.03.06, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior e polo concelleiro delegado de Patrimonio, que di o seguinte:

Antecedentes:

Dona Carmen Martínez Salgueiro presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 01 de marzo de 2004, no que expón que o día 26 de febreiro de 2004, mentres camiñaba pola avenida Florida, á altura do número 21, tivo unha caída por mor do mal estado da beirarrúa, producíndose danos de carácter físico.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- Informe do servizo da Policía Local, con data 28/10/2004, no que manifestan non teren constancia dos feitos reclamados.*
- Informe do servizo de Vías e Obras, con data 25/11/2004, manifestando que a zona en mal estado era visíbel a longa distancia e evitábel gardando a dilixencia debida.*
- Ditame estimatorio para valoración de danos corporais da asesoría médica do Concello, que cuantifica os mesmos en 1.321,65 euros.*
- Práctica de proba testifical á testemuña proposta pola reclamante, con data 15/03/2005, que corrobora os extremos alegados pola Sra. Martínez.*
- Evacuase trámite de audiencia á reclamante, que formula alegacións en 15/04/2005.*

Fundamentos de dereito:

Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.
- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.
- d) Que non sexa produto de forza maior.

Constatada polos documentos obrantes no expediente a realidade do dano e maila súa cuantificación económica, procede examinar a existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionado a ser indemnizado pola Administración.

Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de pavimentación das vías públicas urbanas e conservación dos camiños e vías rurais (artigos 25.2.d e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local). Así, a Administración ten o deber ineludíbel de manter estes de modo tal que estea garantida en calquera momento a seguridade daqueles que as utilicen, o que implica o recoñecemento ó seu favor dun principio de confianza sobre ás condicións obxectivamente aptas do vial. Como consecuencia deste deber, a Administración resulta obrigada a reparar as consecuencias danosas dos eventos fortuitos que signifiquen unha creba das condicións de seguridade que está obrigada a garantir.

A eventual responsabilidade da Administración viría determinada polo principio de confianza dos peóns nas condicións de seguridade das vías, rúas e beirarrúas polas que transitan, de modo que a constatación dun inaxeitado estado de conservación destas, cando se traduza na existencia de obstáculos non apreciábeis polos viandantes, dará lugar á existencia da relación de causalidade entre o dano sufrido polo peón e o deficiente funcionamento do servizo público.

No presente suposto, constátase no expediente o deficiente estado da beirarrúa, mais tal circunstancia non entraña un risco especial para os viandantes, xa que non se trata dun defecto oculto, consonte ó informe do Servizo de Vías e Obras, senón que era visíbel a longa distancia en circunstancias normais de circulación e tránsito, e evitábel empregando a dilixencia esixíbel como concreción da regra do control da propia deambulacón. Se ademáis temos en conta que a reclamante, á vista dos datos obrantes no expediente, é unha persoa de mediana idade, carente de defectos físicos que lle impedisen detectar a existencia do mencionado obstáculo, podemos concluír que a negligencia da vítima interferiu no nexo causal, impedindo vincular ós danos padecidos o funcionamento do servizo público municipal.

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por Dna. Carmen Martínez Salgueiro por non corresponder o Concello de Vigo a responsabilidade dos danos ó non resultar probado o nexo de causalidade entre o accidente e o funcionamento do servizo público”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

49(242).-RECLAMACIÓN DE D^a AMPARO GÓMEZ BODAÑA DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 95/243. DESESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio e Contratación, do 7.03.06, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior e polo concelleiro delegado de Patrimonio, que di o seguinte:

Antecedentes:

Dona Amparo Gómez Bodaño presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 06 de marzo de 2004, no que expón que o día 02 de marzo de 2004, ó saír do seu vehículo xunto ó muro que rodea a finca do Centro Cívico de Teis (camiño de Maceiras), enganchou o seu chaquetón nuns ferros saíntes, causándose danos materiais na prenda.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- Informe do servizo de Participación Cidadá, con data 04/05/2004, no que se manifesta que unha vez recibida a denuncia da Sra. Gómez, procedeuse a darlle traslado da mesma á Xerencia Municipal de Urbanismo, realizándose informe polo Sr. Arquitecto municipal da Oficina de Proxectos e Obras do estado do peche, o cal se puxo en coñecemento da empresa construtora, que procedeu a subsanar as deficiencias.*
- Informe do servizo da Policía Local, con data 07/05/2004, no que manifestan non teren constancia dos feitos reclamados.*
- Evacúase trámite de audiencia á reclamante en 28/05/2004, que non formula alegacións.*

Fundamentos de dereito:

Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- d) Que non sexa produto de forza maior.*

A carga da proba da existencia dun dano avaliabel economicamente e singularizado, e a súa conexión causal co funcionamento dalgún servizo público correspóndelle á reclamante, e a dos feitos impositivos da pretensión á Administración (artigos 5.3 e 6.1 do Real Decreto 429/1993, de 26 de marzo, polo que se aproba o Regulamento dos

Procedementos das Administracións Públicas en materia de responsabilidade patrimonial). Non obstante, aínda que a proba incumbe a quen reclama, a actividade que desenvolve a Administración está presidida polo interese xeral, obxectividade e imparcialidade, polo que debe esclarecer de oficio a verdade material e realizar os actos de instrución necesarios para a determinación, coñecemento e comprobación dos feitos (artigo 78 da Lei 30/1992). Nesta liña, o instrutor dirixiuse á Policía Local, por se tivesen constancia dos feitos, dado que a reclamante non indica ningunha testemuña presencial dos feitos.

A reclamante non probou os feitos nos que basea a súa reclamación, limitouse á presentación dunha factura de compra dun chaquetón, pero non achega ningunha outra proba que corrobore o feito da rotura do seu mesmo (agás unhas fotos borrosas nas que non se aprecia), e que a causa da rotura fose o enganchalo nun ferro sobresaínte do muro do Centro Cívico de Teis, polo que a informante conclúe que a reclamante non probou suficientemente os feitos nos que basea a súa reclamación nin a súa conexión causal co funcionamento, normal ou anormal de ningún servizo público desta Administración.

Polo exposto, propónse a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar a reclamación formulada por Dna. Amparo Gómez Bodaño por non corresponder ó Concello de Vigo a responsabilidade patrimonial dos danos, ó non resultar convenientemente probados os feitos nos que basea a súa reclamación nin a súa conexión causal co funcionamento de ningún servizo público municipal”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

50(243).-RECLAMACIÓN DE D^a M^a CARMEN ALONSO LÓPEZ DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 96/243. DESESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio e Contratación, do 7.03.06, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior e polo concelleiro delegado de Patrimonio, que di o seguinte:

Antecedentes:

Dona M^a del Carmen Alonso López presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 08 de marzo de 2004, no que expón que o día 05 de febreiro de 2004, mentres camiñaba pola rúa Aragón, á altura do número 221, tivo unha caída ó tropezar no tocón dunha árbore que sobresaía da beirarrúa, producíndose danos de carácter físico.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- *Informe do servizo de Montes, Parques e Xardíns, de data 11/05/2004, no que indican que dos posíbeis danos debe responder a empresa Cespa, concesionaria do servizo de conservación e reposición de zonas verdes.*
- *Informe da empresa Cespa, concesionaria do servizo de conservación e reposición de zonas verdes, de data 11/06/2004.*

- Informe do servizo de Vías e Obras, de data 28/06/2004, manifestando que na inspección realizada non atoparon ningún tocón de árbore talado e que a zona viuse afectada en parte polas obras executadas para a construción do hipermercado Carrefour.
- Práctica de proba testifical, con data 11/11/2004, á testemuña proposta pola reclamante, que confirma os extremos alegados pola Sra. Alonso e indica que o tocón da árbore era visíbel a distancia.
- Ditame estimatorio para valoración de danos corporais da asesoría médica do Concello, que cuantifica os mesmos en 3.398,65 euros.
- Evacúase trámite de audiencia á reclamante, que formula alegacións en data 01/12/2004.

Fundamentos de dereito:

Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.
- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.
- d) Que non sexa produto de forza maior.

Constatada polos documentos obrantes no expediente a realidade do dano e maila súa cuantificación económica, procede examinar a existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionado a ser indemnizado pola Administración.

Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de pavimentación das vías públicas urbanas e conservación dos camiños e vías rurais (artigos 25.2.d e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local). Así, a Administración ten o deber ineludíbel de manter estes de modo tal que estea garantida en calquera momento a seguridade daqueles que as utilicen, o que implica o recoñecemento ó seu favor dun principio de confianza sobre ás condicións obxectivamente aptas do vial. Como consecuencia deste deber, a Administración resulta obrigada a reparar as consecuencias danosas dos eventos fortuitos que signifiquen unha creba das condicións de seguridade que está obrigada a garantir.

A eventual responsabilidade da Administración viría determinada polo principio de confianza dos peóns nas condicións de seguridade das vías, rúas e beirarrúas polas que transitan, de modo que a constatación dun inaxeitado estado de conservación destas, cando se traduza na existencia de obstáculos non apreciabeis polos viandantes, dará lugar á existencia da relación de causalidade entre o dano sufrido polo peón e o deficiente funcionamento do servizo público.

Neste caso, como se pode apreciar nas fotografías aportadas, o tocón non é un defecto ou traba oculta senón que era visíbel, dato corroborado pola testemuña, que ó ser preguntada polo instrutor sobre o feito causante da caída manifesta “un tocón de un tronco de árbol, que levantaba del suelo como unos 20 centímetros” e posteriormente manifesta que “era visible a distancia”. Por outra banda, o tocón, tal como se aprecia nas fotografías atopábase dentro dun alcorque e non na zona de circulación da beirarrúa. Ó ser o obstáculo perfectamente visíbel en

circunstancias normais de circulación e tránsito, empregando a dilixencia esixíbel como concreción da regra do control da propia deambulación, e estar situado nunha zona non apta para a circulación de peóns, que se diferencia perfectamente do resto da beirarrúa por ser de diferente textura e cor (é de terra e non de louseta), podemos concluír que a negligencia da vítima interferiu no nexo causal, impedindo vincular ós danos padecidos o funcionamento do servizo público municipal.

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por Dna. M^a del Carmen Alonso López por non corresponder o Concello de Vigo a responsabilidade dos danos ó non resultar probado o nexo de causalidade entre o accidente e o funcionamento do servizo público”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

51(244).-PROXECTO DE ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DA OCUPACIÓN DO DOMINIO PÚBLICO COA INSTALACIÓN DE QUIOSCOS. EXPTE. 17673/240.

A Xunta de Goberno local retira este asunto da orde do día para mellor estudo.

52(245).-RESOLUCIÓN SEN PRÓRROGA DO CONTRATO DE ASISTENCIA TÉCNICA PARA A XESTIÓN E DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL DO CENTRO DE ARTESANÍA TRADICIONAL E A COORDINACIÓN DA CASA DO CESTEIRO. EXPTE. 3286/307.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe porposta da xefa de Patrimonio Histórico, do 8.03.06, conformado polo concelleiro delegado de dito Servizo, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local, en sesión de 21 de xuño de 2004, aprobou a adxudicación do contrato de asistencia técnica para a “xestión e dinamización sociocultural do Centro de Artesanía Tradicional” á empresa VAN Divulgación Cultural, S.L..

Asimesmo, o 27 de decembro de 2004, a Xunta de Goberno Local aprobou a modificación deste contrato, no sentido de incorporar entre os servizos a prestar polo contratista o de Coordinación da Casa do Cesteiro.

A duración do contrato é de dous anos, con posibilidade de prórroga, “previo acordo expreso do órgano de contratación” (cláusula 5 do prego de cláusulas administrativas).

De tódolos xeitos, non se pretende facer efectiva dita prórroga, xa que é necesario realizar varias modificacións que afectan a dito contrato, como é o obxecto do mesmo e a súa dotación económica.

Polo exposto, solicítase que esa Xunta de Goberno Local acorde o seguinte:

1º.- A resolución do contrato de asistencia técnica coa empresa VAN DIVULGACIÓN CULTURAL, S.L., para a xestión e dinamización sociocultural do Centro de Artesanía Tradicional, e a coordinación da Casa do Cesteiro, no mes de xullo de 2006.

2º.- Non facer efectiva a prórroga de dito contrato de asistencia técnica, recollida na cláusula 5 do prego de cláusulas administrativas.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

53(246).- EXCEDENCIA VOLUNTARIA DE D. JUAN JOSÉ AGUIRRE RODRÍGUEZ NO POSTO DE TRABAJO DO CONCELLO “ENXEÑEIRO TÉCNICO DE OBRAS PÚBLICAS” POR DESEMPEÑO DE DITO POSTO DE TRABAJO PROPIO DO ORGANISMO AUTÓNOMO XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO.

A Xunta de Goberno local retira este asunto da orde do día para mellor estudo.

54(247).- PROPOSTA PARA A CONTRATACIÓN DE 3 AUXILIARES ADMINISTRATIVOS PARA A UNIDADE DE ESTATÍSTICA E CEDRO. EXPTE. 16325/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe do Interventor xeral, do 17.02.06, e de acordo co informe-proposta da técnica de Recursos Humanos, do 16.03.06, conformado pola xefa do Servizo de Persoal, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Solicitar do Servizo Galego de Colocación oferta xenérica de tres auxiliares administrativos/as, para que sexan remitidos nove candidatos/as para a categoría de Auxiliar administrativo que deberán remitirse e que resposten ás seguintes características:

Posto	N de postos	Candidatos	Titulación esixida	Outros coñecementos
Auxiliar Administrativo/a	3	9	Graduado Escolar, FP-1 ou equivalente	coñecementos de ofimática (Microsoft Office)

2º.- Que por una comisión de valoración composta polo concelleiro-delegado de Persoal ou concelleiro en quen delegue –que actuará como Presidente-, os xefes dos respectivos servizos ou no seu defecto auxiliar administrativo ou administrativo, segundo o caso, integrado no grupo correspondente, un/unha funcionario/a municipal designado polo Comité de Persoal (encadrado nunha praza de nivel de

titulación, cando menos, igual que a do posto a desempeñar) e o Xefe da Unidade de Persoal ou técnico en quen delegue –que actuará como secretario-, propoña o candidato/a para cada categoría, co obxecto de formaliza-la contratación.

A tales efectos, o proceso de selección constará das seguintes probas:

Auxiliar Administrativo:

1º Proba: De carácter práctico sobre coñecementos de ofimática (Microsoft Office).

Dita proba avaliaráse de cero a dez puntos, tendo carácter excluintes se o/a candidato/a non obten un mínimo de cinco puntos.

A comisión propondrá para a contratación ós/ás candidatos/as que resulten seleccionados por orde de puntuación.

3º.- Que pola Alcaldía-Presidencia se proceda á formalización dos correspondentes contratos ós candidatos/as propostos pola citada Comisión, sendo éstos/as contratados/as baixo a modalidade contractual -contrato por acumulación de tarefas-, que está definida para atender esixencias circunstanciais por acumulación de tarefas, aínda que sexa tratándose da actividade normal (art. 15.1 ET e art. 1 e 3.1 do RD 2720/1998, de 18 de decembro), e o seu prazo contractual se establece como máximo en seis meses.”

55(248).- SUSPENSIÓN DA APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DO ESTUDO DE DETALLE NA FINCA “A TORRE” (CMÑO. QUINTELA-NAVIA). EXPTE. 9461/411.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do técnico de Admón. Xeral do Servizo de Planeamento e Xestión da Xerencia municipal de Urbanismo, do 10.03.06, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

En data 10/01/2005 D. Jorge Pousa Floriano interpuxo solicitude de modificación do Estudio de Detalle da Finca "A Torre" que fora aprobado definitivamente por acordo plenario municipal do 30/05/1997 (expte. 3183/411, BOP 14/07/1997, DOG 21/07/1997).

No 10/03/2006 a arquitecta da oficina municipal de Planeamento emitiu un Informe no que, entre outros extremos, fixo constar que as determinacións do proxecto de modificación do Estudio de Detalle resultan incompatibles coas do novo Plan Xeral de Ordenación Municipal aprobado inicialmente no 30/12/2004, entre outros motivos polos seguintes:

"(...) O ámbito delimitado no Estudio de Detalle na Finca “A Torre”, no Camiño Quintela Navia atópase no novo PXOM situado unha parte en Solo Urbano Consolidado con ordenanza de aplicación 10 grado 1º, outra

parte atópase situada en Solo Urbano Non Consolidado A-2-12 REDONDO. Planos do PXOM N°14-F da serie 2 (escala 1:2000) e N°10 da serie 1 (escala 1:5000). Sobre o ámbito establécese unha zona de protección arqueolóxica (...).

(...) A ordenación proxectada non sería compatible co novo PXOM, xa que:

- Parte da zona incluída na ordenanza 1.3.E. no PXOU vixente atópase no novo PXOM en solo urbano non consolidado e outra en solo urbano consolidado con Ordenanza de aplicación 10 grado 1°.
- Existe incompatibilidade nas condicións de parcelación entre a Ordenanza 1.3.E. do PXOU vixente e a ordenanza 10 1°. A ordenanza 1.3.E. fixa como parcela mínima 240 m² e fronte mínimo 5 m, así como diferenzas na edificabilidade máxima e a ocupación máxima, na ord. 1.3.D.: 1 m²/m² e 55% respectivamente.
- O vial que se proxecta non está contemplado no PXOM aprobado inicialmente".

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Procede acorda-la suspensión deste procedemento, pendente da aprobación definitiva do novo Plan Xeral de Ordenación Municipal en tramitación. Elo, en primeiro lugar en virtude do disposto no art. 77 Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística de Galicia, ante a incompatibilidade manifesta detectada entre a proposta de modificación do Estudio de Detalle presentado e a ordenación establecida para esa zona no novo PXOM, aprobado inicialmente por Acordo plenario municipal do 30/12/2004 (DOG do 15/02/2005). En segundo lugar, pola propia natureza xurídica discrecional da potestade de planeamento, tendo manifestado a Corporación municipal no citado acordo de aprobación inicial do novo PXOM a súa intención de establecer unha ordenación urbanística distinta nese ámbito para a mellor satisfacción do interese público.

É competente para dicta-lo Acordo que agora se propón a Xunta de Goberno Local, de conformidade co disposto no art. 127.1.d) Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases do Réxime Local (LBRL).

En virtude do exposto, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte A C O R D O

PRIMEIRO: Suspender o procedemento de aprobación da modificación do Estudio de Detalle da finca "A Torre", no camiño Quintela (Navia), promovida por D. Jorge Pousa Floriano, con memoria e planos redactados polo arquitecto D. Xosé Antonio Comesaña García, visados polo COAG no 23/12/2004, arquivándoo provisoriamente, polos motivos sinalados na parte expositiva deste Acordo (expte. 9461/411).

SEGUNDO: Notifíquese este Acordo ao interesado, coa indicación de que contra o mesmo cabe interpór, alternativamente, recurso de reposición nesta Administración municipal no prazo dun mes, ou recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses.

Acordo

A Xunta de Goberno aproba a proposta contida no precedente informe.

56(249).-SUSPENSIÓN DA APROBACIÓN DO PROXECTO DE URBANIZACIÓN DA FINCA "A TORRE" (CMÑO. QUINTELA-NAVIA). EXPTE. 4502/401.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do técnico de Admón. Xeral do Servizo de Planeamento e Xestión da Xerencia municipal de Urbanismo, do 10.03.06, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1.- En data 30/05/1997 o Pleno Municipal acordou aprobar definitivamente o Estudio de Detalle da finca "A Torre", no Camiño Quintela -Navia- (expte. 3183/411, BOP 14/07/1997, DOG 21/07/1997).

2.- No 30/12/2003 D. Jorge Pousa Floriano presentou nesta Administración municipal solicitude de tramitación e aprobación do Proxecto de Urbanización dese ámbito.

No 01/03/2004 o enxeñeiro técnico municipal de obras públicas remitiulle un oficio ao promotor da actuación a fin de que rectificase diversos extremos do proxecto. Na mesma data enviouse un exemplar do mesmo á Consellería de Cultura da Xunta de Galicia, por afectar ao "Castro do Redondo", ben catalogado polo seu valor histórico-arqueolóxico.

3.- No 30/03/2004 a Comisión Territorial de Patrimonio Histórico de Pontevedra da Consellería de Cultura informou desfavorablemente o Proxecto de Urbanización, polos seguintes motivos:

"(...) os desmontes para construír o vial que figuraba no estudio de detalle, informado favorablemente pola Dirección Xeral do Patrimonio Cultural con data 3 de outubro de 1995 (expte. 1694/94), non estaban concretados naquel documento urbanístico e créase un talude de 2,50 metros de anchura na marxe oriental do vial, en terreos destinados a zona verde, o que ocasionaría a destrución dunha parte do xacemento. Por outro lado, o vial remata nun fondo de saco que duplica en anchura o treito inferior, ocasionando un novo desmonte do terreo (de máis de 5 m. de profundidade) na parte aínda conservada do castro. Así mesmo, no proxecto de urbanización figura a construción dunhas escalinatas na zona verde, cando ese elemento non consta no estudio de detalle, e que incidiría igualmente na parte do castro aínda conservada. Por último, a acometida de abastecemento de auga para rego na zona verde (plano 11) non sería autorizable, pois afectaría aos estratos da parte conservada do castro e tampouco figura no estudio de detalle autorizado pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural. Daquela, o vial só podería afectar ó espazo que ocupa a parte do terreo que xa foi desmontada en varios metros, hai anos, pero non poderá implicar a escavación do terreo na parte do castro aínda conservada en ordenanza 3.1.A.a, nin modificar substancialmente a rasante actual do terreo. Tampouco serían autorizables unhas escalinatas ou a acometida de abastecemento de auga na zona verde. Os traballos que se planifiquen para esta última zona non poderán modificar a rasante do terreo, nin perverse movementos de terra a profundidades superiores a 25 centímetros. En todo caso deberá preverse que antes do comezo das obras, de seren autorizadas, deberá realizarse unha intervención arqueolóxica avaliadora, mediante sondaxes".

Déuselle traslado dunha copia deste Informe a D. Jorge Pousa Floriano, mediante oficio notificado no 03/05/2004.

4.- No 02/06/2004 o promotor da actuación presentou diversa documentación reformada do Proxecto de Urbanización na Xerencia de Urbanismo.

En data 07/07/2004 a delegada provincial de Pontevedra da Consellería de Cultura resolveu denegar a autorización para aprobar e executar o Proxecto de Urbanización de referencia.

No 30/07/2004 D. Jorge Pousa Floriano interpuxo Recurso de Alzada perante a Consellería de Cultura contra a devandita Resolución. No 09/08/2004 presentou na Xerencia de Urbanismo un escrito comunicando este feito e solicitando a remisión de diversa documentación á Consellería de Cultura. Mediante Oficio do Concelleiro-Delegado de Urbanismo do 18/08/2004 enviouse a mentada documentación á Administración Autonómica, que a recibiu no 24/08/2004.

5.- Mediante Oficio do 23/09/2004 (notificado o 01/10/2004) a delegada provincial de Pontevedra da Consellería de Cultura voltou a informar desfavorablemente o Proxecto de Urbanización. Dito Informe notificóuselle a D. Jorge Pousa Floriano no 13/10/2004, coa simultánea concesión dun trámite de audiencia.

No 17/11/2004 o Enxeñeiro Industrial da oficina municipal de Servizos Electro-Mecánicos remitiúlle un oficio ao promotor da actuación requiríndolle a subsanación de varios extremos do proxecto (notificado o 30/11/2004).

No 19/11/2004 o enxeñeiro da oficina municipal de Montes, Parques e Xardíns, emitiu Informe favorable sobre o Proxecto de Urbanización.

En data 28/02/2005 a delegada provincial de Pontevedra da Consellería de Cultura da Xunta de Galicia dictou unha nova Resolución denegatoria de autorización para aprobación e execución do Proxecto de Urbanización reformado, polos seguintes motivos:

"(...) elimínase a escalinata e a canalización de auga para rego en zona verde, así como os desmontes en talude na zona verde para o vial, substituíndoos por un corte vertical do terreo. Non obstante, se manteñen grandes desmontes, que se crearían no remate do vial en forma de saco, con cortes verticais de case 5 metros de altura, o que non parece un deseño acertado. Nese sentido algún dos perfís transversais do plano 06R, como os pK 0+77.68 e 0+070, non están ben realizados, como se comproba coa topografía actual do terreo reflectida no plano 02R. Daquela infórmase desfavorablemente o novo proxecto e a súa modificación de urbanización, en tanto non se elimine o vial para coches na zona verde, porque causaría un impacto visual negativo e afectaría ao ámbito intrínseco -aparentemente non alterado- do castro. Independentemente da cualificación desa parte do terreo como solo urbano e do estudio de detalle aprobado pola Consellería, ese documento urbanístico non concretaba ou avaliaba a incidencia paisaxística sobre o terreo e o ben cultural do futuro vial, reducíndose practicamente a súa representación en planta. En consecuencia é necesario aportar un plano topográfico de maior detalle do estado actual do terreo no ámbito do vial, xa que o contido no proxecto de edificación é moi deficiente. Este plano haberá que cotexalo co do novo vial en proxecto e analizar se os desmontes afectan a terreo xa alterado desde o punto de vista arqueolóxico ou non. (...) polo Sr. Pousa Floriano non foron presentadas alegacións dentro do trámite de audiencia (...)."

D. Jorge Pousa Floriano interpuxo Recurso de Alzada contra a citada Resolución, que foi desestimado mediante a posterior Resolución da Conselleira de Cultura e Deporte do 14/12/2005.

6.- En data 10/01/2005 D. Jorge Pousa Floriano interpuxo solicitude de modificación do mentado Estudio de Detalle da Finca "A Torre" (expte. 9461/411).

No 10/03/2006 a arquitecta da oficina municipal de Planeamento emitiu un Informe no que, entre outros extremos, fixo constar que as determinacións do proxecto de modificación do Estudio de Detalle resultan

incompatibles coas do novo Plan Xeral de Ordenación Municipal aprobado inicialmente no 30/12/2004, entre outros motivos polos seguintes:

"(...) O ámbito delimitado no Estudio de Detalle na Finca "A Torre", no Camiño Quintela Navia atópase no novo PXOM situado unha parte en Solo Urbano Consolidado con ordenanza de aplicación 10 grado 1º, outra parte atópase situada en Solo Urbano Non Consolidado A-2-12 REDONDO. Planos do PXOM Nº14-F da serie 2 (escala 1:2000) e Nº10 da serie 1 (escala 1:5000). Sobre o ámbito establécese unha zona de protección arqueolóxica (...).

(...) A ordenación proxectada non sería compatible co novo PXOM, xa que:

- Parte da zona incluída na ordenanza 1.3.E. no PXOU vixente atópase no novo PXOM en solo urbano non consolidado e outra en solo urbano consolidado con Ordenanza de aplicación 10 grado 1º.
- Existe incompatibilidade nas condicións de parcelación entre a Ordenanza 1.3.E. do PXOU vixente e a ordenanza 10 1º. A ordenanza 1.3.E. fixa como parcela mínima 240 m² e fronte mínimo 5 m, así como diferenzas na edificabilidade máxima e a ocupación máxima, na ord. 1.3.D.: 1 m²/m² e 55% respectivamente.
- O vial que se proxecta non está contemplado no PXOM aprobado inicialmente".

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Procede acorda-la suspensión deste procedemento, pendente da aprobación definitiva do novo Plan Xeral de Ordenación Municipal en tramitación, de conformidade co disposto no art. 77 Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística de Galicia, ante a incompatibilidade manifesta detectada entre as determinacións do Proxecto de Urbanización e a ordenación establecida para esa zona no novo PXOM, aprobado inicialmente por Acordo plenario municipal do 30/12/2004 (DOG do 15/02/2005).

Elo con independencia e sen prexuízo de que as resolucións desfavorables da Consellería de Cultura da Xunta de Galicia antes citadas, tamén impiden a aprobación definitiva do Proxecto de Urbanización, tal e como se deduce do disposto nos arts. 25 e 54 Lei 8/1995, do 30 de outubro, do Patrimonio Cultural de Galicia.

É competente para dicta-lo Acordo que agora se propón a Xunta de Goberno Local, de conformidade co disposto no art. 127.1.d) Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases do Réxime Local (LBRL).

En virtude do exposto, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte A C O R D O

PRIMEIRO: Suspender o procedemento de aprobación do Proxecto de Urbanización da finca "A Torre", no camiño Quintela (Navia), promovido por D. Jorge Pousa Floriano, arquivándoo provisoriamente, polos motivos sinalados na parte expositiva deste Acordo (expte. 4502/401).

SEGUNDO: Notifíquese este Acordo ao interesado, coa indicación de que contra o mesmo cabe interpór, alternativamente, recurso de reposición nesta Administración municipal no prazo dun mes, ou recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses.

Acordo

A Xunta de Goberno aproba a proposta contida no precedente informe.

57(250).- DECLARACIÓN DE CADUCIDADE DO EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DO ESTUDO DE DETALLE DAS PARCELAS B, D, W, X, C E L 21 DO POLÍGONO 22 PERI CALVARIO. EXPTE. 9070/411.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do técnico de Admón. Xeral do Servizo de Planeamento e Xestión da Xerencia municipal de Urbanismo, do 10.03.06, que di o seguinte:

En data 29.07.96 o Pleno do Concello acordou aprobar definitivamente o Estudio de Detalle do polígono 22 do Calvario (expte. 3679/411).

No 29.09.2000 o Pleno municipal acordou aprobar definitivamente unha primeira modificación do Estudio de Detalle, referida ás parcelas resultantes "B", "D", "E", "W" e "X" (expte 5685/411).

O 7.05.04 o representante da entidade mercantil "Marbel, S.L." interpuxo nesta Administración municipal solicitude de nova modificación do Estudio de Detalle , esta vez referida ás parcelas "B", "D", "E", "W", "X", "C" e "L.21" do polígono. Achegou diversa documentación, que foi rectificada e completada con outra posterior presentada nos días 6.08.04, 15.10.04, 3.11.04 e 29.11.04.

Consta no expediente informe do arquitecto técnico municipal de 7.02.05.

Na sesión de 21.02.05 a Xunta de goberno local acordou o seguinte: "(...) PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente a modificación do Estudio de Detalle do polígono 22 do Calvario, referida ás parcelas resultantes , <D>, <E>, <W>, <X>, <C> e <L.21>, promovida pola entidade mercantil <Marbel, S.L.>, con memoria e planos asinados polo arquitecto D. José A. Martín Curty, visados polo COAG no 23.11.04 (expte 9070/411). SEGUNDO.- Abrir un trámite de información público polo prazo de 20 días hábiles, mediante publicación de anuncio no DOG en un xornal dos de maior difusión na provincia, así como notificación individualizada no contido íntegro deste Acordo ós propietarios do polígono (...)"

O devandito acordo foi notificado ós interesados e publicado no Faro de Vigo de 25.03.05 e no DOGA, núm. 75 correspondente o día 20.05.05. Según certificación do secretario da XMU se presentaron un total de 16 alegacións.

En data 28.10.05 o técnico de admón xeral informa o seguinte: "(...) De acordo co previsto no artigo 74 da Lei 9/02 (mod. pola Lei 15/04), dada a natureza de plan de iniciativa particular, deberase acreditar a aceptación dos propietarios que representen máis do 50% da superficie do ámbito de planeamento. No presente caso , debe obterse a porcentaxe de conformidade de propietarios actuais, en aplicación do artigo 21 da Lei 6/98, de 13 de abril, de réxime xurídico do solo e valoracións (...). En base o citado informe, requeriuse a subsanación ou enmenda da documentación con expresa referencia a que no caso de que non se fixera se declararíase a caducidade do expediente e o arquivo das actuacións.

O 3.01.03 don Serafín Martínez Cortegoso, en nome da mercantil "Marbel, S.L.", se presentaron alegacións ó escrito de requerimento da documentación. En síntese se alega o seguinte: - A non esixencia da conformidade dos propietarios que representen o 50% da superficie do ámbito; non aplicación de tal previsión dado que o procedemento se inicia con anterioridade á entrada en vigor da Lei 15/04; vulneración dos principios de seguridade xurídica e dos propios actos da Administración. Conclúe que debe aprobarse definitivamente o Estudio de detalle.

FUNDAMENTOS OU CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

1.- *Natureza urbanística dun Estudio de detalle e procedemento de aprobación.- O Estudio de detalle na Lei 9/02, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, é ubicado dentro dos planeamentos de desenvolvemento (artigos 74). O procedemento de aprobación dos instrumentos de planeamento de desenvolvemento é abordado nos artigos 86 e seguintes da Lei 9/02. De acordo co previsto no artigo 74 para os planeamentos de iniciativa particular se precisa que os promotores do mesmo acrediten a aceptación polos propietarios que representen máis do 50% da superficie do ámbito de planeamento.*

2.- *Alegacións presentadas por don Serafín Martínez Cortegoso en representación da entidade mercantil "Marbel S.L."- No escrito presentado o 3.01.06, fundamenta a improcedencia da esixencia da estipulación contida no artigo 74 c) da Lei 9/02 (modificada neste punto pola Lei 15/04), en base os seguintes argumentos:*

- *Que a adopción do acordo de aprobación inicial do estudio de detalle implica o recoñecemento explícito por parte da Administración da innecesiedade da referida esixencia por tratarse dun expediente tramitado ó abeiro da redacción primitiva da Lei 9/02.- Ó respecto é necesario informar que a entrada en vigor da modificación da Lei 9/02 realizada pola Lei 15/04, foi o 21.01.05. A aprobación inicial da modificación do estudio de detalle foi adoptada por acordo da Xunta de goberno local de 21.02.05 e non na fecha que se fai referencia no escrito de alegacións. A partir de este momento é de aplicación a previsión contida no apartado c) do artigo 74 da Lei 9/02. Non se prevé no citado texto legal ningunha referencia ó réxime transitorio para a tramitación dos plans, salvo a a prevista na disposición transitoria terceira para os plans en tramitación á entrada en vigor da Lei 9/02. No presente caso, é evidente que se debería haber esixido que os promotores do planeamento de desenvolvemento de iniciativa particular, acreditasen a conformidade dos propietarios que representen polo menos o 50% da superficie do ámbito. A aprobación inicial do documento presentado non supoñe un recoñecemento da innecesiedade de tal previsión, senón que se tratou dunha omisión no expediente que debería ser necesariamente subsanada con anterioridade á aprobación definitiva. Por outra parte, o réxime transitorio establecido na Lei 30/92, de 26 de novembro, para os procedementos administrativos iniciados con anterioridade á entrada en vigor da mesma, non pode ser aplicado dado que o documento que se somete a aprobación ten unha natureza regulamentaria especial regulada polas súas propias normas e cun réxime transitorio específico.*
- *Vulneración dos principios de seguridade xurídica e dos propios actos da Administración.- A esixencia do cumprimento do artigo 74 da Lei 9/02 (na actual redacción) non pode constituir a vulneración dos principios de seguridade xurídica e non implica que a Administración vaia en contra dos seus propios actos. O que se trata e do cumprimento das previsións da Lei, evitando que no procedemento concorran un vicio formal que podería implicar a anulabilidade do instrumento urbanístico. É certo que o momento no que se debería esixir o cumprimento do artigo 74.c da Lei 9/02 e con ocasión da aprobación inicial. Non obstante, apreciada tal falla no expediente e, en congruencia cos principios de boa administración dos intereses públicos e o respecto dos particulares, a Administración reaccionou e requeriu a aportación da conformidade dos propietarios coa proposta contida no estudio de detalle. Sobre a natureza do acto de aprobación inicial e o grado de vinculación que o mesmo ten, se pronuncia a Xurisprudencia, citando por exemplo a sentenza apelada en casación e resolta o 30.10.87 polo Tribunal Supremo: "(...) aparte de que los actos de aprobación inicial y provisional, son actos de trámite, que no tienen otra finalidad y trascendencia que el de posibilitar el acto de aprobación definitiva que es el verdadero y único acto y el por tanto (sic) produce efectos en la esfera jurídico administrativa, y en su consecuencia ninguna correspondencia entre ellos y éste cabe establecer pudiendo la Administración en el momento de aprobación definitiva, valorar o tener en*

cuenta datos o elementos hasta entonces no apreciados, por las causas o circunstancias más variadas, en todo caso, no conviene olvidar que en el supuesto de autos, el cambio o alteración del sentido de los informes de los técnicos de la Corporación demandada produjo, entre otros por virtud y en base a unos criterios y valoraciones, que la Comisión Provincial de Urbanismo expuso y que consideraba ya habían de tener en cuenta para la aprobación definitiva del Proyecto, y siendo ello así, es claro, que haya que reconocer y aceptar, la potestad de la Corporación, para cambiar y alterar el criterio que había emitido en los trámites de aprobación inicial y provisional, otra cosa será, si esa denegación es o no conforme a derecho, que es lo que seguidamente se analizará a partir de las dos cuestiones antes citadas (...). A STS de maio de 1985 conclúe o seguinte: "(...) sin necesidad de declarar lesivo o anular aquel acuerdo de aprobación inicial, que carecía, por su carácter, de virtualidad vinculante para nadie, hasta el punto de que el mismo procedimiento de revisión aludido pudo haber terminado, de seguir su curso, con un acuerdo distinto de aprobación definitiva, a lo que debe añadirse que no existe elemento de juicio alguno para estimar la actuación municipal como fraudulenta, con apoyo en el invocado artículo 6.º-4 del Código Civil (...)". Por outra parte, é evidente que a modificación proposta implicará a do proxecto de compensación, requirindo tal alteración a conformidade como mínimo dunha importante parte dos actuais propietarios.

3.- Consecuencias de non atender ó requerimento realizado pola Administración.- No escrito de 28.10.05 advertíase expresamente que transcurridos tres meses sen que se subsanara ou enmendase a documentación achegada, a Administración procedería a declarar a caducidade do expediente e se acordaría o arquivo das actuacións, todo elo de acordo co previsto no artigo 92 da Lei 30/92, de 26 de xuño, de réxime xurídico das Administracións Públicas e procedemento administrativo común. Según se deduce do examen dos documentos incorporados ó expediente, transcorreu o prazo sinalado sen que se aportara a autorización expresa dos propietarios que representen o 50% da superficie do ámbito.

4.- Órgano competente para a adopción do presente acordo.- De acordo co establecido no artigo 127 da Lei 7/85, de 2 de abril, de réxime xurídico das Administracións Públicas e procedemento administrativo común, a competencia para a aprobación inicial dun estudio de detalle corresponde á Xunta de goberno local. Non obstante, de acordo co contido da Sentenza 874/2003, de 27 de novembro (RJ 2004/77384), a competencia para desestimar a tramitación dun instrumento de planeamento corresponde ó órgano que teña atribuída a competencia para a súa aprobación definitiva e, no presente caso, correspondería ó Pleno. No marco do expediente 8559/411 formulouse consulta á secretaría da XMU, concluíndo que sería aconsellable que se acordase na Xunta de Goberno Local. Polo tanto, o informante estima que para maior seguridade xurídica (salvo maior criterio), o presente asunto debe resolverse no seno da Xunta de Goberno local e tomar coñecemento o Pleno.

En base ós fundamentos xurídicos contidos do presente informe, fórmase a seguinte proposta de resolución:

1.- Tendo en conta que no se atendeu o requerimento de subsanación de documentación de 28.10.05, de acordo co previsto no artigo 92 da Lei 30/92, de 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións Públicas e procedemento administrativo común, declarar a caducidade e o arquivo do expediente 9070/411 de tramitación da modificación do estudio de detalle das parcelas "B", "D", "W", "X", "C" e "L.21" do polígono 22 do Peri do Calvario.

2.- Notifíquese o contido íntegro deste acordo ós interesados, coa indicación de que contra o mesmo cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo perante a sala correspondente do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses dende a notificación do presente acordo.

Acordo

A Xunta de Goberno aproba a proposta contida no precedente informe.

58(251).- APROBACIÓN INICIAL DO PROXECTO DE URBANIZACIÓN DO POLÍGONO 11 DO PERI DO CALVARIO. EXPTE. 4623/401.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do técnico de Admón. Xeral do Servizo de Planeamento e Xestión da Xerencia municipal de Urbanismo, do 14.03.06, que di o seguinte:

O Plan Especial de Reforma Interior IV-04 do Calvario foi aprobado definitivamente con data 9 de marzo de 1979 e incorporado na súa práctica totalidade ó Plan Xeral de Ordenación Urbana de Vigo de 1993, contén a ordenación detallada do seu ámbito e a delimitación poligonal do mesmo.

Por acordo plenario de 12.09.05 adoptouse a seguinte resolución: "(...) Aprobar definitivamente á modificación do PERI do Calvario, delimitación do seu polígono 11 e do sistema de actuación para a súa execución, redactada elaborada polos arquitectos D. Salvador Fraga Rivas, D. Francisco Javier García-Quijada Romero e D. Manuel Portolés Sanjuán, con visado do COAG do 17 de Novembro de 2004 (...)". En dito acordo se prevé como sistema de actuación urbanística ó de cooperación, polo que para establecer una equitativa distribución dos beneficios e cargas derivados do planeamento entre os propietarios afectados pola actuación urbanística proxectada, procede legalmente incoar expediente de reparcelación, tal e como se establece nos artigos 134 e seguintes da Lei 9/02, de 31 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia e vixentes do rd 3.288/78, de 25 de agosto, polo que se aproba o regulamento de xestión urbanística.

A Xunta de Goberno local deu aprobación definitiva do convenio de xestión do polígono 11 do Peri do Calvario (Expte. 4492/401). O mesmo está asinado con data 25.11.05.

Por resolución do vicepresidente da XMU de data 17.10.05, acordouse o seguinte: "(...) 1.- Entender por iniciado o expediente de reparcelación do polígono 11 do PERI IV-4 "O Calvario" coa aprobación definitiva da modificación do ámbito e delimitación de novo polígono e cambio de sistema de actuación, adoptada na sesión plenaria de 12 de setembro de 2005. 2.- De acordo co establecido no artigo 103 do real decreto 3288/78, de 25 de agosto, polo que se aproba o regulamento de xestión urbanística, requirir ós propietarios para que exhiban ante a Administración os títulos da finca ou fincas da súa propiedade, comprendido dentro dos límites referidos. Así mesmo, ínstase ós mesmos para que declaren no prazo de quince días as situacións xurídicas que coñezcan e afecten a ditas fincas. Se lles advirte expresamente que a omisión, error ou falsidade destas declaracións non poderá afectar o resultado obxectivo da reparcelación, e si se apreciase dolo ou negligencia graves, poderá esixirse a responsabilidade civil ou penal que corresponda. Logo da documentación recabada polos interesados, instarase ó número 2 do Rexistro da propiedade certificacións das titularidades e cargas das fincas afectadas. Así mesmo solicitarase que de cada finca se extenda nota expresiva do organismo actuante e data da iniciación do expediente de reparcelación. A indicada nota marxinal sólo producirá o efecto prevenido no artigo 102, número 3, do citado regulamento. 3.- Notificar o presente acordo ós interesados (...)".

O 27.09.05 a entidade "Espacio Vital, S.L." como entidade colaboradora da Administración na xestión do polígono, presenta proxecto de urbanización asinado polos arquitectos don Salvador Fraga Rivas, don Fco. Javier García-Quijada Romero e don Manuel Portolés Sanjuán. O mesmo está visado polo Colexio oficial de Arquitectos de Galicia de 18.07.05.

O 10.03.06 o adxunto ó director dos servizos técnicos da XMU, informa o seguinte: "(...) El proyecto consiste fundamentalmente en la creación de una calle semipeatonal en forma de U, con entrada y salida por la calle San Roque, entre los números 124 y 140 de dicha calle. La zona de rodadura, tratada en adoquín, tiene una anchura de 3,50 metros, destinándose el resto del espacio a disponer plazas de aparcamiento en número de 16, y zonas de estancia ajardinadas con lomas de césped, adoquín entreverado con césped, o aceras propiamente dichas con alcorques. Esta calle da acceso a los garajes de edificaciones existentes, y a los bajos comerciales. La zona se ve condicionada en su tratamiento de superficie por los forjados de los garajes mencionados. Con la entrada desde la calle Ruiseñor, entrada que hoy ya existe, se abre una pequeña zona de estancia, que incluye un tratamiento vegetal para mimetizar la medianera existente de la Iglesia parroquial de San Pablo. También esta zona tiene el condicionante de la existencia de forjados de garajes. El proyecto contiene las obras necesarias para la implantación de los servicios urbanísticos habituales, destacando la red de media y baja tensión que se incluye en las calles San Roque, Ruiseñor y Avda. de Gregorio Espino como resultado del escrito de Unión Fenosa de fecha 28/11/05, entendiendo que la instalación de los transformadores es una cuestión ligada a las edificaciones a resolver en su interior, y no en el espacio público. El proyecto cumple con las vigentes NNUU con los artículos 67-70 del RPU y con el Decreto 35/2000 de accesibilidad (...). El acuerdo de aprobación inicial, así como el inicio del periodo de exposición pública se notificará al departamento municipal de Tráfico, a las empresas Unión Fenosa, Aqualia e as de comunicacións (...)."

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

1. *Procedemento de aprobación do proxecto de urbanización.- A Lei 9/02, de 31 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, no apartado 4º do artigo 110, describe o procedemento de aprobación dun proxecto de urbanización. Deberanse aprobar inicialmente pola Xunta de Goberno Local (127.1.e da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local), someterse a información pública polo prazo mínimo de vinte días e proceder á aprobación definitiva coas modificacións que resulten pertinentes.*
2. *Sistema de actuación elixido para a execución do polígono- Según consta nos antecedentes, o sistema de execución elixido é o de cooperación. A empresa "Espacio Vital, S.L." forma parte da entidade colaboradora do Concello para a xestión do polígono, tra-la sinatura do convenio de xestión o 25.11.05. A obra a executar ten a natureza de obra pública e polo tanto, sometida necesariamente ós principios da contratación administrativa contido no real decreto legislativo 2/2.000, en concreto, os artigos 120 e seguintes, así como os concordantes do real decreto 1098/2001.*
3. *Contido do proxecto de urbanización.- Según o artigo 110 da Lei 9/02 os proxectos de urbanización son proxectos de obras que teñen por finalidade executar os servizos e dotacións establecidas no planeamento (...) non poderán modificar as previsións do planeamento que desenvolven, sen prexuízo de que poidan efectuar as adaptacións esixidas pola execución material das obras. Según os informes contidos no expediente, o proxecto de urbanización axústase a normativa actualmente en vigor, e se deduce, que non contradín o disposto no planeamento aprobado inicialmente e publicado o acordo como tal o 15 de febreiro de 2005. Por outra parte, tendo en conta os informes técnicos, o proxecto cumpre o disposto na Lei 8/97, de 20 de agosto e o Decreto 35/2000, de accesibilidade.*

4. Posibilidade de aprobar o proxecto de urbanización con anterioridade ó de equidistribución.- A Xurisprudencia permite a tramitación do proxecto de urbanización de xeito simultáneo ó de equidistribución, non obstante, necesariamente deberá aprobarse definitivamente o proxecto de equidistribución con anterioridade a entrar a valorar a necesidade de darlle aprobación definitiva ó de urbanización.
5. Órgano competente para a adopción do acordo de incoación e resolución do expediente.- Dada a redacción do artigo 127.1.k da Lei 7/85, a competencia para a aprobación do presente acordo corresponde á Xunta de Goberno Local.

Polo tanto, propóñese a adopción do seguinte acordo:

1. Aprobar inicialmente o proxecto de urbanización elaborado polos arquitectos don Salvador Fraga Rivas, don Fco. Javier García-Quijada Romero e don Manuel Portolés Sanjuán (visado COAG de 18.07.05).
2. Abrir un trámite de información pública polo prazo de vinte días hábiles, mediante publicación de anuncios no BOP e nun diario dos de maior circulación na Provincia. Notifíquese o contido íntegro deste acordo ós propietarios do terreo xunto cunha copia dos informes técnicos obrantes no expediente. Notifíquese tamén ás entidades concesionarias de servizos públicos e infraestructuras de telecomunicacións.

Acordo

A Xunta de Goberno aproba a proposta contida no precedente informe.

59(252).-RECEPCIÓN DE OBRAS DE URBANIZACIÓN ED-SU-UE II-10 FRAGOSO. EXPTE. 4588/401.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do técnico de Admón. Xeral do Servizo de Planeamento e Xestión da Xerencia municipal de Urbanismo, do 13.03.06, que di o seguinte:

O Pleno do Concello de Vigo, en sesión que tivo lugar o 26 de outubro de 1996, se adoptou o seguinte acordo: "(...) Aprobar definitivamente o proxecto de urbanización do estudio de detalle da UE II-10 Fragoso, formulado pola sociedade mercantil <Casas Tibeco, S.L.>, e redactado pola arquitecta Dª María A. Leboreiro Amaro e polo enxeñeiro de camiños D. Alberto Moreno García, con visados do COAG de datas 21.02.95 e 26.05.95, nos termos de acordo de aprobación inicial (...)"

O 4.11.99 se dicta sentenza polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia cuxa parte resolutoria conclúe o seguinte: "(...) Que estimando parcialmente el recurso contencioso administrativo interpuesto por D. Eduardo Canabal Sanz contra acuerdo del Pleno del Consello de Vigo, de 26 de octubre de 1995, por el que se aprobaron definitivamente la modificación de la delimitación del Estudio de Detalle de la Unidad de Ejecución <II-10 Fragoso> y dicho Estudio de Detalle, así como contra el acuerdo del Consello de la Xunta de Galicia, de 29 de abril de 1993, sobre aprobación definitiva del expediente de subsanación de deficiencias de la Adaptación del PGOU de Vigo a la LASGA, debemos anular y anulamos el mencionado acuerdo del Pleno del Concello de Vigo, de 26 de octubre de 1995, el cual es contrario a Derecho (...)"

Constan no expediente os seguintes informes:

- Informe de 12 de xullo de 2005 de "Unión Fenosa"-
- Informe de 24 de febreiro de 2006 de Montes, Parques e Xardíns.
- Informe de 13 de febreiro de 2006 de servizo de electromecánicos.
- Informe de 4 de agosto de 2005 de "Telefónica de España"
- Informe de 6 de marzo de 2006 de Aqualia.
- Informe de 9 de marzo de 2006 da oficina de supervisión de proxectos e inspección de obras.

Así mesmo, o enxeñeiro técnico de obras públicas, informa o 10.03.06 o seguinte: "(...) Las obras cuya recepción se informan, están contenidas en el Proyecto de Urbanización de la UE II-10 Frago <expte. 3897/401> aprobado definitivamente por acuerdo plenario de 3.06.96. Dichas obras desarrollan el contenido de la Modificación y Estudio de Detalle de la UE II-10 Frago (Exp. 3034/411), aprobado definitivamente por acuerdo plenario del 26.10.95. Las mismas han sido revisadas por los diferentes servicios con instalaciones en su ámbito, informes que se acompañan. Por todo lo expuesto, las obras que se ajustan sensiblemente a las definidas en el proyecto de urbanización mencionada pueden ser recibidas, salvo superior criterio (...)"

FUNDAMENTOS LEGAIS E XURÍDICOS

1.- Réxime xurídico aplicable.- De conformidade co preceptuado no artigo 110.5 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (LOUG), "A recepción polo concello das obras de urbanización en execución do planeamento rexeráse polo disposto na lexislación de contratos das administracións públicas". O Texto refundido da lei de contratos das administracións públicas aprobado por real decreto lexislativo 2/2000, de 16 de xuño (TRLCAP), regula a recepción das obras no seu artigo 147, que se desenvolve nos artigos 163 e seguintes do regulamento xeral da Lei de contratos, aprobado por RD 1098/2001, de 12 de outubro (RC).

2.- Incidencia da Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia de 4 de novembro de 1999.- A sentenza anulou o acordo de 26.10.95 polo que se aprobou a modificación da delimitación do estudo de detalle da unidade de execución "II-10 Frago" e o propio estudo de detalle. Os efectos da sentenza non alcanzaron o contido do proxecto de urbanización que tivo aprobación definitiva o 26.10.96 por acordo plenario. O acto que se somete a proposta, trátase dun simple acto de comprobación que necesariamente debe o Concello realizar tra-lo pedimento por parte dos interesados. Non significa en ningún caso a elusión do cumprimento da resolución xudicial, por canto os efectos da mesma non poden ser extendidos sen unha previa impugnación ós actos de execución dos acordos firmes e todavía non anulados. O acto de comprobación da correcta execución da urbanización non é un acto de aplicación do contido do Estudio de detalle anulado, senon unha consecuencia necesaria da solicitude practicada polos interesados na posta a disposición do Concello da urbanización. En todo caso ten carácter reglado e a Administración non ten marxe de discrecionalidade para resolve a recepción ou para a denegación da mesma, pero unicamente naquel caso que a mesma non se axuste o contido do proxecto de urbanización. A Administración non pode descoñecer que o proxecto de urbanización non está anulado e executado e calquera actuación municipal tendente á suspender o acto de recepción ou de conformidade coa execución da urbanización, poidera entenderse como unha desviación de poder. Non consta no expediente, vontade da Administración nin dos propios recurrentes de por en cuestión a legalidade do proxecto de urbanización. Polo tanto se carece de título para a denegación da recepción da urbanización naquel caso que a mesma teña as condicións para ser recibida. Por outra parte, a recepción das obras de urbanización é ofrecida pola empresa "Centro inmobiliario Vigo, S.L." o 9 de marzo de 2006. Ó respecto o artigo 168.2 do rd 1098/2001, de 12 de outubro, prevé un suposto de recepción tácita das obras de urbanización, cando a mesma estivese finalizada e foran conformes coas prescricións do contrato.

3.- *Presencia no expediente dos informes técnicos preceptivos.-* Consonte os informes favorables do enxeñeiro técnico do servizo de vías e obras e do adxunto ó director dos servizos técnicos da Xerencia Municipal de Urbanismo, procede a recepción das obras de urbanización.

4.- *Prazo de garantía das obras de urbanización.-* De conformidade co artigo 147.3 do TRLCAP e o prazo de garantía será dun ano, durante o cal, en aplicación do artigo 167 do Regulamento de contratos das Administracións Públicas, os propietarios coidarán da conservación e policía das obras. Se descoidase a conservación e dese lugar a que perigue a obra executaranse pola Administración e a costa do contratista os traballos precisos para evitar o dano. No suposto de vicios ocultos na obra o prazo para esixir a responsabilidade será de 15 anos, de acordo co establecido no artigo 148 do TRLCAP.

5.- *Innecesiedade da adopción do presente acordo.-* As normas sobre contratación administrativa, ás que se remite a Lei 9/02, non contemplan a necesidade de adopción dun acordo expreso de recepción. Únicamente se esixe o levantamento dun acta asinado polo funcionario técnico da Administración contratante e un representante desta (artigo 147.2 do rdlx. 2/2000) na que se constate que as obras están en bo estado e conforme o proxecto aprobado.

6.- *Órgano competente para a resolución do expediente.-* É competente para adoptar este Acordo a Xunta de Goberno Local, en virtude do artigo 127 da Lei reguladora das bases do réxime local na redacción dada pola Lei 57/2003, de 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local.

En mérito dos feitos e fundamentos de dereito expostos, proponse ó Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo para que eleve esta proposta para a aprobación pola Xunta de Goberno Local do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO: Á vista dos informes do enxeñeiro técnico da oficina de supervisión de proxectos e inspección de obras e do adxunto ó director dos servizos técnicos de 10.03.06, tomar coñecemento do contido dos mesmos e consecuentemente entender por recibidas as obras de urbanización contidas no proxecto de urbanización aprobado por acordo plenario de 26.10.96.

SEGUNDO: Notificar o contido íntegro deste acordo ós interados, coa indicación de que contra o mesmo cabe interpoñer alternativamente recurso de reposición ante esta Administración municipal no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso Administrativo no prazo de dous meses, sen prexuízo de que exerciten calquera outro que estimen procedente. Así mesmo, darlle traslado do contido íntegro deste acordo ós departamentos municipais de licenzas de obras, oficina de supervisión de proxectos e inspección de obras, electromecánicos, montes, parques e xardíns, limpeza, patrimonio e contratación, estatística e cultura, e á concesionaria "AQUALIA-GESTIÓN INTEGRAL DEL AGUA, S.A.", "Telefónica de España, S.A.", "Unión Fenosa S.A.", "R Cable y Telecomunicaciones Galicia, S.A." e "Gas Galicia, S.A.".

Acordo

A Xunta de Goberno aproba a proposta contida no precedente informe.

60(253).-EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS DO PROXECTO DE SUPRESIÓN DE BARREIRAS ARQUITECTÓNICAS EN DIVERSAS RÚAS DA CIDADE. EXPTE. 47995/250.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe Administrativo de Vías e Obras, do 6.02.06, conformado polo asesor xurídico da Área de Servizos Xerais, o concelleiro delegado de dita Área e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o proxecto de “ Supresión de Barreiras Arquitectónicas en diversas rúas da cidade ” segundo proxecto redactado polo enxeñeiro técnico municipal D. Jorge Muñoz Rama .

2º.- Aprobar o prego de prescricións técnicas para o contrato das obras do “Supresión de Barreiras Arquitectónicas en diversas rúas da cidade ” , redactado polo Enxeñeiro Xefe de Vías e Obras .

3º.- Aprobar o prego de condicións administrativas pariculares elaborado pola Área de Servizos Xerais para á contratación por procedemento aberto en forma de concurso das obras do “Supresión de Barreiras Arquitectónicas en diversas rúas da cidade ” .

4º.- Autorizar o gasto para a contratación das obras do do “Supresión de Barreiras Arquitectónicas en diversas rúas da cidade ” con cargo á partida 511.0.210.00.03 do presuposto do 2006 e por un importe máximo de 150.101,21 €

5º.- Abrir o procedemento licitatorio, convocando o concurso para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

61(254).-EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA ASISTENCIA TÉCNICA PARA O CONTROL E SEGUIMIENTO DAS OBRAS DOS PROXECTOS EXECUTADOS POLAS BRIGADAS DOS PLANS DE EMPREGO MUNICIPAIS E DOS PLANS DE COOPERACIÓN COA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL. EXPTE. 47968/250.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe Administrativo de Vías e Obras, do 6.02.06, conformado polo xefe do Servizo de Vías e Obras, o asesor xurídico da Área de Servizos Xerais, o concelleiro delegado de dita Área e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o prego de prescricións técnicas para o contrato de “ control e seguimento das obras dos proxectos executados polas brigadas dos plans de emprego municipais e dos plans de cooperación coa Exma. Diputación Provincial ” elaborado polo Servizo de Vías e Obras.

2º.- Aprobar o prego de condicións administrativas elaborado pola Área de Servizos Xerais para a contratación por procedemento negociado sen publicidade da asistencia técnica para o Servizo de Vías e Obras cara o “control e seguimento das obras dos proxetos executados polas brigadas dos plans de emprego municipais e dos plans de cooperación coa Exma. Diputación Provincial”.

3º.- Autorizar o gasto de 30.000,00 euros para a contratación da asistencia técnica para o control e seguimento das obras a executar polas brigadas dos plans de emprego municipais con cargo á partida 5110.227.06.00

4º.- Iniciar o procedemento negociado para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente, solicitando como mínimo tres ofertas .

62(255).-EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA ASISTENCIA TÉCNICA PARA REDACCIÓN DE PROXECTOS CARA A CAPTACIÓN DE FONDOS EUROPEOS E APOIO AO ESTABLECEMENTO DE REDES TRANSNACIONAIS PARA ESA CAPTACIÓN. EXPTE. 47786/250.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe Administrativo de Vías e Obras, do 25.01.06, conformado polo asesor xurídico da Área de Servizos Xerais, o concelleiro delegado de dita Área e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o prego de prescricións técnicas para o contrato de “Redacción de proxectos cara a captación de fondos europeos e apoio ó establecemento de redes transnacionais para esa captación ” elaborado polo Servicio de Vías e Obras .

2º.- Aprobar o prego de condicións administrativas elaborado pola Área de Servizos Xerais para a contratación por procedemento negociado sen publicidade da asistencia técnica para a “ Redacción de proxectos cara a captación de fondos europeos e apoio ó establecemento de redes transnacionais para esa captación ” para á Concellería de Servizos xerais .

3º.- Autorizar o gasto de 30.000,00 euros para a contratación da asistencia técnica para redacción de proxectos cara a captación de fondos europeos e apoio ó establecemento de redes transnacionais para esa captación con cargo á partida 5110.227.06.00

4º.- Iniciar o procedemento negociado para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente, solicitando como mínimo tres ofertas .

63(256).-EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS DO PROXECTO DE INSTALACIÓN DE NOVA REDE DE ABASTECEMENTO DE AUGAS NAS RÚAS S. PAIO DE NAVIA E FONTÁNS. EXPTE. 46193/250.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe Administrativo de Vías e Obras, do 6.02.06, conformado polo enxeñeiro-xefe do Servizo de Vías e Obras, o asesor

xurídico da Área de Servizos Xerais, o concelleiro delegado de dita Área e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o prego de prescripci3ns t3cnicas para o contrato das obras de “ Instalaci3n de nova rede de abastecemento de augas nas r3as S. Paio de Navia e Font3ns ”, redactado polo Xefe do Servizo de V3as e Obras.

2º.- Aprobar o prego de condici3ns administrativas particulares elaborado pola 3rea de Servizos Xerais con data 10 de outubro do 2005 para 3 contrataci3n por procedemento aberto en forma de concurso das obras do proxecto de “ Instalaci3n de nova rede de abastecemento de augas nas r3as S. Paio de Navia e Font3ns ”.

3º.- Autorizar o gasto para a contrataci3n das obras con cargo 3 partida 441.0.601.00.00 do presuposto 2006 e por un importe m3ximo de 312.793,22 €

4º.- Abrir o procedemento licitatorio, convocando o concurso para a selecci3n do contratista na forma prevista na lexislaci3n vixente.

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto lexislativo 781/1986 de 18 de abril.

64(257).- CONVOCATORIA DE DOCE BOLSAS PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS NAS OFICINAS DE INFORMACIÓN E SERVICIOS TURÍSTICOS. EXPTE. 1905/104.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe do Servizo de Turismo, Comercio e Industria, do 14.03.06, conformado pola concelleira de dito Servizo e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar 3s Bases Xerais para a realizaci3n de pr3cticas nas oficinas e servizos tur3sticos da Conceller3a, que neste caso corresponden o per3dodo comprendido entre o 15 de xuño ata o 15 de outubro do 2006, 3mbolos dous inclusive.

2º.- Aprobar a convocatoria de doce bolsas para a realizaci3n de pr3cticas nas oficinas e servizos tur3sticos da Conceller3a o 15 de xuño ata o 15 de outubro do 2006, 3mbolos dous inclusive.

3º.- Aprobar o gasto de 36.000 € para a dotación económica das bolsas de formación, con cargo a partida orzamentaria 7510.4810000 “Transferencias a Familias e Institucións”, do presuposto prorrogado actualmente en vigor para o ano 2006.

4º.- Aprobar o gasto de 180 € para cubrir as pólizas de seguro por risco profesional para cada un dos adxudicatarios/as das bolsas, con cargo á partida 7510 2240000 do presuposto prorrogado actualmente en vigor.

CONVOCATORIA DE DOCE BOLSAS PARA A REALIZACIÓN PRÁCTICAS EN OFICINAS DE INFORMACION E SERVICIOS TURÍSTICOS

PRIMEIRO.- OBXECTO

En virtude do establecido no artigo 28 da Lei de Bases de Réxime Local e disposicións concordantes, así como na Lei Xeral de Subvencións 38/2003, a Concellería de Turismo do Concello de Vigo convoca a concesión de bolsas para a realización de prácticas en oficinas de información e servizos turísticos para o período estival 2006.

SEGUNDO: NÚMERO DE BOLSAS

Convócanse 12 bolsas para a realización de prácticas de información nas oficinas de información turística e servizos turísticos que a Concellería porá en funcionamento para o período estival.

TERCEIRO: DOTACION

A contía da convocatoria ascende á totalidade de 36.000 €, que se imputarán á aplicación presupostaria 751.0.481.00.00 “Transferencias a Familias e Institucións”, do presuposto prorrogado para o ano 2006 da Concellería de Turismo actualmente en vigor. Ademais, o Concello suscribirá un seguro individual de accidente para cada unha das bolsas, que será imputado á partida 751.0.224.00.00, “Seguros”, do presuposto correspondente o ano 2006.

CUARTO: PRAZO

O prazo de presentación de solicitudes será de 10 días hábiles a partir da publicación das bases no Boletín Oficial da Provincia.

QUINTO: SOLICITUDES

As solicitudes serán presentadas no Rexistro Xeral do Concello, dentro dos dez días hábiles seguintes á publicación destas bases no Boletín Oficial da Provincia. Poderán remitirse, asemade, ó Rexistro Xeral, no prazo antes mencionado, en calquera das formas previstas na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común. As solicitudes deberán acompañarse da documentación requerida nas bases desta convocatoria.

SEXTO: DURACION DAS BOLSAS

As prácticas terán unha duración de catro meses durante o período estival. Comezando, en principio o día 15 de xuño de 2006 e rematando o día 15 de outubro de 2006. No caso de que o comezo das prácticas tivese que retrasarse por algunha causa, o remate prolongarase tantos días como se teña retrasado o comezo da actividade.

SETIMO: BASES

Apróbanse as bases que se relacionan no Anexo I, que rexirán a convocatoria de bolsas destinadas á realización de prácticas en oficinas de información e servizos turísticos durante o período estival, dentro do marco xurídico definido na Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, en réxime de concurrencia competitiva.

OCTAVO: PRAZO RESOLUCION E NOTIFICACION

- 1. O prazo máximo para resolver e notificar a resolución do procedemento non poderá exceder de catro meses. O prazo computarase a partir da publicación da correspondente convocatoria.*
- 2. A resolución do procedemento notificarase ós interesados de acordo co previsto no artigo 58 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común. A practica de dita notificación ou publicación axustarase á disposición contida no artigo 59 da citada Lei.*

BASES XERAIS PARA A CONVOCATORIA DE BOLSAS PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS EN OFICINAS DE INFORMACIÓN E SERVICIOS TURÍSTICOS.

O desenvolvemento do sector turístico e o necesario incremento dos niveis de calidade dos servizos que se prestan ó turista, recomendan aumentar o grado de especialización dos profesionais da actividade turística, proporcionándolles a posibilidade de mellorar o seu nivel de formación e coñecemento do sector, mediante a convocatoria de bolsas de prácticas profesionais de especialización.

O Concello de Vigo está a adoptar unha serie de medidas para acadar os fins sinalados. Entre estas medidas está a de favorecer o acceso a prácticas de información turística ós/ás Técnicos Superiores en Información e Comercialización Turística e Diplomados/as en Empresas e Actividades Turísticas.

Precisamente co obxectivo de potenciar a formación do sector e a mellora da calidade dos servizos turísticos, obxectivo éste de interese público, a administración, consonte ó establecido no artigo 74 da Lei 9/1997, do 21 de agosto, de ordenación e promoción do turismo en Galicia, e ó abeiro dos principios de incentivación de encadran na Lei 38/2003, Xeral de Subvencións, realiza a convocatoria de axudas públicas con estes fins de carácter social e económico.

Por todo o antedito, e en virtude das competencias atribuídas ós municipios no artigo 28 de Lei 7/1985, Reguladora das Bases de Réxime Local, e concretamente, en relación ó turismo e o comercio, no artigo 25.2.m), e ós municipios galegos no artigo 80.2.n da Lei 5/1997, de 22 de xullo de administración local de Galicia, e consonte o establecido na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, mediante o que se regula o procedemento de concesión de subvencións, en réxime de concurrencia competitiva, a Concellería de Turismo realiza unha convocatoria de bolsas para a realización de prácticas en oficinas de información e servizos turísticos, coas seguintes

BASES XERAIS DE CONVOCATORIA DE BOLSAS PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS EN OFICINAS DE INFORMACIÓN E SERVIZOS TURÍSTICOS (ANEXO I)

Estas bases xerais rexirán tódalas convocatorias de bolsas ata o momento que sexa preciso facer algunha modificación

PRIMEIRA: Modalidade

Bolsas para a realización de prácticas en oficinas de información e servizos turísticos municipais durante o periodo indicado na convocatorias das bases.

SEGUNDA: Número

O número de bolsas que se convocan para a realización de prácticas nas oficinas de información turística e outros servizos turísticos será do número indicado na convocatoria.

TERCEIRA: Requisitos dos bolseiros/as

Ademais dos requisitos establecidos no artigo 13 da Lei Xeral de Subvencións, para poder optar ás bolsas, os interesados/as deberán reunir, como mínimo, os seguintes requisitos:

- 1. Poderán optar ás bolsas de prácticas nas oficinas e servizos de información e promoción turística os/as Técnicos Superiores en Información e Comercialización Turística, así como os Diplomados/as en Empresas e Actividades Turísticas. A titulación deberá ser, cando menos, obtida no ano 2000 ou con posterioridade á este data. Só poderán concurrir a esta convocatoria os/as solicitantes que reúnan estas condicións e sempre que nacesen con posterioridade ó 31 de decembro de 1978.*
- 2. A concesión das bolsas de estudos é incompatible con outras axudas simultáneas que conceda o Concello de similar contido e alcance.*

Para a acreditación destes requisitos e dos méritos que aleguen os candidatos/as, deberán cumprir o especificado na base novena desta convocatoria.

CUARTA: Duración.

A duración das bolsas será a especificada na convocatoria.

QUINTA: Dotación das bolsas e aboamento.

A dotación das bolsas será especificada na convocatoria.

O importe da axuda será obxecto das correspondentes retencións do rendemento ó traballo, estipuladas legalmente.

SEXTA: Natureza xurídica da relación.

A condición de bolseiro/a en virtude da convocatoria non xerará ningún tipo de relación de carácter laboral ou contractual co Concello de Vigo. Os titulares da bolsa serán única e exclusivamente beneficiarios dunha subvención para a obtención da debida formación profesional, sen que exista relación de servizos profesionais co Concello de Vigo e sen que implique a devandita axuda económica unha contraprestación dos traballos que eventualmente se realicen. É dicir, trátase dunha disposición gratuita de fondos públicos, en forma de axuda económica, para fomentar unha actividade de utilidade pública como é a mellora da formación dun sector de marcada importancia na economía local.

A concesión da bolsa tampouco dará lugar á inclusión dos bolseiros/as no Réxime Xeral da Seguridade Social.

SÉTIMA: Contido dos traballos a desenvolver.

- a) *Promoción e apoio á comercialización de produtos turísticos da Concellería.*
- b) *Información ó turista sobre os recursos turísticos da cidade: monumentos, actividades de recreo e ocio, museos, praias, hoteis, transportes, rutas turísticas, gastronomía, espectáculos, feiras, festas, etc., así como calquera outras información que pola súa natureza ofrezca atractivo para o visitante.*
- c) *Facilitar información e atención ó turista para o período estival: oficinas de información, bus turístico, puntos vermellos, atención a cruceiristas, oficina móbil, etc.*
- d) *Elaboración de estadísticas das oficinas de información e servizos turísticos, reflectindo perfil de visitante, medio de transporte, motivación da viaxe, tipo de aloxamento elixido, etc.*
- e) *Actualización do inventario de recursos turísticos.*
- f) *Apoio á realización de estudos e informes de produtos e mercados turísticos emisores.*

Os/as beneficiarios/as das bolsas comprométense á realización das devanditas tarefas con plena disponibilidad, de acordo coas indicacións e horarios que lles sinalen o Xefe do Servizo de Turismo e Comercio, cun límite de trinta e sete horas e media semanais. Todos os horarios estarán suxeitos a cambios se as circunstancias o esixen, sen pasar nunca do límite mencionado.

Turismo de Vigo adxudicará os destinos, reservándose a facultade de adscribir ós bolseiros durante o período de disfrute da bolsa a unha oficina ou servizo diferente do primeiro ó que inicialmente se lle adscribira, se as circunstancias así o aconsellan.

O labor do/a bolseiro/a será incompatible con calquera outra actividade non recollida no seu plan de traballo.

Os/as adxudicatarios/as das bolsas comprométense, asimismo, a entregar unha memoria dos traballos realizados ó finalizar o período da bolsa, así como os datos estadísticos recollidos diariamente durante o desenvolvemento do seu traballo.

Os traballos que os/as bolseiros/as puideran realizar durante o disfrute da bolsa de prácticas, así como a memoria final serán propiedade do Concello de Vigo, que se reserva o dereito da súa publicación e utilización.

Os titulares das bolsas que resulten adxudicatarios/as, asinarán un convenio de colaboración para o desenvolvemento da bolsa en cuestión.

Ós/ás bolseiros/as que o soliciten entregaráselles un certificado conforme realizaron as prácticas de referencia.

OITAVA: Solicitude e prazo.

As solicitudes serán presentadas no Rexistro Xeral do Concello, dentro dos dez días hábiles seguintes á publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia. Poderán remitirse, asemade, ó Rexistro Xeral, no prazo antes mencionado, en calquera das formas previstas na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

A solicitude da bolsa implica o coñecemento e aceptación de todos os termos contidos nestas bases de convocatoria.

NOVENA: Acreditación de requisitos e méritos.

Os/as interesados deberán presentar as súas solicitudes no prazo fixado na convocatoria, acompañada da seguinte documentación, por orde:

- a) Impreso de solicitude
- b) Fotocopia cotexada, por ámbalas dúas caras, do DNI
- c) Currículo vitae e fotografía.
- d) Declaración xurada das axudas de bolsas solicitadas ou concedidas polas administracións pública para o mesmo período.
- e) Fotocopia compulsada do título ou do recibo do depósito do título.
- f) Certificación académica completa ou fotocopia cotexada na que se reflecta a nota global de cada curso).
- g) Certificación acreditativa de ter superada a proba de grao (reválida).
- h) Certificación ou fotocopia compulsada das notas en idiomas obtidas en cada curso realizado en centros nacionais ou estranxeiros recoñecidos, así como certificación do título correspondente no caso de que se teñan finalizado os devanditos estudos. No caso da acreditación de idiomas non se admitirá como documento acreditativo a autoliquidación de taxas para a expedición do correspondente título.
- i) Certificación ou fotocopia compulsada da realización de prácticas ou contrato de traballo que acredite experiencia laboral en axencias de viaxes, hoteis, congresos, feiras, museos, institucións ou organismos vencellados ó turismo, ou calquera outra actividade relacionada co turismo ou a xestión de recursos turísticos. Se o certificado leva o número de horas especificado polo reverso, a fotocopia deberá estar correctamente cotexada polas dúas caras.
- j) Fotocopia compulsada de diplomas acreditativos de asistencia a cursos especializados en turismo, xestión de ocio e tempo libre, ou de contido similar, sempre vencellados á actividade turística.
- k) Fotocopia compulsada de cursos de informática, especificando o número de horas e contido dos cursos en cuestión. Non se valorarán os inferiores a 40 horas.

DÉCIMA: Criterios de avaliación.

Para a valoración dos méritos e titulacións alegadas, terase en conta o seguinte baremo:

1.- Valorarase a nota media obtida ó longo dos estudos de turismo, do seguinte modo:

Sobresáinte: 1 punto.
Notable: 0,5 puntos.

2.- Cursos de formación, ata un máximo de 3 puntos.

Por cada curso complementario vencellado ó turismo (monitor de ocio e tempo libre, xornadas técnicas de turismo, congresos de turismo, etc.) 0,5 puntos.

Máster de Turismo

1 punto

Non se valorarán os cursos inferiores a 20 horas. Non se valorarán os cursos que non acrediten expresamente o contido e o número de horas realizadas, aínda que sexan títulos oficiais expedidos por organismos públicos.

3.- Idiomas

3.a) Por cada curso superado na Escola Oficial de Idiomas, ata un máximo de 2,5 puntos por idioma:

<u>GALEGO</u>	Curso de iniciación de galego ou título homologado	0.25	Non acumulable
	Curso de Perfeccionamiento de galego ou título homologado	0.5	
	Curso de Especialización da Dirección Xeral de Política Lingüística da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria	1	
	Estar a cursar unha Filoloxía distinta da Filoloxía Galega ou Galego-Portuguesa, ou unha titulación universitaria, que posúa materias de Lingua e/ou Literatura galega (como por exemplo Maxisterio) tendo aprobadas dúas destas materias	1	
	Ter cursado nunha Filoloxía distinta da Galega ou Galego-Portuguesa, que posúa materias de Lingua e/ou Literatura galega, ou ter cursado a Diplomatura en Maxisterio, tendo cursado dúas materias de Lingua e/ou Literatura galegas	0,5	
	Ter superado o primeiro ciclo da licenciatura de Filoloxía Galega ou Galego-Portuguesa	1	

0,50 puntos.

3. b) Os méritos que se conteñen no seguinte cadro, valoraranse tal e como se indica, ata un máximo de 2,5 puntos por idioma.

<u>IDIOMA</u>	<u>TITULACIÓN</u>	<u>PUNTUACIÓN</u>	
<u>INGLÉS</u>	First Certificate in English (FCE) University of Cambridge	0.5	Non acumulable
	Certificate in Advanced English (CAE) University of Cambridge	1	
	Certificate of Proficiency in English (CPE) University of Cambridge	1	
	Test of English as a Foreign Language (TOEFL) Certificate (550/213 pt)	1	
	Certificate of Competency in English (ECCE) Michigan University	0.5	
	Certificate of Proficiency in English (ECPE) Michigan University	1	
	Licenciatura en tradución e interpretación, habendo cursado inglés como Segunda lingua estranxeira.	0.5	

	<i>Licenciatura en traducción e interpretación, habendo cursado inglés como Primeira lingua estranxeira.</i>	1	
	<i>Diplomatura en Maxisterio, especialidade Lingua estranxeira – inglés</i>	0.5	
	<i>Primeiro ciclo da Licenciatura en Filoloxía Inglesa</i>	0.5	ac n No
	<i>Licenciatura en Filoloxía Inglesa</i>	1	

<i>FRANCÉS</i>	<i>Diplôme d'Études en Langue Française (DELF) 1er degré</i>	0.5	<i>Non acumulable</i>
	<i>Diplôme d'Études en Langue Française (DELF) 2eme degré</i>	1	
	<i>Diplôme Approfondi de Langue Française (DALF)</i>	1	
	<i>Diplôme de Langue Française (DL) Alliance Française (AF)</i>	0.5	
	<i>Diplôme Supérieur d'Études Françaises Modernes (DS) Alliance Française (AF)</i>	1	
	<i>Diplôme de Hautes Etudes Françaises (DHEF) Alliance Française (AF)</i>	1	
	<i>Licenciatura en traducción e interpretación, habendo cursado francés como Segunda lingua estranxeira</i>	0.5	
	<i>Licenciatura en traducción e interpretación, habendo cursado francés como Primeira lingua estranxeira</i>	1	
	<i>Diplomatura en Maxisterio, especialidade Lingua estranxeira – francés</i>	0.5	
	<i>Primeiro ciclo da Licenciatura en Filoloxía Francesa</i>	0.5	<i>Non acumulable</i>
<i>Licenciatura en Filoloxía Francesa</i>	1		

<i>ALEMÁN</i>	<i>Zertifikat Grundstufe III Goethe-Institut Inter Nationes (GIIN)</i>	0.5	<i>Non acumulable</i>
	<i>Zertifikat Deutsch als Fremdsprache (ZDaF) Goethe-Institut Inter Nationes (GIIN)</i>	1	
	<i>Zentrale Mittelstufenprüfung (ZMP) Goethe-Institut Inter Nationes (GIIN)</i>	1	
	<i>Zentrale Oberstufenprüfung (ZOP) Goethe-Institut Inter Nationes (GIIN)</i>	1	
	<i>Kleines Deutsches Sprachdiplom (KDS) Goethe-Institut Inter Nationes (GIIN)</i>	1	
	<i>Licenciatura en traducción e interpretación, habendo cursado alemán como Segunda lingua estranxeira</i>	0.5	

	<i>Licenciatura en traducción e interpretación, habendo cursado alemán como Primeira lingua estranxeira</i>	1	Non acumulable
	<i>Primeiro ciclo da Licenciatura en Filoloxía Alemana</i>	0.5	
	<i>Licenciatura en Filoloxía Alemana</i>	1	

<u>PORTUGUÉS</u>	<i>Diploma de Lingua Portuguesa (DILP) Universidade de Lisboa (UL)</i>	1	Non acumulable
	<i>Diploma Intermédio de Português Língua Estrangeira (DIPLE)</i>	0.5	
	<i>Diploma Avançado de Português Língua Estrangeira (DAPLE)</i>	1	
	<i>Diploma Universitário de Português Língua Estrangeira (DUPLE)</i>	1	
	<i>Segundo nivel de Cursos de verán (Curso de férias) para estranxeiros, estruturados en 2 niveis, de Portugués, Língua Portuguesa, Língua e Literatura Portuguesa ou Língua e Cultura Portuguesa, en calquera universidade portuguesa ou da Sociedade da Língua Portuguesa (SLP)</i>	0.5	
	<i>Segundo nivel de Cursos de verán (Curso de férias) para estranxeiros, estruturados en 3 ou máis niveis, de Portugués, Língua Portuguesa, Língua e Literatura Portuguesa ou Língua e Cultura Portuguesa, en calquera universidade portuguesa ou da Sociedade da Língua Portuguesa (SLP)</i>	1	
	<i>Curso de 1 ano lectivo de Portugués, Língua Portuguesa, Língua e Literatura Portuguesa ou Língua e Cultura Portuguesa, para estranxeiros, en calquera universidade portuguesa</i>	1	Non acumulable
	<i>Primeiro ciclo da Licenciatura en Filoloxía Portuguesa</i>	0.5	
	<i>Licenciatura en Filoloxía Portuguesa ou Galego-Portuguesa</i>	1	
	<i>Certificación académica de calquera Facultade de Filoloxía (excepto Filoloxía Portuguesa ou Galego-Portuguesa) ou Traducción onde consten 10 créditos* nas materias: Introducción á Língua Portuguesa, Língua Portuguesa, Língua e Cultura Portuguesa ou Gramática Portuguesa. (* O crédito corresponde a 10 horas de ensino teórico, práctico ou o seu equivalente).</i>	0.5	

	<i>Certificación académica de calquera Facultade de Filoloxía (excepto Filoloxía Portuguesa ou Galego-Portuguesa)ou Traducción onde consten 15 créditos* nas materias anteriores. (* O crédito corresponde a 10 horas de ensino teórico, práctico ou o seu equivalente).</i>	1	
--	--	---	--

<i>ITALIANO</i>	<i>2º curso do Instituto Italiano de Cultura</i>	0.5	<i>Non acumulable</i>
	<i>3er curso do Instituto Italiano de Cultura</i>	1	
	<i>Certificato di Conoscenza della Lingua Italiana, Livello 3 (CELI 3) Università per Stranieri, Perugia (USP)</i>	0.5	
	<i>Certificato di Conoscenza della Lingua Italiana, Livello 4 (CELI 4) Università per Stranieri, Perugia (USP)</i>	1	
	<i>Certificazione di Italiano come Lingua Straniera, Livello 2 (CILS 2) Università per Stranieri di Siena</i>	0.5	
	<i>Certificazione di Italiano come Lingua Straniera, Livello 3 (CILS 3) Università per Stranieri di Siena</i>	1	
	<i>Certificado de Italiano come Lingua Due (IT2) Università di Roma 3</i>	1	
	<i>Licenciatura en traducción e interpretación, habendo cursado italiano como Primeira lingua estranxeira</i>	1	
	<i>Primeiro ciclo da Licenciatura en Filoloxía Italiana</i>	0.5	<i>Non acumulable</i>
	<i>Licenciatura en Filoloxía Italiana</i>	1	

c.3) Tódolos cursos non citados anteriormente valoraranse con 0.30 puntos e deberán ser sempre superiores a 70 horas, ata un máximo de 2 puntos por idioma.

Non se valorarán estes cursos se non acreditan o número de horas. Para a acreditación destes méritos deberá aportarse certificación académica ou fotocopia compulsada das notas ou calificacións obtidas. Non se valorarán aqueles cursos de idiomas que non se acrediten deste modo e non se terán en conta como acreditación os documentos de autoliquidación de taxas para a obtención do título correspondente.

d) 0.40 puntos por cada mes de prácticas ou contrato de traballo que acredite experiencia laboral en oficinas de información turística, ata un máximo de 3 puntos.

O contrato de traballo ou certificado de prácticas deberá especificar, necesariamente, o número de horas traballadas ó mes. Non se valorarán os contratos ou certificacións inferiores a un mes. A puntuación por este concepto valorarase en función do número de horas traballadas ó cabo do mes, de forma proporcional, considerando o mínimo de xornada mensual a de 80 horas/mes. Concederáselle 0.40 puntos por cada mes traballado a xornada completa, as xornadas inferiores a esta se valorarán proporcionalmente con aquela.

e) *Por cada mes de prácticas ou contrato de traballo que acredite experiencia laboral en axencias de viaxes, hoteis, congresos, feiras, museos, institucións ou organismos vencellados ó turismo, ou calquera outra actividade relacionada co turismo ou a xestión de recursos turísticos, ata un máximo de 3 puntos. 0,30 puntos.*

O contrato ou certificado de prácticas ou traballo deberá especificar, necesariamente, o número de horas traballados ó mes. Non se valorarán os contratos ou certificacións inferiores a un mes. A puntuación, por este concepto, valorarase en función do número de horas traballados ó cabo do mes, de forma proporcional, considerando o mínimo de xornada mensual a de 80 horas/mes. Concederanse 0,30 puntos, por cada mes traballado a xornada completa (80 horas), as xornadas mensuais inferiores a esta valoraranse proporcionalmente con aquela.

IMPORTANTE: os apartados d) e e) non son acumulables. O máximo de punto é 3 incluíndo os dous apartados.

f) *Por cada curso de informática en centros recoñecidos, ata un máximo de 1 punto. 0,15 puntos.*

Non se valorarán os cursos inferiores a 40 horas. Non se terán en conta os cursos de mecanografía e tampouco se valorarán aqueles que non especifiquen o contido e número de horas.

No caso de que dous ou máis aspirantes acaden a mesma puntuación no concurso, a selección realizarase mediante unha entrevista persoal cos/coas candidatos/as. A entrevista poderá incluír proba de coñecemento de idiomas, escrita ou oral.

Asemade, no caso de que dous ou máis aspirantes acaden a mesma puntuación, terá prioridade aquel/a que non teña realizado prácticas con anterioridade na Concellería.

No caso de que, unha vez adjudicada a bolsa de estudos, xurdisen renuncias, adxudicáraselle automaticamente a axuda ó seguinte aspirante en puntuación, procedéndose do mesmo xeito en renuncias sucesivas.

DÉCIMA: Avaliación e Resolución.

As solicitudes presentadas serán valoradas de acordo cos criterios mencionados na cláusula anterior, por unha comisión de avaliación, que se constituirá a tal efecto. A comisión de avaliación estará presidida pola Concelleira de Turismo e Comercio, e formará parte dela o Xefe do servizo de Turismo e Comercio, e unha funcionaria do departamento de Turismo, actuará como secretaria unha funcionaria do departamento.

A Comisión de Avaliación realizará unha lista cos aspirantes admitidos e non admitidos, neste último caso, expresarase a razón da exclusión.

A Comisión de Avaliación poderá realizar proba de idiomas ós aspirantes admitidos.

A Comisión de Avaliación puntuará os méritos alegados polos candidatos conforme ó baremo previsto nas bases.

Unha vez realizada a valoración, a Concellería de Turismo elevará proposta á Xunta de Goberno Local para que adxudique as bolsas a aqueles aspirantes que acadaran a maior puntuación.

O prazo máximo para resolver e notificar a resolución do procedemento non poderá exceder de catro meses. O prazo computarase a partir da publicación da correspondente convocatoria.

DECIMO PRIMEIRA: Notificación e publicación.

Á vista da proposta de resolución que formule a Concellería de Turismo, a Xunta de Goberno Local resolverá a adxudicación das bolsas, de conformidade co establecido nesta convocatoria.

A devandita resolución esgota a vía administrativa e contra ela poderá interpoñerse recurso de reposición ante o mesmo órgano que o dictou, ou ser impugnada ante a xurisdicción contencioso-administrativa, de acordo co artigo 116 da lei 30/1992, de 26 de novembro.

A resolución do procedemento notificarase ós interesados de acordo co previsto no artigo 58 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

A concesión da subvención notificarase persoalmente ós interesados/as nos domicilios consignados a estes efectos na solicitude. Os/as adxudicatarios/as están obrigados no prazo de cinco días naturais a comunicar á Concellería de Turismo a aceptación ou renuncia das bolsas por escrito.

No caso de aceptación, achegarse a ésta certificación bancaria da conta onde se aboará a axuda de referencia ó titular da mesma, unha vez finalizadas as prácticas e realizados todos os trámites administrativos de xustificación da subvención.

Se unha vez aceptada a bolsa, o adxudicatario renunciara a ela, deberá facelo de forma justificada. En todo caso, se a renuncia se producise durante os quince primeiros días de desfrute da mesma, o beneficiario non terá dereito a percibir ningunha contía polo período traballado.

Se transcorridos cinco días non se fixese manifestación en ningún sentido, tal feito entenderase como renuncia á bolsa e ésta concederase ó seguinte aspirante por orde de puntuación.

A relación das persoas que resulten designadas como bolseiros/as será publicada no Boletín Oficial da Provincia, en aplicación do artigo 18 da Lei Xeral de Subvencións, 38/2003.

DECIMO SEGUNDA: Incumprimento das obrigas.

A Xunta de Goberno Local poderá anular as axudas concedidas, a proposta do Departamento de Turismo, se media informe negativo do incumprimento das obrigas e previa audiencia das partes.

Dada a natureza da bolsa que se concede, consideraranse incumprimento graves do obxecto da convocatoria e conlevaría a revocación ou interrupción da axuda concedida:

- 1.- O incumprimento de calquera das obrigas previstas nas bases desta convocatoria.
- 2.- Non comezar no prazo que se sinale o desenvolvemento das prácticas.
- 3.- Non realizar as actividades previstas cun nivel de adicación satisfactorio.
- 4.- Non presentar a memoria acreditativa do traballo realizado.
- 5.- Fallas de puntualidade ou de asistencia non xustificadas ou reiteradas.

DECIMO TERCEIRA: Control de cumprimento do obxecto.

O control do cumprimento do obxecto, condicións e finalidade das bolsas concedidas efectuarase de conformidade co disposto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, coas presentes bases da convocatoria e coa Base 38ª das de Execución do Presuposto actualmente en vigor.

As bolsas estarán suxeitas ó rexime de infraccións e sancións que, en materia de subvencións, establece a devandita Lei.

DÉCIMO CUARTA: *Consideracións Xerais.*

En todo o non recollido nestas bases lle será de aplicación directa a Lei 38/2003, de 17 de novembro.

65(258).-EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE IMPRESOS, MATERIAL DE OFICINA E PAPEL DE FOTOCOPIADORA PARA O CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 1109/241.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o prego de cláusulas administrativas e os tres anexos para a contratación da subministración de impresos, material de oficina e papel de fotocopiadora para o Concello de Vigo, do 15.02.06, o informe xurídico de 15.03.06 e de acordo co informe-proposta do xefe de negociado de Contratación, do 15.03.06, conformado polo concelleiro da Área de Xestión municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Autorizar o gasto de 96.000 euros para a subministración de material de oficina, impresos e papel de fotocopiadora no ano 2006. Este gasto imputarase a partida 121.6.220.00.02. do vixente presuposto.

2º.- Aprobar o prego de condicións administrativas para a subministración de impresos, material de oficina e papel de fotocopiadora para o concello de Vigo e os anexos 1, 2 e 3 ó mesmo.

3º.- Convocar o concurso para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

66(259).-CONTRATACIÓN DA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE ENSINANZAS DA ESCOLA MUNICIPAL DE DANZA. EXPTE. 1137/241.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, vistas as bases técnicas para a contratación para contratar o servizo de xestión e ensinanzas da Escola Municipal de Danza do Concello de Vigo, do 24.10.01, o prego de cláusulas administrativas para dita contratación, do 20.02.06; visto o informe xurídico de 2.03.06 e de acordo co informe-proposta do xefe de negociado de Contratación, do 20.02.06,

conformado polo xefe de Área de Contratación e Novos Proxectos e polo concelleiro da Área de cultura e Animación Sociocultural e Festas, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Autorizar o gasto de 45.116,61 euros para a execución do contrato de prestación do servizo de ensinanzas da Escola Municipal de Danza, que se imputará á partida 4512.227.06.01 do presuposto do ano 2006.

2º.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas para a contratación por procedemento negociado da prestación do servizo de ensinanzas da Escola Municipal de Danza.

3º.- Contratar con D. Wenceslao Cabezas del Toro a execución de dito contrato por un importe de 45.116,61 euros.

67(260).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, a Sra. presidenta rematou a sesión ás nove horas e trinta minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Lucía Molaes Pérez